



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 17 de XANEIRO de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día dezasete de xaneiro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(14).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 10 de xaneiro de 2025 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(15).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ADECUACIÓN DE PARCELAS PARA CUMPRIMENTO DA LEI DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA. EXPTE. 50842/446.

Visto o informe de fiscalización de data 10/01/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 08/01/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

e) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de adecuación de parcelas para cumprimento da Lei de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (50842-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de adecuación de parcelas para cumprimento da Lei de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (50842-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de xullo de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada de tramitación ordinaria, do contrato de servizos para ADECUACIÓN DE PARCELAS PARA CUMPRIMENTO DA LEI DE PREVENCIÓN E DEFENSA DOS INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 9 de maio de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 20 de xuño de 2024.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 385.500,00€, que inclúe un IVE de 66.904,96 €, o cal se imputará á aplicación orzamentaria 1710.2279900 “DESBROCE E LIMPEZA DE MASA VEXETAL FINCAS RISCO INCENDIO”, distribuído nas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	Importe con IVE
2024	85.500,00 €
2025	200.000,00 €
2026	100.000,00 €
Total	385.500,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 17 de decembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

“Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 17 de decembro de 2024 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, SL neste procedemento.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de adecuación de parcelas para cumprimento da Lei de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (50842-446) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación final
1	EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, SL	90,22
2	SERVITEC MEDIOAMBIENTE, SL	89,07
3	VIGALCO,SL	54,27
4	EMDESFOR 2002, SL	46,67

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais (e materiais) esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, SL, o día 17 de decembro de 2024, que presenta a documentación requirida o 20 de decembro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, xunto coa declaración de vixencia dos datos que figuran no mesmo, no que figura a constitución da mercantil.
- A escritura de constitución da licitadora, na que figuran os estatutos e o nomeamento do representante, e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.

- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (134.925,00 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (134.925,00 €), presentan certificado de boa execución no que a suma dos importes do ano 2021 supera esta cantidade.
- Acreditación da habilitación profesional esixida no apartado 5.G) do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Solicitude de retención no prezo do contrato do un importe da garantía definitiva.
- Certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 8 de xaneiro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 2 de outubro de 2024 e 11 e 12 de decembro de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, SL o procedemento aberto para a contratación dos servizos de adecuación de parcelas para cumprimento da Lei de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (50842-446) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 385.500,00 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 66.904,96 € euros.*
- b) Propón un 24,55 % como porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G.1 do Anexo I - FEC - do PCAP para as unidades do servizo.*
- c) Incrementa nun 52,00 % os prezos unitarios para o alleamento de cada unha das especies arbóreas sinalados no apartado 3.G.2 do Anexo I -FEC- do PCAP.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(16).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO A TODO RISCO DE DANOS MATERIAIS PARA AS COLECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL ADSCRITAS Á CONCELLERÍA DE CULTURA. EXPTE. 3770/341.

Visto o informe de fiscalización de data 13/01/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 10/01/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (3770-341)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (3770-341)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e simplificado, de póliza de seguro todo risco de danos materiais para as coleccións do Patrimonio Cultural adscritas á Concellería de Cultura.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas e os seus anexos que rexerá a citada contratación, de data 19 de setembro de 2024, redactados polo xefe do Servizo de Museos.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 15 de novembro de 2024, redactado pola xefa do Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 60.000 € (sesenta mil), sen IVE ao estar os contratos de seguros exentos de IVE, con cargo á aplicación orzamentaria 3330.224.00.00 (“Seguros coleccións e inmobles”) do orzamento municipal según o seguinte:

- Anualidade 2025: 30.000 €

- Anualidade 2026: 30.000 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 26 de decembro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (3770-341) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación
1	LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA	99,65
2	XL INSURANCE COMPANY SE SUCURSAL EN ESPAÑA	96,00
3	MAPFRE ESPAÑA, SA	47,06

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA (W0069547H), para que presente, no



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

prazo de sete días hábiles, a documentación esixida nas cláusulas 9 e 18.1 do PCAP:

- *Acreditación da súa inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, segundo o esixido na cláusula 8.2 do PCAP ("Para participar neste procedemento os licitadores deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou, no seu caso, no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas. Para estes efectos, tamén se considerará admisible que o licitador acredite ter presentada a solicitude de inscrición no Rexistro correspondente xunto coa documentación preceptiva para ela, sempre que a dita solicitude teña data anterior á data límite de presentación do ofertas. A acreditación desta circunstancia realizarase achegando o xustificante de recepción da solicitude expedido polo Rexistro correspondente, e unha declaración responsable de ter achegado a documentación preceptiva e de non ter recibido solicitude de rectificación") que permitirá comprobar se a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, non está incurso en ningunha prohibición para contratar e, no seu caso, posúe a habilitación profesional esixida (cláusula 18.1.3º).*

Se algún destes datos non figurase no Rexistro, deberá achegarse a documentación esixida na cláusula 9.1.1º, 2º e 7º (documentos acreditativos da personalidade xurídica, documentos acreditativos da representación e habilitación profesional, respectivamente).

- *Acreditación da constitución garantía definitiva.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica, esixida na cláusula 9.1.3º e 4º do PCAP.*
- *Anexo IV co nomeamento do/a delegado/a do contrato coas funcións descritas na cláusula 28.10 deste prego, o acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, a declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para o contratista, a declaración de non estar incurso en prohibición para contratar e a declaración de vixencia dos datos do Rexistro de contratistas."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA, o día 26 de decembro de 2024, que presenta a documentación requirida os días 7 e 8 de xaneiro de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil, o obxecto social e o nomeamento do seu representante. Asemade presentan a escritura de constitución con obxecto social e a de nomeamento do seu representante xunto co seu DNI.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (21.000,00 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.

- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (21.000,00 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2022 supera esta cantidade.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Acreditación da habilitación profesional esixida na cláusula 9.1.7º) do PCAP
- Xustificante de ingreso por un importe de 2.073,87 € que cobre a garantía definitiva requirida.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 10 de xaneiro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA, de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula de data 20 de decembro de 2024.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA o procedemento aberto simplificado para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Concellería de Cultura (3770-341) por un prezo total de 41.477,42 euros (IVE exento) e coas seguintes condicións:

- a) Incrementa o límite mínimo por viaxe e/ou expedición sinalado na cláusula cuarta do PPT (600.000,00 euros) en 600.000 euros (total límite 1.200.000 euros).
- b) Inclúe na oferta a cobertura automática para aquelas exposicións temporais organizadas pola Concellería de Cultura do Concello de Vigo, realizadas en base a elementos propiedade de terceiros, baixo calquera réxime de custodia: SI - Esta cobertura terá un límite por exposición de 600.000,00 euros e 1.200.000,00 euros por ano. As comunicacións deste tipo de exposición deben ser realizadas ao asegurador de forma previa para o seu coñecemento.
- c) Inclúe na oferta as seguintes coberturas:
 - Inclusión da cobertura para os danos sufridos polos bens asegurados por cambios de temperatura e humidade no ambiente, condensación, influencia progresiva do frío e a calor, danos por cambios de cor producidos pola acción da luz natural ou artificial ou por calquera outra causa: SI
 - Inclusión da cobertura para os danos por contaminación, polución ou calquera outro tipo de residuo, así como o custo de extracción dos materiais contaminantes e os gastos para substituír o ben danado: c) Inclusión da cláusula de renuncia á subrogación de dereitos, mediante a cal o asegurador renuncia expresamente a subrogarse nos dereitos do asegurado para exercer calquera acción de recobro como consecuencia da indemnización dun sinistro contra embaladores, carrexadores e propietarios da sala que alberga a exposición ou calquera outra persoa ou entidade relacionada co manexo, transporte e instalación das obras aseguradas, excepto cando os danos indemnizados fosen causados por negligencia grave ou conduta dolosa das devanditas persoas ou entidades: SI
 - Inclusión da cláusula de exoneración de transportistas, mediante a que a aseguradora exonerará de responsabilidade ao transportista fronte ás mercadorías con suxeición aos seguintes casos: SI
 - Operacións de carga, descarga e transporte (non se inclúe neste apartado os danos que as mercadorías poidan causar a terceiros)
 - Sempre que non exista falta grave do transportista.
 - Inclusión de cláusula de divisas SI
 - Inclusión de cláusula de gastos de recompensa e recuperación de obxectos perdidos SI
 - Inclusión de cláusula de limpeza de escombros SI
 - Inclusión de cláusula de arbitraxe SI
 - Inclusión de cláusula de gastos por transporte e almacenaxe durante as situacións de emerxencia SI
 - Inclusión de cláusula por falecemento de artista SI
 - Inclusión de cláusula de título defectuoso SI

- *Inclusión de cláusula de 72 horas SI*
- *Inclusión de cláusula por insuficiencia de embalaxe SI*
- *Inclusión de cláusula de franquía do Consorcio de Compensación de seguros SI*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(17).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN CONTORNAS PATRIMONIAIS DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO: LOTE 1. EXPTE. 1988/441.

Visto o informe de fiscalización de data 13/01/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 08/01/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en contornas patrimoniais das parroquias do Concello de Vigo" (1988-441) (lote 1)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en contornas patrimoniais das parroquias do Concello de Vigo" (1988-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de setembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ENTORNOS PATRIMONIAIS DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. M^a Trinidad López Rodríguez.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 04.09.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN CENTO CORENTA E CATRO MIL OITOCENTOS NOVENTA EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (1.144.890,57 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 198.700,02 €.

O importe total atópase dividido segundo a seguinte distribución en lotes:

	Lote Leste	Lote Oeste
Importe Sen IVE	550.992,09 €	395.198,46 €
IVE	115.708,35 €	82.991,67 €
TOTAL	666.700,44 €	478.190,13 €

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof.), proxecto de gasto 24153206, segundo a seguinte distribución de anualidades:

	Lote Leste	Lote Oeste	Total
2024	648.000,00 €	467.486,05 €	1.115.486,05 €
2025	18.700,44 €	10.704,08 €	29.404,52 €
TOTAL	666.700,44 €	478.190,13 €	1.144.890,57 €

Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 27 de novembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en contornas patrimoniais das parroquias do Concello de Vigo" (1988-441) (Lote 1 - Oeste) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA)	98,21
2	UTE ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, SL - ASFALTOS GALAICOS, SL	97,21

	Licitador	Puntuación total
3	NAROM, SL	96,26
4	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	88,87
5	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL	85,41

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA) (Lote 1 - Oeste), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA), o día 27 de novembro de 2024, que presenta a documentación requirida o día 3 de decembro de 2024, dentro do prazo concedido e o día 16 do mesmo mes fora do devandito prazo. Con respecto a esta última documentación, presentada fora do prazo concedido, en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda da documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitila.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da mercantil, o nomeamento do seu apoderado e os certificados positivos de cumprimento de obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA) e coa Seguridade Social.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación obrigatoria (G-4-4) presentan a clasificación G-4-6.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación obrigatoria (G-4-4) presentan a clasificación G-4-6.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- Seguro por un importe de 16.153,74 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 8 de xaneiro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 11 e 21 de novembro de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA) o lote 1 (Oeste) do procedemento aberto para a contratación das obras de "Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en contornas patrimoniais das parroquias do Concello de Vigo" (1988-441) cun prezo total do contrato de 390.920,42 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 93.897,31 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(18).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO SANITARIO ASISTENCIAL DE CEDRO. EXPTE. 3007/315.

Visto o informe de fiscalización de data 13/01/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial de CEDRO (3007-315)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial de CEDRO (3007-315)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de outubro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, do servizo sanitario asistencial de apoio á UAD CEDRO do Concello de Vigo, que inclúe a xustificación da necesidade e idoneidade do contrato (trámite n.º 3), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 15), con Anexo I de medios materiais (trámite n.º 16), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (trámite n.º 72) e a demais documentación necesaria.

SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (952.013,38€, IVE incluído), que se imputará á aplicación nº 3112.227.99.01 (“Xestión de servizos asistenciais de CEDRO”) dos orzamentos municipais, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

•2024: 79.334,45€



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

•2025: 872.678,93€

Prórroga:

•2025: 79.334,45€

•2026: 872.678,93€

TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 23 de decembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial de CEDRO (3007-315) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, SA	74,18
2	CLECE, SA	30,70

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, SA, o día 26 de decembro de 2024, que presenta a documentación requirida o 3 de xaneiro de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil e o obxecto social e o nomeamento do seu representante.
- A escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.

- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (1.211.653,39 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (666.409,37 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2022 supera esta cantidade.
- Documento da Tesourería do Concello certificando ingreso por un importe de 42.797,35 € que cobre a garantía definitiva requirida.

Ademais desta documentación, figura no expediente o certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Vigo e o certificado de inscrición no Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia onde figuran os certificados positivos de cumprimento de obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA) e coa Seguridade Social.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 13 de xaneiro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, *acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada*. A maioría dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 10 e 16 de decembro de 2024.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA o procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial de CEDRO (3007-315) con un prezo total do contrato de 941.541,70 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 85.594,70 euros. coas seguintes condicións:

- a) *Comprométese a substitución dos auxiliares de clínica durante as vacacións:*

- Substitución vacacións 4ª auxiliar clínica (quenda de mañá)*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(19).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN PARCIAL DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAIS DE NAVIA. EXPTE. 24685/332.

Visto o informe xurídico do 30/12/2024 e o informe de fiscalización de data 10/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/12/2024, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas e conformado pola concelleira delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2020, aprobou o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal (EIMs) de Navia - expediente 24685/332), así como, o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 24/11/2020 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 28/12/2020 que rexen a licitación, maillo gasto por importe de 1.197.382,52 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

2.- Adxudicación do contrato: En relación ao procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Navia, a Xunta de Goberno Local en sesión do 5 de marzo de 2021 acordou adxudicar á COLEGIO LOS MILAGROS S.L. (B-36.626.109) o procedemento para a xestión da EIM “Navia” por un prezo total de 1.089.000,00 euros (exento de IVE) e coas seguintes propostas: Incrementar as horas de

adicación do servizo de orientación familiar de 13 horas semanais e achegar materiais didácticos por importe de 7.000,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 30/12/2020 e a oferta presentada.

3.- Prazos: O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos de execución do contrato na cláusula 26:

“1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.”

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

“A) PRAZO TOTAL: 4 anos.

B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan.

C) PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: un ano de duración”

4.- Formalización do contrato: Os contratos foi formalizado en data 5 de abril de 2020 entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria (COLEGIO LOS MILAGROS S.L.), establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que *“O prazo do contrato é de catro anos, contado a partir do 8 de abril de 2021. Contémplase unha prórroga dun ano de duración.”* En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 7 de abril de 2025.

5.- Preaviso da prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) aprobado para esta contratación establece que *“este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses”.*”

En data 5 de decembro de 2024, a adxudicataria recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga de un ano para o contrato dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal “Navia”, conforme ao estipulado no mesmo.

6.- Prestación do servizo: A prestación dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Navia por parte da empresa adxudicataria (Colegio Los Milagros SL) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como nas correspondentes ofertas. Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 08/04/2025 e o 07/04/2026.

7.- Orzamento: O prezo total do contrato para catro anos quedou aprobado polo importe de 1.089.000,00 euros euros, sendo o prezo por anualidade de 272.250,00 euros.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

No apartado 3K das Follas de características do contrato do PCAP aprobado para esta contratación indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 272.250,00 euros, exenta de IVE, co seguinte desglose por exercicios orzamentarios: 192.225,00 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2025 (do 8 de abril ao 31 de decembro) e 80.025,00 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2026 (do 1 de xaneiro ao 7 de abril); este gasto podería imputarse á aplicación orzamentaria 3230.227.9905 (Escola Infantil de Navia).

8.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017.

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previos informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Navia (expte. 24685/332) para o período comprendido entre o 08/04/2025 e o 07/04/2026, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 272.250,00 euros correspondente á prórroga do contrato, a favor de Colegio Los Milagros SL, CIF B-36.626.109. Este gasto imputarase con cargo aos seguintes exercicios da aplicación orzamentaria 3230.227.9905 (Escola Infantil de Navia):

- Exercicio orzamentario 2025 (do 8 de abril ao 31 de decembro): 192.225,00 euros
- Exercicio orzamentario 2026 (do 1 de xaneiro ao 7 de abril): 80.025,00 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(20).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE DE EMPREGO: LOTES 8, 9 E 10. EXPTE. 21282/77.

Visto o informe xurídico do 27/12/2024 e o informe de fiscalización de data 10/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/12/2024, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado polo concelleiro delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

- LOTE VIII. PLANIFICACIÓN E DESEÑO DE XARDÍNS (PAISAXISMO); PODAS ORNAMENTAIS E PODAS FORESTAIS

- LOTE IX. APLICADOR DE PRODUTOS FITO-SANITARIOS E BIOCIDAS; TRATAMENTO DE RESTOS E RESIDUOS FORESTAIS E VEXETAIS, RECICLAXE; e TRATAMENTO E ERRADICACIÓN DE ESPECIES INVASORAS
- LOTE X. CURSO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de decembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar os seguintes lotes do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (expediente 19.756-77):

a.a O lote VIII a NORFORMACIÓN, S.L., por un prezo de 4.998,00 € (IVE exento), coas seguintes condicións:

- > Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 11,00 %.*
- > Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas de máis de 1.000 horas.*

a.b O lote IX a NORFORMACIÓN, S.L., por un prezo de 14.280,00 (IVE exento), coas seguintes condicións:

- > Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 11,00 %.*
- > Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas de 601 a 800 horas.*

a.c O lote X a NORFORMACIÓN, S.L., por un prezo de 9.000,00 (IVE exento), coas seguintes condicións:

- > Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 22,50 %.*
- > Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas de 601 a 800 horas.

(...)

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

II. Con data 08/02/2024, a Concelleira delegada de Contratación asinou os contratos de cada un dos lotes co representante da entidade mercantil NORFORMACIÓN, S.L..

Segundo o disposto no apartado 7.3 do PCAP estes contratos poderán ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses.

O apartado 4.C das FEC prevé unha (1) prórroga de un (1) ano de duración e a cláusula catro dos contratos dispón que o prazo de duración do contrato é de 1 ano, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo pola Concelleira delegada de Contratación, prevéndose 1 prórroga de un ano de duración.

O contratos foron formalizados con data 08/02/2024 iniciándose a súa execución ao día seguinte (09/02/2024), polo que, o seu prazo finalizará o 08/02/2025.

III. De acordo co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e conforme á previsión contida nos pregos e demais documentación do contrato, iníciase o presente expediente para a prórroga de un (1) ano do contrato, durante o período comprendido entre o 09/02/2025 – 08/02/2026.

IV. A través da notificación co número de saída 164942-2024-1, recibida o 05/11/2024, se comunicou á adxudicataria o preaviso da prórroga do contrato.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), dispón que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Segundo o disposto no dito precepto, a prórroga acordarase polo órgano de contratación sendo obrigatoria para o empresario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Así mesmo, o apartado 7.3 do PAC dispón que o poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

A través da notificación co número de saída 164942-2024-1, recibida o 05/11/2024, se comunicou á adxudicataria o preaviso da prórroga do contrato coa antelación mínima exixida no citado artigo 29.2 da Lei 9/2017 e apartado 7.3 do PAC.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato dispón, na cláusula 7.1, que o prazo do contrato será o establecido no apartado 4.A das Follas de Características do Contrato (FEC), o cal contempla un prazo de un ano. Deste xeito, téndose iniciado a execución a partir do día seguinte á súa formalización (08/02/2024), con data 09/02/2024, o seu prazo finalizará o vindeiro 08/02/2025.

En relación co anterior, no apartado 4.C FEC, se prevé unha prórroga dun ano de duración.

II. Na actualidade, o servizo de Formación para o Emprego (Lotes, VIII, IX e X) se desenvolve conforme o disposto no prego de condicións técnicas.

III. Durante o período de duración da prórroga, atendendo ao disposto no artigo 29.2 da LCSP, as características do contrato permanecerán inalterables.

IV. A prórroga do contrato terá uns importes (IVE exento) de: Lote VIII: 4.998,00 €, Lote IX: 14.280,00 € e Lote X: 9.000,00 €, os cales se imputarán á aplicación orzamentaria 2410 2279913 “FORMACIÓN PROGRAMAS DE EMPREGO, nas anualidades que se indican de seguido:

LOTE	Exercicio	Importe	Importe total lote
VIII	2025	4.450,27	4.998,00 €
	2026	547,73	
IX	2025	12.715,07	14.280,00 €
	2026	1.564,93	
X	2025	8.013,70	9.000,00 €
	2026	986,30	

V. Debido á necesidade de garantir a prestación do servizo faise necesario tramitar a prórroga do contrato servizo de Formación para o Emprego (Lotes, VIII, IX e X) (expte. 19756/77)

VI. A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”

VII. O órgano competente para acordar a prórroga dos contratos é a Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP).

Á vista do exposto anteriormente e das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución da Alcaldía do 19 de xuño de 2023 aprobando a Estrutura da



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Administración do Concello de Vigo, Resolución de Alcaldía de 21 de xuño de 2023 aprobando a delegación de competencias xenéricas nos concelleiros de Área de Goberno e concelleiros delegados, e acordos da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 aprobando a "Delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias) e do 28 de xuño de 2024, e conforme ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na cláusula 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e nos apartados 4.A e 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades expostas, e previo informe de Intervención, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a aprobación do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Autoriza-la prórroga de UN ANO do contrato de servizo servizo de Formación para o Emprego (Lotes, VIII, IX e X) (expte. 19756/77) adxudicado a NORFORMACIÓN, S.L. (B36343218) por acordo de Xunta de Goberno Local do 29 de decembro de 2023, para o período comprendido entre 09/02/2025 – 08/02/2026, polos seguintes importes (IVE exento):

- Lote VIII *PLANIFICACIÓN E DISEÑO DE XARDÍNS (PAISAXISMO); PODAS ORNAMENTAIS E PODAS FORESTAS*: 4.998,00 €
- Lote IX *APLICADOR DE PRODUCTOS FITO-SANITARIOS E BIOCIDAS; TRATAMENTO DE RESTOS E RESIDUOS FORESTAS E VEXETAIS, RECICLAXE; e TRATAMENTO E ERRADICACIÓN DE ESPECIES INVASORAS*: 14.280,00 €
- Lote X *CURSO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES*: 9.000,00 €

que se imputarán á aplicación orzamentaria 2410 2279913 "FORMACIÓN PROGRAMAS DE EMPREGO", manténdose inalterables, no período de prórroga, as características do contrato.

SEGUNDO: Autorizar e comprometer o gasto da prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo importe (IVE exento) de:

- Lote VIII *PLANIFICACIÓN E DISEÑO DE XARDÍNS (PAISAXISMO); PODAS ORNAMENTAIS E PODAS FORESTAS*: 4.998,00 €
- Lote IX *APLICADOR DE PRODUCTOS FITO-SANITARIOS E BIOCIDAS; TRATAMENTO DE RESTOS E RESIDUOS FORESTAS E VEXETAIS, RECICLAXE; e TRATAMENTO E ERRADICACIÓN DE ESPECIES INVASORAS*: 14.280,00 €
- Lote X *CURSO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES*: 9.000,00 €

os cales se imputarán á aplicación orzamentaria 2410 2279913 "FORMACIÓN PROGRAMAS DE EMPREGO" distribuídos nas seguintes anualidades:

LOTE	Exercicio	Importe
VIII	2025	4.450,27 €
	2026	547,73 €

IX	2025	12.715,07 €
	2026	1.564,93 €
X	2025	8.013,70 €
	2026	986,30 €

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(21).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO: LOTE 11. EXPTE. 21285/77.

Visto o informe xurídico do 27/12/2024 e o informe de fiscalización de data 10/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/12/2024, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado polo concelleiro delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

- LOTE XI. CURSO DE TRAMITACIÓN E ADMINISTRACIÓN DIXITAL

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

•Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de decembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar os seguintes lotes do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (expediente 19.756-77):

(...)

a.d O Lote XI a SARARTE, S.L., por un prezo de 12.000,00 (IVE exento), coas seguintes condicións:

> Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 28,10 %.

> Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas de 401 a 600 horas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

II. Con data 05/02/2024, a Concelleira delegada de Contratación asinou o contrato co representante da entidade mercantil SARARTE, S.L..

Segundo o disposto no apartado 7.3 do PCAP este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O apartado 4.C das FEC prevé unha (1) prórroga de un (1) ano de duración e a cláusula catro do contrato dispón que o prazo de duración do contrato é de 1 ano, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo pola Concelleira delegada de Contratación, prevéndose 1 prórroga de un ano de duración.

O contrato foi formalizado con data 05/02/2024 iniciándose a súa execución ao día seguinte (06/02/2024), polo que, o seu prazo finalizará o 05/02/2025.

III. De acordo co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e conforme á previsión contida nos pregos e demais documentación do contrato, iníciase o presente expediente para a prórroga de un (1) ano do contrato, durante o período comprendido entre o 06/02/2025 – 05/02/2026.

IV. A través da notificación co número de saída 164941-2024-1, recibida o 05/11/2024, se comunicou á adxudicataria o preaviso da prórroga do contrato.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), dispón que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Segundo o disposto no dito precepto, a prórroga acordarase polo órgano de contratación sendo obrigatoria para o empresario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Así mesmo, o apartado 7.3 do PAC dispón que o poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

A través da notificación co número de saída 164941-2024-1, recibida o 05/11/2024, se comunicou á adxudicataria o preaviso da prórroga do contrato coa antelación mínima exixida no citado artigo 29.2 da Lei 9/2017 e apartado 7.3 do PAC.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato dispón, na cláusula 7.1, que o prazo do contrato será o establecido no apartado 4.A das Follas de Características do Contrato (FEC), o cal contempla un prazo de un ano. Deste xeito, téndose iniciado a execución a partir do día seguinte á súa formalización (05/02/2024), con data 06/02/2024, o seu prazo finalizará o vindeiro 05/02/2025.

En relación co anterior, no apartado 4.C FEC, se prevé unha prórroga dun ano de duración.

II. Na actualidade, o servizo de Formación para o Emprego (Lote XI) se desenvolve conforme o disposto no prego de condicións técnicas.

III. Durante o período de duración da prórroga, atendendo ao disposto no artigo 29.2 da LCSP, as características do contrato permanecerán inalterables.

IV. A prórroga do contrato terá un importe de 12.000,00 € (IVE exento) e se imputará á aplicación orzamentaria 2410 2279913 "FORMACIÓN PROGRAMAS DE EMPREGO", quedando distribuído o prezo para o período 06/02/2025 – 05/02/2026, nas anualidades que se indican de seguido:

Exercicio	Importe
2025	10.816,44 €
2026	1.183,56 €
TOTAL	12.000,00 €

V. Debido á necesidade de garantir a prestación do servizo faise necesario tramitar a prórroga do contrato servizo de Formación para o Emprego (Lote XI) (expte. 19756/77).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

VI. A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”

VI. O órgano competente para acordar a prórroga dos contratos é a Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP).

Á vista do exposto anteriormente e das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución da Alcaldía do 19 de xuño de 2023 aprobando a Estrutura da Administración do Concello de Vigo, Resolución de Alcaldía de 21 de xuño de 2023 aprobando a delegación de competencias xenéricas nos concelleiros de Área de Goberno e concelleiros delegados, e acordos da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 aprobando a “Delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias) e do 28 de xuño de 2024, e conforme ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na cláusula 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e nos apartados 4.A e 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades expostas, e previo informe de Intervención, **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, a aprobación do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Autoriza-la prórroga de UN ANO do contrato de servizo servizo de Formación para o Emprego (Lote XI *CURSO DE TRAMITACIÓN E ADMINISTRACIÓN DIXITAL*) (expte. 19756/77) adxudicado a SARARTE, SL (B70223599) por acordo de Xunta de Goberno Local do 29 de decembro de 2023, para o período comprendido entre 06/02/2025 – 05/02/2026, polo importe de **12.000,00 €**, e se imputará á aplicación orzamentaria 2410 2279913 “FORMACIÓN PROGRAMAS DE EMPREGO”, manténdose inalterables, no período de prórroga, as características do contrato.

SEGUNDO: Autorizar e comprometer o gasto da prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo importe total de **12.000,00 €**, dos que **10.816.44 €** corresponden ao ano 2025 e **1.183,56** ao ano 2026, e se imputará á aplicación orzamentaria 2410 2279913 “FORMACIÓN PROGRAMAS DE EMPREGO”.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o

recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(22).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DE VIGO, QUIOSCOS EXPENDEDORES DE COMIDAS E BEBIDAS (2025 A 2028). EXPTE, 18398/306.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/01/2025, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

1.- A terceira tenente de alcalde e concelleira delegada da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística o 3 de xaneiro de 2025, iniciou procedemento administrativo para a aprobación do plan de ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada nas praias de Vigo, quioscos expendedores de comidas e bebidas ó servizo das praias, para os anos 2025 a 2028, e para o outorgamento das autorizacións de explotación a terceiros a través do procedemento legalmente previsto (respectando os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva).

2.- A pedimento do Servizo de Medio Ambiente, os arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, elaboraron documentación técnica para estas instalacións asinada dixitalmente o 9/01/2025, sobre:

- Memoria xustificativa do plan e das condicións urbanísticas dos emprazamentos propostos.
- Memoria descritiva das instalacións.
- Certificación de distancias entre quioscos.
- Memoria características técnicas dos módulos de quioscos e planos de planta, alzado, sección.
- Planos de emprazamento dos quioscos sobre os de deslinde do DPMT do Ministerio para Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.
- Planos de situación con ocupacións, ortofotos e fotografías dos emprazamentos.
- Planos da ordenación urbanística nos que se sitúan os emprazamentos dos quioscos.

3.- Informe da xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, asinado dixitalmente o 09/01/2025, sobre a titularidade dos terreos onde se emprazan os quioscos.

4.- Informe do xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, asinado dixitalmente o 09/01/2025, sobre a retirada dos quioscos na tempada estival de 2024.

5.- Memoria descritiva de outras instalacións menores (torres de vixilancia, mastros, pasarelas, paneis informativos) ó servizo das praias que se sitúan en DPMT asinada dixitalmente polo xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo o 10/01/2025, e planos ortofoto do Ministerio nas que sitúan estas instalacións.

II.- Fundamentos de dereito:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

O artigo 115.c) da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas sinala entre as competencias municipais *“explotar, no seu caso, os servizos de tempada que poidan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de réxime local”*.

O artigo 113 do Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral de costas, establece que:

- *As autorizacións cuxo obxecto sexa a explotación de servizos de tempada nas praias que só requiran instalacións desmontables, serán outorgadas polos concellos que o soliciten, na forma que se determina nos apartados seguintes.*
- *Haberá que solicitalas dirixíndose ó servizo periférico de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no prazo establecido,*
- *Os servizos de tempada poderán contar cunha autorización por un prazo máximo de catro anos, se ben as instalacións deberán desmontarse, unha vez rematada cada unha das tempadas incluídas no prazo de duración da autorización.*
- *Outorgada a autorización polo Servizo Periférico de Costas, os Concellos, tralo abono do canon de ocupación correspondente, poderán proceder a súa explotación, por sí ou por terceiros.*

O artigo 51 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas establece a necesidade de autorización administrativa para ocupar o dominio público marítimo terrestre con instalacións desmontables ou con bens mobles, que corresponde outorgar á administración do Estado.

O artigo 26 da citada Lei e 49.1. do regulamento que a desenvolve, establecen a obriga de obter autorización administrativas para as instalacións que se sitúen en zonas de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, que corresponde outorgar á Comunidade Autónoma.

Tamén, o artigo 53.1., parágrafo segundo, da Lei 22/1988, de 28 de xullo, establece que *“no caso de que os Concellos opten por explotar os servizos de tempada a través de terceiro, aqueles garantirán que nos correspondentes procedementos de outorgamento se respecten os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.”*

O Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre (DOG 09/08/2019), regula nos seus artigos 18 a 24 os requisitos para autorizar as instalacións de quioscos, expendedores de comidas e bebidas ao servizo das praias, desmontables que se sitúen en zona de servidume do dominio público marítimo terrestre.

Neste sentido, o Concello de Vigo ben aprobando o plan de ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do termo municipal de Vigo, que comprende aquelas instalacións situadas en terreos de dominio público marítimo terrestre e aquelas outras situadas en terreos municipais, dentro da zona de servidume de protección deste dominio.

As ditas instalacións de tempada: quioscos expendedores de comidas e bebidas considéranse precisas nos areais polos servizos que prestan aos usuarios, non só polas subministracións de bebidas, xelados, bocadillos (...), senón tamén por dispor de baños públicos e gratuítos para os usuarios como ben esixíndolles este Concello.

O prazo das autorizacións outorgadas a terceiros para a explotación dos quioscos rematou no ano 2024, sen posibilidade prórroga, polo que é preciso un novo proceso de concorrência competitiva para o outorgamento destas.

Elaborouse unha proposta de ocupacións de acordo coa seguinte distribución:

DESCRICIÓN S= con lucro	EMPRAZAMENTO	CATÁLOGO TRAMO PRAIA D. 38/2019	REF. CATASTRAL /COORDENADAS UTM ETRS89	ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS	OCUPACIÓN PECHADA EN M2	OCUPACIÓN TERRAZA ABERTA M2
QUIOSCO 1/ EECOEBE 1 S	Areal da Punta. A Guía	urbana	4988901NG2748N X-524874,61 Y-4678661,41	Dominio público marítimo terrestre (DPMT). Zona de servidume de tránsito do DPMT en dominio público municipal.	20 m2	50 m2
QUIOSCO 2/ EECOEBE 2 S	Areal de Santa Baia, Alcabre	urbana	9847431NG1794N X-519369,01 Y-4674573,98	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 3/ EECOEBE 3 S	Areal do Tombo do Gato	urbana	8745301NG1785N X-518556,99 Y-4674302,09	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 4/ EECOEBE 4 S	Areal do Tombo do Gato	urbana	8745301NG1785N X-518485,05 Y-4674183,52	Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2	50 m2
QUIOSCO 5/ EECOEBE 5 S	Areal de Argazada	urbana	8640801NG1783N X-518547,56 Y-4673752,56	Dominio público municipal. Fóra da zona de servidume de protección do DPMT.	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 6/ EECOEBE 6 S	Areal de Samil	urbana	Sen Ref. Catastral X-518491,04 Y-4672997,40	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 7/ EECOEBE 7 S	Areal de Samil	urbana	8632801NG1783N X-518441,75 Y-4672872,03	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 8 EECOEBE 8 S	Areal de Samil	urbana	Sen Ref. Catastral X-518368,49 Y-46727703,06	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 9 EECOEBE 9 S	Areal do Vao	natural	7319701NG1771N X-517331,18 Y-4671755,89	Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2, incluída superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 10 EECOEBE 10 S	Areal do Vao	natural	7319701NG1771N X-516985,41 Y-4671607,76	Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2, incluída superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro	50 m2
QUIOSCO 11 EECOEBE 11 S	Areal da Etea	natural	5464209NG2758N X-525261,50 Y-4678420,36	Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2	50 m2

EECOYBE= Quioscos/establecemento expendedores de comidas e bebidas. Todos serán con ánimo de lucro, xa que abonaran o canón que resulte da correspondente á licitación en concorrência competitiva.

Tódolos quioscos (11) aparecen sinalados nos Planos que se achegan no expediente.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

A documentación e informes técnicos emitidos polos arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luís Piñeiro Ferradás, asinados dixitalmente o 09/01/2025 e obrantes no expediente, indican a súa conformidade co planeamento urbanístico, adecuación á normativa de accesibilidade e a observancia, en tódolos casos, das prescricións de distancias e medidas, especificadas polo Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia, en cumprimento da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, que a desenvolve e o Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre (DOG 09/08/2019).

O Decreto 38/2019, do 14 de marzo, de catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia (DOG 12/04/2019), aprobou a catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 33.6. da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, no artigo 67 e na disposición transitoria vixésimo cuarta do Regulamento xeral de costas, aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro. O citado Decreto cataloga os areais de A Punta, Santa Baia, Tombo do Gato, Argazada, Samil e Etea como tramos urbanos e o areal do Vao como natural.

Os quioscos nºs. 1, 4, 9, 10 e 11 que se sitúan en dominio público marítimo terrestre ou na zona de servidume de tránsito cuxa autorización sectorial corresponde ó Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico cumpren tanto co esixido para ocupacións en tramos naturais de praias como para ocupacións en tramos urbanos, segundo o establecido no artigo 68 e 69 do Regulamento de costas aprobado por Rd 876/2014, de 10 de outubro. Neste sentido as ocupación non superan os 20 m2 de superficie cerrada, incluído aseos, nin os 50 m2 de superficie de terraza aberta, sitúanse a unha distancia igual ou superior a 300 ml nos tramos naturais de praia e de 100 ml nos tramos urbanos, a ocupación da praia e moi inferior ó 10% da superficie en preamar, e os usos están permitidos.

Os quioscos nºs. 2, 3, 6, 7 e 8 que se sitúan en dominio público municipal, na zona de servidume do dominio público marítimo terrestre cuxa autorización sectorial corresponde á Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia cumpren co esixido especificamente para a instalacións desmontables de tempada do Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, cunha superficie máxima de 20 m2 de ocupación pechada, máis a superficie non computable (artigo 21.e) do Decreto 97/2019, de 18 de xullo) corresponden a aseos de uso público e gratuítos coa superficie mínima para cumprir a condición de accesibles segundo a Lei galega 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade, e 50 m2 de ocupación aberta, distancia superior a 100 ml entre quioscos ou semellantes. Tamén se axustan ás determinacións dos artigos 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación.

O quiosco nº 5 sitúase en dominio público municipal, fora da zona de servidume do dominio público marítimo terrestre, cumpre co esixido nas normas urbanísticas de aplicación, ás determinacións dos artigos 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación, con instalacións desmontables de tempada cunha superficie máxima de 20 m2 de ocupación pechada, máis a superficie que corresponden a aseos de uso público e gratuítos coa superficie mínima para cumprir a condición de accesibles segundo a Lei galega 10/2014, de

3 de decembro, de accesibilidade, e 50 m2 de ocupación aberta, distancia superior a 100 ml entre quioscos ou semellantes.

A vixente Lei 22/1988, de 28 de Xulio, de Costas e o Regulamento xeral de costas aprobado por Rd 874/2014, de 10 de outubro, (artigo 113) e os decretos autonómicos, Decreto 38/2019, do 14 de marzo, polo que se aproba catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia (DOG 12/04/2019) e Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre (DOG 09/08/2019), permiten instar autorizacións sectoriais para un período máximo de catro anos, no período 1 de maio a 31 de outubro de cada ano e no período de semana santa.

Así mesmo, o artigo 86.2. e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas permite o aproveitamento especial de bens dominio público, así como o seu uso privativo, cando a ocupación se efectúe unicamente con instalacións desmontables o bens mobles coa correspondente autorización administrativa se non excede de catro anos.

A documentación técnica dos arquitectos municipais do plan de ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada nas praias de Vigo, quioscos expendedores de comidas e bebidas, sinala unhas maiores calidade nos elementos desmontables a instalar e con servizos hixiénicos de uso público e gratuítos que acaden a condición de accesibles segundo a Lei galega 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade, polo que se considera idóneo que as autorizacións sexan polo prazo máximo de catro anos, nos períodos máximos anuais de semana santa e de 1 maio a 31 de outubro o que permitirá amortizar a inversión destas instalacións desmontables. Non obstante, na anualidade 2025 que debe realizarse os trámites administrativos para a licitación das autorizados prevese un período, de 1 de xuño a 31 de outubro.

A ocupación, instalación e explotación dos servizos tempada, quioscos, deste plan de praias, realizarase por terceiros particulares, sendo preciso realizar un novo procedemento de licitación para outorgar das autorizacións a terceiros ó ter remato o prazo de vixencia das anteriores autorizacións.

Por último, cómpre sinalar respecto da posibilidade de instalar escolas de surf, bodiboard, longboard e paddle surf no dominio público marítimo terrestre que anualmente ven contemplando o Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica, que:

- As praias de Vigo son eminentemente urbanas e contan na temporada estival cun número moi elevado de usuarios nos areais e na lámina de auga. A súa alta afluencia e o seu uso prioritario para o baño suxire un problema importante de seguridade restrinxir este espazo e incorporar dentro das habituais zonas de baño outros usos diferentes.

- As zonas de práctica de surf no permiten a instalación dunha zona concreta balizada, pois obedecen a criterios meteorolóxicos e dependentes de moitos factores (mar de fondo, vento, mareas, etc), polo cal aínda instalando zonas balizadas propias para esta actividade, restrinxindo as zonas de baño, os usuarios solen desprazarse á mellor zona de práctica, este o non balizada, creando novamente problemas de seguridade para os bañistas.

- Independentemente das zonas balizadas establecidas na lámina de auga, a organización das actividades require un desprazamento diario de grandes materiais desde os seus emprazamentos de almacenaxe á propia lámina de auga. Este desprazamento constante implica un risco de seguridade para os usuarios do areal, e un malestar e fonte de queixas constante como xa pasou nas ocasións que algún destes servizos estivo presente nas praias.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Tamén, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do 22/05/2006 acordou aprobar os criterios técnicos a ter en conta polos servizos municipais para autorizar ou prohibir as actividades que se soliciten nos areais da cidade na temporada de verán, indicando como absolutamente prioritaria a preservación dos areais para o seu uso libre, público e común por parte de todos os cidadáns, para o baño e o descanso, e que as actividades de tipo lúdico que se propoñan durante o período estival só deberían autorizarse con carácter excepcional, de forma restritiva.

Polo exposto, con obxecto de garantir a seguridade dos bañistas e desfrute deste dos areais, en principio, non considera conveniente a instalación de servizos de escolas de surf, bodiboard, longboard e paddle surf, no dominio público marítimo terrestre, tanto no areal como na zona de auga balizada para o baño durante a temporada estival, polo que o plan de explotación de servizos de temporada polo Concello de Vigo limitárase os quioscos antes citados, expendedores de comidas e bebidas ós servizos dos areais.

A vista do anteriormente exposto, ao abeiro das atribucións de competencias que establece o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local en relación coa Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aproba-lo Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos de Tempada: Quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do término municipal de Vigo para os anos 2025 a 2028, de acordo cos informes, planos e demais documentación obrante no expediente 18398/306, e consistente en:

- Documentación técnica redactada polos arquitectos municipais, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luís Piñeiro Ferradás, e asinada dixitalmente o 09/01/2025, que comprende:

- Memoria xustificativa do plan e das condicións urbanísticas dos emplacements propostos.
- Memoria descritiva das instalacións.
- Certificación de distancias entre quioscos.
- Memoria características técnicas dos módulos de quioscos e planos de planta, alzado, sección.
- Planos de emplacements dos quioscos sobre os de deslinde do DPMT do Ministerio para Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.
- Planos de situación con ocupacións, ortofotos e fotografías dos emplacements.
- Planos da ordenación urbanística nos que se sitúan os emplacements dos quioscos.

- Informe da xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, asinado dixitalmente o 09/01/2025, sobre a titularidade dos terreos onde se emplacements os quioscos.

- Informe do xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, asinado dixitalmente o 09/01/2025, sobre a retirada dos quioscos na tempada estival de 2024.

- Memoria descritiva de outras instalacións menores (torres de vixilancia, mastros, pasarelas, paneis informativos) ó servizo das praias que se sitúan en DPMT asinada dixitalmente polo xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo o 10/01/2025, e planos ortofoto do Ministerio nas que sitúan estas instalacións.

A citada documentación técnica reflicte os seguintes quioscos de tempada, expendedores de comida e bebida, ó servizos das praias:

DESCRIPCIÓN S= con lucro	EMPRAZAMENTO	CATÁLOGO TRAMO PRAIA D. 38/2019	REF. CATASTRAL /COORDENADAS UTM ETRS89	ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS	OCUPACIÓN PECHADA EN M2	OCUPACIÓN TERRAZA ABERTA M2
QUIOSCO 1/ EECOEBE 1 S	Areal da Punta. A Guía	urbana	4988901NG2748N X-524874,61 Y-4678661,41	Dominio público marítimo terrestre (DPMT). Zona de servidume de tránsito do DPMT en dominio público municipal.	20 m2	50 m2
QUIOSCO 2/ EECOEBE 2 S	Areal de Santa Baia, Alcabre	urbana	9847431NG1794N X-519369,01 Y-4674573,98	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 3/ EECOEBE 3 S	Areal do Tombo do Gato	urbana	8745301NG1785N X-518556,99 Y-4674302,09	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 4/ EECOEBE 4 S	Areal do Tombo do Gato	urbana	8745301NG1785N X-518485,05 Y-4674183,52	Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2	50 m2
QUIOSCO 5/ EECOEBE 5 S	Areal de Argazada	urbana	8640801NG1783N X-518547,56 Y-4673752,56	Dominio público municipal. Fóra da zona de servidume de protección do DPMT.	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 6/ EECOEBE 6 S	Areal de Samil	urbana	Sen Ref. Catastral X-518491,04 Y-467297,40	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 7/ EECOEBE 7 S	Areal de Samil	urbana	8632801NG1783N X-518441,75 Y-4672872,03	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 8 EECOEBE 8 S	Areal de Samil	urbana	Sen Ref. Catastral X-518368,49 Y-46727703,06	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 9 EECOEBE 9 S	Areal do Vao	natural	7319701NG1771N X-517331,18 Y-4671755,89	Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2, incluída superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 10 EECOEBE 10 S	Areal do Vao	natural	7319701NG1771N X-516985,41 Y-4671607,76	Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2, incluída superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro	50 m2
QUIOSCO 11 EECOEBE 11 S	Areal da Etea	natural	5464209NG2758N X-525261,50 Y-4678420,36	Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2	50 m2

EECOYBE= Quioscos/establecemento expendedores de comidas e bebidas. Todos serán con ánimo de lucro ós efectos do sinalado nas bases do Ministerio para a Transición Ecolóxica e para o Reto Demográfico, xa que se abonará o canón que resulte da correspondente licitación en concorrencia competitiva.

Tódolos quioscos (11) aparecen sinalados nos Planos da citada documentación técnica.
As autorizacións para a execución deste plan de ocupación do dominio público con instalación de tempada e desmontables, será para os anos 2025 a 2028, nos seguintes períodos anuais:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Ano 2025: período 1 de xuño a 31 de outubro.

Ano 2026: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

Ano 2027: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

Ano 2028: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

SEGUNDO.- Remitir este Plan de Ocupación, instalación e Explotación ao Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, **solicitando a autorización sectorial para os quioscos de tempada**, expendedores de comidas e bebidas ó servizos das praias, **números 1, 4, 9, 10 e 11**, que se emprazan en terreos de dominio público marítimo terrestre ou servidume de tránsito para os anos 2025 a 2028, nos seguintes períodos anuais: **1, 4, 9, 10 e 11**

Ano 2025: período 1 de xuño a 31 de outubro.

Ano 2026: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

Ano 2027: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

Ano 2028: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

TERCEIRO.- Remitir á Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia (a través do Servizo Provincial de Urbanismo do Departamento Territorial de Pontevedra) este plan de ocupación, instalación e explotación, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, **solicitando autorización sectorial** para os quioscos de tempada, expendedores de comidas e bebidas ó servizos das praias, **números 2, 3, 6, 7 e 8** a instalar na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre para os anos 2025 a 2028, nos seguintes períodos anuais:

Ano 2025: período 1 de xuño a 31 de outubro.

Ano 2026: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

Ano 2027: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

Ano 2028: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

CUARTO.- O concello garantirá que no procedemento de outorgamento das autorizacións de ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada, quioscos expendedores de comidas e bebidas, por terceiros se respectaran os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.

QUINTO.- Unha vez solicitadas as autorizacións sectoriais antes citadas, o Concello procederá á redacción dos pregos que rexeran o procedemento de licitación da autorización garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva, para a adxudicación das autorizacións de conformidade co previsto nos artigos 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo de costas, 113 do Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto autonómico 97/2019, de 18 de xullo, 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación.

Unha vez recibidas as autorizacións sectoriais (Estado e Xunta de Galicia) procederá a súa incorporación ó expediente, á aprobación dos pregos e á apertura do procedemento de licitación e outorgamento das autorizacións

SEXTO.- O concello de Vigo obrígase, como en anos anteriores, a esixir dos terceiros que resulten adxudicatarios das autorizacións en DPMT a constitución da correspondente garantía para responder dos

gastos de levantamento das instalacións e xustificará esta circunstancia ante o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(23).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 18174/306.

Visto o informe xurídico de data 13/01/2025 e o informe de fiscalización do 14/01/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/01/2025, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e conformado pola concelleira delegada, e pola concelleira da Área de Goberno, e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes de feito

O pasado 15 de setembro de 2024, rematou o contrato administrativo de servizos ao amparo do co cal se viñeron prestando os servizos municipais de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e de seguridade e accesibilidade ao baño para persoas con mobilidade reducida en determinadas praias do termo municipal Vigo no período 15 de xuño a 15 de setembro, anos 2020 a 2024, (expte. 14428/306).

Tralo o informe xustificativo do Servizo de Medio Ambiente, a terceira tenente de alcalde e concelleira delegada da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, ao abeiro do establecido no artigo 116.1., Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), acordo de delegación de competencia da Xunta de Goberno Local de 28/06/2024 (BOPPO, 10/07/2024) en relación coa resolución do alcalde da mesma data (BOPPO, 09/07/2024), resolveu o 1/10/2024, iniciar o procedemento administrativo maior para a contratación dos servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do termo municipal de Vigo e ordenar a redacción e incorporación ao expediente dos documentos que sinala o artigo 116 da LCSP e demais que legalmente proceda de conformidade coa citada norma (expte. 18174/306).

A memoria económica do contrato foi redactada polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, concelleira delegada da dita Área e polo concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda sendo asinada dixitalmente o 29/10/2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

A Dirección Superior Contable e Orzamentación emitiu documento contable de RC-FUT núm. 12024000180233, o 05/11/2024, por importe de 3.408.745,56 €, con cargo á aplicación orzamentaria 1720.227.01.00.

O prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) redactado polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente e pola concelleira delegada da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística foi asinado dixitalmente o 8/11/2024, ao que se lle incorporan cinco anexos.

As praias nas se prestará o servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios do termo municipal de Vigo nos termos establecidos no PPTP serán as seguintes: *“Rodas (Illas Cíes), Fortiñón, Canido, O Vao, Fontaíña, Samil, Argazada, Tombo do Gato, Santa Baia, Carril, O Adro, A Punta, Mende”*

A memoria xustificativa definitiva do contrato foi asinada dixitalmente en data do 13/01/2025, polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente e pola concelleira delegada desta Área de Goberno.

A xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos redactou o prego definitivo de cláusulas administrativas particulares sendo asinado dixitalmente o 13/01/2025.

II.- Fundamentos de dereito

a) Competencia municipal

O artigo 110.i) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas indica que lle corresponde á Administración do Estado a elaboración e aprobación das disposicións sobre seguridade humana en lugares de baño e salvamento marítimo.

O artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, sinala como competencias dos concellos, nos termos da lexislación das CC.AA., manter as praias e os lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade así como vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.

A Orde de 31 de xullo de 1972 (BOE 02/08/1972) pola que se ditan normas e instrucións para a seguridade humana nos lugares de baño, establece no artigo 11 que *“corresponde aos Concellos vixiar a observancia nos lugares de baño destas normas xerais e instrucións sobre o mantemento do material de salvamento e demais medidas de seguridade para as vidas humanas”*, e nos artigos 6 a 9 sinala os servizos de vixilancia, auxilio e salvamento.

O Estatuto de Autonomía de Galicia (L.O. 1/1981, de 6 de abril) atribúe á comunidade autónoma de Galicia competencias exclusivas en ordenación do litoral (artigo 27.3.) e a execución da lexislación do estado sobre salvamento marítimo (artigo 29.3).

A Resolución de 29 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior de Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, da publicidade ó

Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 14 de outubro de 2021 polo que se aproba o Plan de salvamento en praias de Galicia (Sapraga), (DOG 22/11/2021) o cal renova e actualiza o anterior plan Sapraga do ano 2001, inicial do ano 1995.

O Concello de Vigo leva adherido ó Plan Sapraga dende os seus inicios e considérase necesario seguir adherido a este plan, en particular nas praias de maior afluencia ou perigosidade, para garantir a seguridade dos bañistas.

O apartado 2 do Plan sinala que “corresponde ós concellos vixiar a observancia nos lugares de baño das normas e instrucións para a Seguridade humana.”

O apartado 3 do Plan sinala que é obxecto do Plan Sapraga garantir a cobertura das emerxencias que poidan xurdir nas zonas de baño da Comunidade Autónoma, establecendo os procedementos de comunicación e coordinación cos servizos de prevención e socorrismo para emerxencias ordinarias e a súa integración no Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no caso de emerxencias extraordinarias.

O apartado 5 do Plan establece que nas praias de categoría 1 deberá haber servizo de prevención e socorrismo, e é aconsellable tamén naquelas praias de categoría 2. Estará constituído polo conxunto dos equipos humanos e medios materiais, así como por todas aquelas medidas organizativas, de planificación e operativas de seguridade e protección previstas no Plan de prevención e salvamento de praias.

O Servizo Público de Prevención e Socorrismo estará formado por persoal coa formación regulada no Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

A vixente redacción do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, regulada da bases de réxime local, xa non contempla expresamente a competencia municipal de “seguridade en lugares públicos” cinguíndose a funcións de “Policía local”, aínda que mantén a “protección civil” e o “medio ambiente urbano”.

Neste sentido, o feito de que o listado de materias establecido no actual artigo 25.2 teña eliminado algunha das contidas na anterior redacción e engadido outras non supón que queden sen efecto as atribucións competencias efectuadas por normas con rango de lei polo Estado ou as CC.AA nas materias que xa non se recollen no artigo 25.2 (ou que no seu momento non se recollían e agora tampouco), senón que se eliminou o seu carácter básico no que se refire a garantía da autonomía municipal respecto desa materia, estando a lexislación sectorial que atribuíu as competencias de que se trate (no caso que nos ocupa, a establecida no artigo 115 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas) plenamente vixente, con independencia de que agora o lexislador estatal ou autonómico podería derrogar as competencias outorgadas no seu momento (competencias incluídas nas materias do artigo 25.2 ou das materias non incluídas na nova redacción) sen afectar a autonomía municipal na materia de que se trate por canto, a día de hoxe, e segundo o lexislador básico estatal (artigo 149.1.18 CE) non forman parte do núcleo básico da autonomía local.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Este é o criterio seguido pola Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local que mantén as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da citada Lei 27/2013 segundo o indicado na súa Disposición adicional primeira e, tamén, que os concellos sigan prestando servizos xa establecidos que non se entenderan como o exercicio de novas competencias segundo o artigo 3.3.a) da citada norma.

A seguridade das persoas na praia na época estival é un servizo esencial que ven desenvolvendo o Concello de Vigo ó abeiro do artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas e normativa anteriormente citada, e que non pode deixar de prestarse sen que sexa asumido por algunha administración pública polo que, en tanto en canto non se derroga a lexislación sectorial que atribúe a dita competencia aos Concellos ou non se adapte á normativa sectorial existente, ben estatal, ben autonómica, segundo quen teña atribuído constitucionalmente a competencia na materia, cómpre imperativamente que o concello siga garantindo a seguridade das persoas nos areais.

Tamén, se considera de interese público municipal continuar coa prestación de servizos establecidos dende hai varios de facilitar o acceso ó baño para persoas con mobilidade reducida no período estival en dúas praias da cidade, areais de o Vao e Samil, e garantir a súa seguridade, competencia que o Concello pode seguir prestando ao abeiro do establecido no artigo 3 da Lei galega 5/2014, de 27 de maio, en relación co citado artigo 115.d. da Lei 22/1988, de 28 de xullo.

Asemade, o Concello de Vigo ven solicitando nos últimos anos o distintivo "Bandeira Azul" para determinados areas do termo municipal.

O distintivo "Bandeira Azul" establece como cuestión de obrigado cumprimento que os areais que obteñan este distintivo dispoñan de persoal de salvamento, socorrismo, asistencia sanitaria asignado a cada un deles.

A Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación, e Normalización Lingüística ten atribuído en materia de medio ambiente, por delegación do alcalde de data 28/06/2024 (BOPPO, 09/07/2024), *"a xestión dos servizos de tempada que poidan establecer nas praias, e o mantemento das praias e lugares públicos de baño en condicións de limpeza hixiene e salubridade, así como, vixiar a observancia das normas sobre salvamento e seguridade das vidas humanas e, asemade, calquera outra competencia que en materia de costas estea atribuída á competencia municipal e non corresponda a ningunha outra área delegada"*.

Os servizos obxecto do contrato de competencia municipal concrétanse na prestación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do termo municipal de Vigo así como a execución das prestacións relativas á bandeira azul que se recollen apartado 10 do prego de prescricións técnicas particulares.

As praias nas que se prestarán os servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento e primeiros auxilios son: *“Rodas (Illas Cíes), Fortiñón, Canido, O Vao, Fontaíña, Samil, Argazada, Tombo do Gato, Santa Baia, Carril, O Adro, A Punta, Mende*

Tamén, a prestación do servizo de seguridade e accesibilidade ao baño para persoas con mobilidade reducida nos areas de Samil e o Vao.

A extensión das necesidades a satisfacer determínanse detalladamente no prego de prescricións técnicas e céntranse, fundamentalmente, en garantir, en colaboración e co apoio de outros servizos municipais, a seguridade humana nos areas do concello de Vigo, así como facilitar o acceso ao baño para persoas con mobilidade reducida no período estival, competencias que está autorizado a prestar tendo en conta a lexislación antes citada, artigo 115.d da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas e na Lei galega 5/2014, de 27 de maio, que permite ós concellos seguir prestando servizos xa establecidos, circunstancia que concorre no presente suposto

b) Contratación dos servizos

De acordo co artigo 116 da LCSP a realización de contratos por parte das Administracións públicas requirirá da previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da Lei. Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares, o de prescricións técnicas, certificado de existencia de crédito. Tamén, haberá de xustificarse axeitadamente as determinacións que sinala o apartado 4 do citado precepto.

A documentación anteriormente citada incorporouse ó presente expediente de contratación tal e como se sinala nos antecedentes de feito deste informe.

O prego de cláusulas administrativas particulares regula un contrato administrativo de servizos cuxo obxecto é “a prestación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do termo municipal de Vigo así como a execución das prestacións relativas á bandeira azul que se recollen apartado 10 do prego de prescricións técnicas particulares”, que prevé o artigo 17 e 25.1.a) da LCSP, suxeito a regulación harmonizada e susceptible de recurso especial en materia de contratación (artigos 22 e 44 da LCSP) .

O procedemento de adxudicación será o ABERTO e forma de tramitación a ORDINARIA conforme ó establecido no artigo 156 da LCSP.

O prazo de execución de contrato é de catro anos -2025 a 2028-, con posibilidade dunha prórroga de un ano máis.

O contrato non se divide en lotes tal e como se xustifica na memoria xustificativa obrante no expediente.

Os criterios de valoración sinalados no PCAP, debidamente xustificados, para a adxudicación deste contrato sono por unha multiplicidade de criterios. Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato dáse máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

directa co obxecto do contrato pódense valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de formulas concretas. Establécese a aplicación dun 55% dos criterios de adxudicación a criterios avaliábles a través de fórmula e un 45% a través de criterios avaliábles a través de xuízo de valor.

O orzamento do contrato xustifícase na memoria económica incorporada ó expediente e da cal resulta:

- o orzamento base de licitación (IVE engadido) é de 3.408.745,56 euros
- o IVE a soportar pola administración (21%) é de 591.600,47 euros
- o valor estimado do contrato é de 3.967.581,42 euros
- As anualidades orzamentarias previstas do contrato segundo a data de inicio establecida do 15/06/2025, son:

	IMPORTE SEN IVE	IVE (21%)	IMPORTE CON IVE
ANO 2025	677.672,45	142.311,21	819.983,66 €
ANO 2026	698.634,01	146.713,14	845.347,15 €
ANO 2027	712.974,07	149.724,55	862.698,62 €
ANO 2028	727.864,57	152.851,56	880.716,13 €
TOTAL	2.817.145,09	591.600,47	3.408.745,56 €

O gasto imputarase á partida orzamentaria 1720.227.01.00 “vixilancia, socorrismo, asistencia sanitaria e seguridade praias” e a súa bolsa de vinculación.

A Dirección Superior Contable e Orzamentación emitiu o correspondente documento contable.

O artigo 117 da LCSP establece que completado o expediente de contratación, ditarase resolución motiva polo órgano de contratación aprobando este e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

A aprobación do expediente de contratación e a adxudicación do contrato corresponderá á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (Disposición adicional segunda, apartado 4, da LCSP).

A aprobación do expediente de contratación irá precedido dos informes favorables da titular da Asesoría Xurídica e da Intervención municipal ao abeiro do disposto na Disposición adicional terceira, apartados 3 e 8, da LCSP.

Polo exposto, unha vez emitidos os preceptivos informes da titular da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de “vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do termo municipal de Vigo así como a execución das prestacións relativas á bandeira azul que se recollen apartado 10 do prego de prescricións técnicas particulares”, expte. 18174/306.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, asinado dixitalmente polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo o 08/11/2024 ao que se lle incorporan cinco anexos.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 13/01/2025.

CUARTO.- Autorizar o gasto de 819.983,66 € (IVE 21% engadido) para o ano 2025; sendo o importe do gasto (IVE 21% engadido) de 845.347,15 € para o ano 2026, 862.698,62 € para o ano 2027, 880.716,13 € para o ano 2028 subordinado á existencia do crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 174 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, con cargo á partida orzamentaria . O Importe total do contrato é de 3.408.745,56 € IVE engadido (2.817.145 € importe sen IVE e 591.600,47 € importe da cota do IVE).

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(24).- DAR CONTA DAS CANDIDATURAS Á CAMPAÑA BANDEIRAS AZUIS E SENDEIROS AZUIS 2025. EXPTE. 18279/306.

Dáse conta do informe-proposta de data 15/01/2024, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e conformado pola concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- Antecedentes



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

1.- ADEAC “Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor”, entidade española sen ánimo de lucro, é cofundadora da FEE “Foundation for Environmental Education”, organización internacional sen ánimo de lucro que agrupa a máis de 74 ONGs; constituíndo a súa rama nacional en España que é responsable do desenvolvemento dos seus programas.

Promove, así, a educación ambiental en España e desenvolve a nivel internacional programas como Bandeira Azul (Blue Flag).

A Bandeira Azul é un galardón anual e un sistema de certificación da calidade ambiental desenvolvido pola FEE desde 1987.

Este galardón promove e premia a participación en iniciativas ambientais voluntarias das autoridades municipais, poboación local, visitantes e os axentes do sector turístico.

Os criterios para obter o galardón de Bandeira Azul agrúpanse en tres áreas:

- Calidade das augas de baño
- Información e educación ambiental
- Xestión ambiental e seguridade, servizos e instalacións.

A Bandeira Azul é concedida por un xurado internacional, presidido pola FEE e con participación, entre outros, dos axentes de NNUU para o medio ambiente e o turismo, entre as candidaturas seleccionadas polos xurados nacionais.

No xurado nacional para España, presidido por ADEAC, participan as CCAA litorais, a FEMP e os Ministerios, Fundacións e Universidades implicadas.

2.- O Concello de Vigo foi galardoado con doce bandeiras azuis no ano 2024 correspondentes aos doce areas do termo municipal propostos para o galardón: areas da Punta, O Adro, Santa Baia, Carril, Tombo do Gato, Argazada, Samil, Fontaiña, O Vao, Canido, Fortiñón e Rodas, e tres sendas azuis denominadas “Camiño a beiramar”, “Entre Faros” e “Senda do Litoral e Monte de Guía”.

3.- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Medio Ambiente, representada pola concelleira delegada do servizo de Medio Ambiente, instou a ADEAC-FEE os galardóns para o ano 2025:

- Candidatura de trece areas do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2024: areas de O Mende, A Punta, O Adro, Carril, Santa Baia, Tombo do Gato, Argazada, Samil, A Fontaiña, O Vao, Canido, Fortiñón, As Rodas (Illas Cíes).

- Renovacións dos galardóns de cinco Sendeiros Azuis 2024: sendeiro de ribeira e litoral denominado “Camiño pola Beiramar (Bouzas-Canido)”, “Senda entre Faros nas Illas Cíes”, “Senda Litoral e do Monte da Guía, Teis” e “Vía Verde de Vigo”, e sendeiro “Senda do río Lagares”.

Os sendeiros azuis configúranse como roteiros que discorren por zonas de interese ambiental do litoral e praias, onde se pode observar a natureza, fauna e flora, e outros elementos de interese, mesmo do patrimonio cultural ao tempo que contribúen o fomento de hábitos de vida saudables.

II.- Fundamentos de dereito

O artigo 25.2., apartados a) b), h), l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CCAA, no “medio ambiente urbano”, “turismo”, “promoción deporte e ocupación do tempo de lecer”, “patrimonio histórico”.

O artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, sinala como competencias dos concellos, nos termos da lexislación das CCAA, manter as praias e os lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade así como vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.

O servizo municipal de Medio Ambiente ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do mediante acordo adoptado na sesión do 28/06/2024, competencias en materia medio ambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, a xestión dos servizos de tempada que poidan establecer nas praias, o mantemento das praias e lugares públicos de baño en condicións de limpeza hixiene e salubridade, así como, vixiar a observancia das normas sobre salvamento e seguridade das vidas humanas e, asemade, calquera outra competencia que en materia de costas estea atribuída á competencia municipal e non corresponda a ningunha outra área delegada.

A protección do medio ambiente, especialmente dos areas, exerceuse non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectoriais, tanto estatais como da Comunidade Autónoma de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ven desenvolvemento diversos programas de sensibilización e educación ambiental: camiño a camiño, hortas urbanas, sendeiros...

En consideración a estas atribucións, a Concellería de Medio Ambiente ven solicitando todos os anos o galardón de Bandeira Azul para diversas praias da cidade que contan con calidade de auga e de servizos de excelencia segundo criterios esixidos para optar a este galardón, tamén, de Sendeiros Azuis que supón a promoción de sendas vinculadas a praias con bandeiras azul. Ditos galardóns supoñen o compromiso de manter os servizos nas praias e sendas nas condicións esixidas na convocatoria do galardón e continuar co desenvolvemento de programas medioambientais.

Ditos galardóns solicítanse a través de medios telemáticos, cumprimentando os cuestionarios correspondentes e achegando a documentación solicita nos prazos establecidos.

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Medio Ambiente, representada pola concelleira delegada do servizo de Medio Ambiente, instou a ADEAC-FEE os seguintes galardóns para o ano 2025:

- Candidatura de trece areais do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2024: areais de O Mende, A Punta, O Adro, Carril, Santa Baia, Tombo do Gato, Argazada, Samil, A Fontaiña, O Vao, Canido, Fortiñón, As Rodas (Illas Cíes).

- Renovacións dos galardóns de cinco Sendeiros Azuis 2024:

- a) Sendeiro de ribeira e litoral denominado “Camiño pola Beiramar (Bouzas-Canido)”. Discorre: Inicia o seu percorrido no areal do Adro e finaliza no areal de Canido a través de distintas praias de gran valor paisaxístico e medioambiental.

- b) Senda “Entre Faros nas Illas Cíes” que discorre entre o faro do Peito situado na Illa norte ou de Monteagudo, pasa pola praia de Rodas, ata chegar o faro do Montefaro situado na illa do mesmo nome ou Media, cunha distancia total de 6 km entre faros (circular 12 km) onde se poden observar os principais valores medioambientais que motivaron a súa declaración como parque nacional. Más información:

<https://hoxe.vigo.org/conecenos/rutas.php?idruta=137&tipo=8&lang=gal>

- c) Senda “Litoral e do Monte da Guía, Teis”, que transcorre polo monte da Guía e os areais de Ríos de Afora, Etea, Punta, cala do Faro e Lagoa, cun percorrido circular de 5,77 km, onde se poden observar elementos naturais de interese medioambiental e etnográfico. Más información:

<https://hoxe.vigo.org/conecenos/rutas.php?idruta=136&tipo=8&lang=gal>

d) Senda “Via Verde de Vigo”, que transcorre pola antiga liña de ferrocarril á cidade, cun percorrido lineal de 4,3 km, cun ancho 2 m para peóns e 2 m carril bici, onde se pode observar a paisaxe da cidade e ría de Vigo. A fachada da antiga estación nas inmediacións ten a consideración de BIC. Más información: <https://hoxe.vigo.org/conecenos/rutas.php?idruta=226&tipo=8&lang=gal>

e) Senda do “Río Lagares”, que transcorre polo paseo peonil accesible e practicable en bicicleta que inicia o seu percorrido na rúa Manuel Álvarez para seguir o curso do río Lagares ata a súa desembocadura ao longo de case 12 km. Ruta ornitolóxica na que se representan as aves de cada zona ademais de atravesar bosques de ribeira o u en galería, onde dominan árbores como os alisos ou sauces. Más información: <https://hoxe.vigo.org/conecenos/rutas.php?idruta=157&tipo=8&lang=gal>

A documentación presentada telemáticamente incorporouse ó expediente administrativo 18279/306 en formato dixital.

Ao abeiro da delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno local de data 20/06/2023 (BOPP 28/06/2023), esta debe tomar coñecemento das ditas peticións.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Tomar coñecemento e ratificar as solicitudes formuladas polo servizo de Medio Ambiente deste Concello á ADEAC-FEE, a través da súa plataforma telemática, instando os seguintes galardóns en materia medioambiental:

- Candidatura de trece areais do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2024: areais de O Mende, A Punta, O Adro, Carril, Santa Baia, Tombo do Gato, Argazada, Samil, A Fontaíña, O Vao, Canido, Fortiñón, As Rodas (Illas Cíes).

- Renovacións dos galardóns de cinco Sendeiros Azuis 2025:

a) Sendeiro de ribeira e litoral denominado “Camiño pola Beiramar (Bouzas-Canido)”. Discorre: Inicia o seu percorrido no areal do Adro e finaliza no areal de Canido a través de distintas praias de gran valor paisaxístico e medioambiental.

b) Senda “Entre Faros nas Illas Cíes” que discorre entre o faro do Peito situado na Illa norte ou de Monteagudo, pasa pola praia de Rodas, ata chegar o faro do Montefaro situado na illa do mesmo nome ou Media, cunha distancia total de 6 km entre faros (circular 12 km) onde se poden observar os principais valores medioambientais que motivaron a súa declaración como parque nacional. Más



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

información:

[idruta=137&tipo=8&lang=gal](https://hoxe.vigo.org/conecenos/rutas.php?idruta=137&tipo=8&lang=gal)

[https://hoxe.vigo.org/conecenos/rutas.php?](https://hoxe.vigo.org/conecenos/rutas.php?idruta=137&tipo=8&lang=gal)

c) Senda “Litoral e do Monte da Guía, Teis”, que transcorre polo monte da Guía e os areas de Ríos de Afora, Etea, Punta, cala do Faro e Lagoa, cun percorrido circular de 5,77 km, onde se poden observar elementos naturais de interese medioambiental e etnográfico. Más información: <https://hoxe.vigo.org/conecenos/rutas.php?idruta=136&tipo=8&lang=gal>

d) Senda “Via Verde de Vigo”, que transcorre pola antiga liña de ferrocarril á cidade, cun percorrido lineal de 4,3 km, cun ancho 2 m para peóns e 2 m carril bici, onde se pode observar a paisaxe da cidade e ría de Vigo. A fachada da antiga estación nas inmediacións ten a consideración de BIC. Más información: <https://hoxe.vigo.org/conecenos/rutas.php?idruta=226&tipo=8&lang=gal>

e) Senda do “Río Lagares”, que transcorre polo paseo peonil accesible e practicable en bicicleta que inicia o seu percorrido na rúa Manuel Álvarez para seguir o curso do río Lagares ata a súa desembocadura ao longo de case 12 km. Ruta ornitolóxica na que se representan as aves de cada zona ademais de atravesar bosques de ribeira ou en galería, onde dominan árbores como os alisos ou sauces. Más información: <https://hoxe.vigo.org/conecenos/rutas.php?idruta=157&tipo=8&lang=gal>

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(25).- APROBACIÓN DOS CRITERIOS E O PROCEDEMENTO PARA A TRAMITACIÓN DA AUTORIZACIÓN E REALIZACIÓN DE SERVIZOS EXTRAORDINARIOS FORA DA XORNADA LABORAL ORDINARIA POLO PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 45089/220.

Visto o informe de fiscalización de data 09/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/12/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- Consta no expediente informe de xefatura da área de RRHH e Formación segundo o cal: *“En acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de agosto do 2024 (expediente electrónico n.º 44.930-220) foi aprobado o programa para a realización dos servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria do persoal pertencente ao Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) coa finalidade de establecer as condicións da cita-*

da prestación de servizos en forma extraordinaria, vinculada ás necesidades do servizo aos intereses xerais.

Sen prexuízo de que o dito acordo resulta de exclusiva aplicación ao servizo municipal citado, caracterizado polas singularidades propias dos servizos de emerxencia e seguridade destinados ao salvamento de persoas e bens -diferenciadas e distintas das dos restantes servizos municipais- cómpre abordar actuacións de mellora na autorización e xestión da realización de servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria que podan ser realizados polo persoal das diferentes unidades organizativas municipais, polas razóns obxectivas seguintes:

- Necesidade de normalizar as solicitudes remitidas polas xefaturas das distintas unidades organizativas, en garantía da coherencia e racionalidade das mesmas: trátase de evitar a confusión con outra clase de peticións, tales como solicitudes de persoal interino e/ou temporal, peticións de complementos retributivos de produtividade ou queixas xerais sobre a xestión de persoal, que con frecuencia se engaden a peticións ordinarias de autorización de servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria. A tal efecto, debe sinalarse a elaboración de modelos tipo no marco do programa aprobado para o SPEIS; modelo que, unha vez aprobados polo órgano competente, estarán dispoñibles na Intranet municipal e serán de obrigada utilización na tramitación administrativa.
- Necesidade de sistematización da información respecto das necesidades dos servizos, en forma que permita á Área de Recursos Humanos e Formación e á Tesourería Municipal e dirección orzamentaria e contable prever a asignación de recursos nos sucesivos orzamentos municipais, dentro da diferenciación normativamente contemplada entre as dotacións orzamentarias destinadas ás retribucións complementarias non fixas nin periódicas e a masa salarial do persoal laboral.
- Mellora nos tempos medios de tramitación dos expedientes de autorización e conseguinte autorización do gasto, así como daqueles de aboamento, diferenciando as singularidades daqueles servizos nos que a compensación con descansos establecida tanto no acordo regulador das condicións do persoal funcionario non sexa posible, pola súa condición de servizos de emerxencia e seguridade pública (corpo de Policía Local e o propio SPEIS) das características doutros servizos, nos cales a prioridade ten que ser a compensación con descansos, debendo definirse e aprobarse un modelo tipo de informe no cal consten parámetros obxectivos motivadores de tal imposibilidade, máis aló de consideracións xerais e imprecisas.
- Mellora da xestión administrativa das gratificacións por servizos extraordinarios, tomando como modelo e referencia o programa aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 9 de agosto do 2024 (expediente electrónico n.º 44.930-220) distinguindo as singularidades do réxime xurídico administrativo das propias do réxime xurídico laboral, dada a coexistencia de persoal de ambas clases en gran parte das unidades organizativas municipais.
- Mellora da función instrutora dos expedientes de autorización e pagamento dos servizos extraordinarios a realizar fóra da xornada laboral ordinaria, en forma que garanta que os mesmos se tramiten en forma regular, nos termos e condicións do establecido na normativa vixente, sempre dende a óptica de que non poden ser fixos na contía nin periódicos no seu devengo, e considerando a asignación de dúas dotación cubertas de **técnicos de Administración Xeral** existentes na Área, **que teñen asig-**



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

nadas normativamente a realización de tarefas de xestión, estudio e proposta de carácter administrativo de nivel superior segundo determina o art. 169.1, letra a) do Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e as vixentes guías sobre funcións dos postos de traballo do Concello de Vigo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local para os postos tipo de técnico/a de Administración Xeral,...

II.- Por Resolución de data 26/08/2024 a concellería delegada competente en materia de persoal acordou: *"Incoar expediente administrativo para a aprobación de proposta de criterios de xestión rectores da realización de servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria polo persoal das distintas unidades organizativas municipais, en mellora da xestión e tramitación administrativa dos expedientes a incoar ao efecto."*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Xornada de traballo do persoal ao servizo da Administración Pública

O artigo 94 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), dispón que a xornada de traballo dos funcionarios da Administración Local será en cómputo anual a mesma que se fixe para os funcionarios da Administración Civil do Estado.

Pola súa banda a Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, "por la que se dictan instrucciones sobre jornada y horarios de trabajo del personal al servicio de la Administración General del Estado y sus organismos públicos", establece que a duración da xornada xeral será de 37 horas e media semanais de traballo efectivo de promedio en cómputo anual, equivalente a 1642 horas anuais.

Igualmente, no seu artigo 4 establece que a duración da xornada do persoal que desempeñe postos de traballo considerados de especial adicación será de 40 horas semanais, sen prexuízo do horario que excepcionalmente sexa preciso por razóns de servizo.

II.- As retribucións dos funcionarios públicos; as gratificacións por servizos extraordinarios

O artigo 93 da LBRRL dispón que as retribucións básicas dos funcionarios locais terán a mesma estrutura e idéntica contía que as establecidas con carácter xeral para toda a función pública e que as retribucións complementarias ateranse, así mesmo, á estrutura e criterios de valoración obxectiva das do resto dos funcionarios públicos. A súa contía global será fixada polo Pleno das Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado.

O artigo 23.3 da Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da función pública recolle, dentro das retribucións dos funcionarios públicos:

"... d) as gratificacións por servizos extraordinarios, fóra da xornada normal, que en ningún caso poderán ser fixas na súa contía e periódicas no seu devengo."

O artigo 6 do Real Decreto 861/86, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da administración local, establece que:

“1. Corresponde al Pleno de la Corporación determinar en el presupuesto la cantidad global destinada a la asignación de gratificaciones a los funcionarios dentro de los límites máximos señalados en el artículo 7.2,c), de este Real Decreto.

2. Corresponde al Alcalde o Presidente de la Corporación la asignación individual, con sujeción a los criterios que, en su caso, haya establecido el Pleno, sin perjuicio de las delegaciones que pueda conferir conforme a lo establecido en la Ley 7/1985, de 2 de abril.

3. Las gratificaciones, que en ningún caso podrán ser fijas en su cuantía ni periódicas en su devengo, habrán de responder a servicios extraordinarios realizados fuera de la jornada normal de trabajo.”

Dende unha perspectiva económica, o artigo 7 establece un límite global ao importe dos créditos que, para o caso das gratificacións é o máximo do 10% do resultado de *"restar a la masa retributiva global presupuestada para cada ejercicio económico, excluida la referida al personal laboral, la suma de las cantidades que al personal funcionario le correspondan por los conceptos de retribuciones básicas, ayuda familiar y complemento de destino."*

Na normativa analizada, non se recolle expresamente a posibilidade de substituír para o persoal funcionario o pago destas retribucións coa compensación con descansos dentro da súa xornada, (tal e como tivo ocasión de manifestarse a STS de 30 de setembro de 2009, nº recurso 6087/2009).

Cuestión distinta é a posibilidade de flexibilidade no cumprimento da xornada por parte do persoal, sempre que se respecte o horario de presenza mínimo establecido, nos termos recollidos nas pertinentes Instrucións Municipais de xornada e acorde ao estipulado na Resolución de 28 de febreiro de 2019 da Secretaría de Estado de Función Pública.

III.- Regulación de horas extras do Persoal Laboral

O Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, de aplicación ao persoal laboral (ET), recolle no seu artigo 35, que terán consideración de horas extraordinarias aquelas horas de traballo que se realicen sobre a duración máxima da xornada ordinaria de traballo, fixada de acordo co artigo anterior. Mediante convenio colectivo ou, no seu defecto, contrato individual, optarase entre aboar as horas extraordinaria na coantía que se fixe, que en ningún caso poderá ser inferior ao valor da hora ordinaria, ou compensalas por tempo equivalentes de descanso retribuído. En ausencia de pacto ao respecto, entenderase que as horas extraordinarias realizadas deberán ser compensadas mediante descanso dentro dos catro meses seguintes á súa realización.

O número de horas extraordinarias non poderá ser superior a oitenta ao ano, salvo o previsto no apartado 3 do mesmo artigo (sinistros e outros danos extraordinarios e urxentes).

IV.-Ámbito Municipal:

4.1-Acordo regulador / Convenio vixente do persoal ao servizo do Concello Vigo



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

O Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores do Concello de Vigo, no seu artigo 20, establece a equiparación en canto ao réxime retributivo entre o persoal funcionario e laboral, regulando que as retribucións do persoal laboral estableceranse en función da titulación de equiparación e serán as mesmas cas do persoal funcionario da súa mesma categoría e antigüidade.

O citado acordo regula no seu artigo 13 os “Servizos extraordinarios fóra da xornada normal de traballo”.

O último parágrafo do citado artigo dispón que:

“Para os empregados as horas extraordinarias non compensadas con descansos unha vez transcorridos catro meses dende a súa realización aboaranse por cuatrimestres naturais ao valor do importe da hora normal de traballo.”

A Disposición transitoria Sexta, (regra terceira), do mesmo Acordo regulador, recollía a fórmula de cálculo para o pago deste tipo de gratificacións:

“Terceira: as horas en exceso sobre a xornada normal de traballo que se produzan ó longo do ano compensaranse preferentemente con descansos. Non obstante, cada cuatrimestre, aboaranse como gratificación por servizos especiais, aquelas en que transcorridos mais de catro meses desde que se realizaron, non puideron ser compensadas por motivos do servizo.

Dita gratificación por xornada en exceso aboarase ó mesmo importe que o desconto proporcional de retribucións, dividindo as retribucións fixas e periódicas do empregado no mes correspondente por 30 días e o seu resultado por 7,15 horas. O valor hora así obtido, multiplícarase polas realizadas en exceso.

O seu importe incrementarse cos recargos que procedan por nocturnidade, domingos e festivos”

O Pleno do Concello, acordou en sesión ordinaria do día 30 de setembro de 2024 a aprobación inicial da revisión do “Acordo regulador de condicións económicas e sociais dos funcionarios do Concello de Vigo” (Disposición Transitoria Sétima, regra terceira, segundo parágrafo), así como o texto do “Convenio colectivo dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo” (Disposición Transitoria Sexta, regra terceira, segundo parágrafo).

Publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra n.º 204 de data 18/10/2024 o referido acordo aos efectos de cumprimentar o período de información pública e audiencia aos interesados por un prazo mínimo de 30 días contemplado no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, segundo certificado non constan reclamacións contra a devandita proposta dentro do prazo sinalado.

En cumprimento do disposto no referido artigo, elevouse a definitivo o acordo adoptado polo Pleno en sesión de data sesión ordinaria do día 30 de setembro de 2024 polo que se acordara a revisión do “Acordo regulador de condicións económicas e sociais dos funcionarios do Concello de Vigo” (Disposición Transitoria Sétima, regra terceira, segundo parágrafo), así como o texto do “Convenio colectivo dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo” (Disposición Transitoria Sexta, regra terceira, segundo parágrafo) nos seguintes termos:

1.- Aprobación inicialmente a proposta de revisión do “Acordo regulador de condicións económicas e sociais dos funcionarios do Concello de Vigo” (Disposición Transitoria Sétima, regra terceira, segundo parágrafo),

así como o texto do “Convenio colectivo dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo” (Disposición Transitoria Sexta, regra terceira, segundo parágrafo) nos termos do presente informe, en relación á fórmula de cálculo das gratificacións por servizos extraordinarios resultando o cálculo de dividir o importe anual total de retribucións, entre as horas realizadas anualmente (1642, actualmente).

A fórmula de cálculo será a seguinte:

$\text{Valor hora ordinaria ou normal} = \frac{\text{Retribucións básicas} + \text{CD (importe anual)} + \text{CE (importe anual)}}{\text{Xornada de traballo en cómputo anual (1.642 como regra xeral)}}$
--

2.- Para garantir unha aplicación obxectiva e eficaz na súa tramitación, será aplicable indistintamente tanto para o persoal funcionario como para o persoal laboral, tal e como se veu equiparando ata o momento coa aplicación do Acordo/Convenio Regulador e as Instrucións de Plantilla de 2010, sen distinción entre os distintos servizos municipais (incluídos os servizos de Prevención e Extinción de Incendios e Policía Local) e para todos os grupos e subgrupos de persoal.

3.- A nova forma de valoración dos servizos extraordinarios fora da xornada ordinaria, se aplicará con carácter retroactivo ás horas extras realizadas dende o 1 de xaneiro do 2024.

4.- Deberá observarse a regulación específica e aquelas limitacións recollidas na normativa aplicable a cada grupo de persoal, en especial a limitación das 80 horas anuais para o persoal laboral, a imposibilidade de substituír a retribución das gratificacións do persoal funcionario por tempo de descanso (máis alá da flexibilidade permitida no cumprimento da xornada) e para todos os empregados municipais a Directiva 2003/88/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 4 de novembro de 2003, relativa a determinados aspectos da ordenación do tempo de traballo, a xornada máxima non debe exceder de “48 horas, incluídas las horas extraordinarias, por cada período de sete días”.

Ase mesmo é necesario garantir un período mínimo de descanso diario de 11 horas consecutivas no curso de cada período de 24 horas, e por cada período de sete días, un período mínimo de descanso ininterrompido de 24 horas, ás que se engadiran as 11 horas de descanso diario, salvo as excepcións contempladas na normativa e acordos dos órganos competentes que respecten a mesma.

5.- As gratificacións para o seu axuste ao réxime retributivo previsto no TREBEP, deben configurarse sen distinción do grupo funcional.

6.- Estas gratificacións en ningún caso poderán ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, e tan só precederá a tramitación do seu pago cando se acredite o estrito cumprimento da xornada establecida, debendo figurar saldo positivo no control horario do persoal solicitante. Esta acreditación será responsabilidade das respectivas xefaturas no momento de realizar as oportunas solicitudes, sen prexuízo do control posterior por parte da Área de Recursos Humanos e Formación.”

O referido acordo publicouse no BOPPO nº 241 de data 12/12/2024.

4.2-Instrucións de plantilla municipal (acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/09/2010, coas rectificacións do mesmo órgano de datas 11/10/2010 e 02/11/2010, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 16/11/2010).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Establecen criterios para a xestión interna para as gratificacións por servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo na súa disposición cuarta, establecendo, entre outros apartados, a súa definición, a necesidade de autorización previa (salvo en supostos necesarios para previr ou reparar sinistros, situacións ou danos imprevistos de carácter urgente), informe xustificativo sobre a imposibilidade de compensar ditas horas en exceso con descanso, obriga de figurar saldo positivo no control horario, remisión para o cálculo do seu valor conforme ao disposto no Acordo regulador, etc...

Outra das previsións recollidas nas citadas Instrucións, é a prohibición de que o persoal dos grupos A1 e A2 poidan solicitar aboamento deste tipo de gratificacións, disposición que entendemos que carece de todo amparo normativo vixente hoxe en día, poidendo supoñer incluso unha vulneración do disposto nos artigos 14 da CE, artigo 14 apartados d) e i) do TREBEP, e artigo 71 apartados f) e l) da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, entre outros.

V.- Limitacións das horas extraordinarias

En canto ao número de horas extraordinarias, indicar que segundo a Directiva 2003/88/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 4 de novembro de 2003, relativa a determinados aspectos da ordenación do tempo de traballo, a xornada máxima non debe exceder de *"48 horas, incluídas las horas extraordinarias, por cada período de siete días"*. Elo derivado da normativa sobre prevención de riscos laborais, o que significa que nun momento puntual se pode traballar mais horas semanais, pero de promedio anual, non debe superarse o citado límite semanal.

Igualmente e de conformidade coa Directiva referida, é necesario garantir un período mínimo de descanso diario de 11 horas consecutivas no curso de cada período de 24 horas, e por cada período de sete días, un período mínimo de descanso ininterrompido de 24 horas, ás que se engadiran as 11 horas de descanso diario.

Pola súa banda o artigo 24 do TREBEP, no seu apartado d) establece que: *"La cuantía y estructura de las retribuciones complementarias de los funcionarios se establecerán por las correspondientes leyes de cada Administración Pública atendiendo, entre otros, a los siguientes factores:*

...

d) Los servicios extraordinarios prestados fuera de la jornada normal de trabajo."

No ámbito laboral o artigo 35 do TRET establece que: *"1. Tendrán la consideración de horas extraordinarias aquellas horas de trabajo que se realicen sobre la duración máxima de la jornada ordinaria de trabajo, fijada de acuerdo con el artículo anterior. Mediante convenio colectivo o, en su defecto, contrato individual, se optará entre abonar las horas extraordinarias en la cuantía que se fije, que en ningún caso podrá ser inferior al valor de la hora ordinaria, o compensarlas por tiempos equivalentes de descanso retribuido. En ausencia de pacto al respecto, se entenderá que las horas extraordinarias realizadas deberán ser compensadas mediante descanso dentro de los cuatro meses siguientes a su realización.*

2. El número de horas extraordinarias no podrá ser superior a ochenta al año, salvo lo previsto en el apartado 3. Para los trabajadores que por la modalidad o duración de su contrato

realizasen una jornada en cómputo anual inferior a la jornada general en la empresa, el número máximo anual de horas extraordinarias se reducirá en la misma proporción que exista entre tales jornadas.

A los efectos de lo dispuesto en el párrafo anterior, no se computarán las horas extraordinarias que hayan sido compensadas mediante descanso dentro de los cuatro meses siguientes a su realización.

El Gobierno podrá suprimir o reducir el número máximo de horas extraordinarias por tiempo determinado, con carácter general o para ciertas ramas de actividad o ámbitos territoriales, para incrementar las oportunidades de colocación de los trabajadores en situación de desempleo.

3. No se tendrá en cuenta, a efectos de la duración máxima de la jornada ordinaria laboral, ni para el cómputo del número máximo de las horas extraordinarias autorizadas, el exceso de las trabajadas para prevenir o reparar siniestros y otros daños extraordinarios y urgentes, sin perjuicio de su compensación como horas extraordinarias.

4. La prestación de trabajo en horas extraordinarias será voluntaria, salvo que su realización se haya pactado en convenio colectivo o contrato individual de trabajo, dentro de los límites del apartado

5. A efectos del cómputo de horas extraordinarias, la jornada de cada trabajador se registrará día a día y se totalizará en el periodo fijado para el abono de las retribuciones, entregando copia del resumen al trabajador en el recibo correspondiente.”

Conforme prevén os artigos 35.2 e 35.3 do TRET, como máximo se poden realizar 80 horas extraordinarias ao ano, sin contar as horas extra por forza maior ou as compensadas mediante descanso dentro dos catro meses posteriores a súa realización. A violación de este límite está tipificada como infracción empresarial grave polo artigo 7.5 da LISOS e sancionada con multa en su grado mínimo, de 751 a 1.500 euros, en su grado medio de 1.501 a 3.750 euros; y en su grado máximo de 3.751 a 7.500 euros. (artigo 40.1.b)

El TRET garda silencio en relación a un número de horas extraordinarias al mes, pero en todo caso habrá que respetar os tempos de descanso establecidos, como pode ser as 12 horas de descanso entre xornadas ou o descanso mínimo semanal, acumulable por períodos de ata catorce días, de día e medio ininterrompido que, como regra xeneral, comprenderá a tarde do sábado ou, no seu caso, a mañá do luns e o día completo do domingo.

VI.- Tramitación

1. Autorización previa para a realización servizos extraordinarios

Antes do inicio do trimestre ao que corresponda a autorización dos servizos extraordinarios, as xefaturas de cada servizo remitirán a solicitude de autorización á Área de RRHH e Formación cumprimentada conforme ao ANEXO II (MODELO DE SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE SERVICIOS EXTRAORDINARIOS), indicando o número máximo de horas a realizar no trimestre por cada unha categorías ou postos, previa verificación do número de prazas vacantes existentes na plantilla non ocupadas interinamente, así como, da súa cuantificación económica.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Á vista da solicitude, e trala comprobación de carácter formal de que a solicitude se axusta ao modelo e consta a documentación precisa se elevará proposta pola Área de RRHH e Formación para a súa aprobación pola concellería delegada da área competente, previo informe favorable de fiscalización.

A previa a autorización de servizos extraordinarios deberá tramitarse inexcusablemente con antelación suficiente ao inicio de cada un dos trimestres aos que abrangue este programa temporal.

2. Aboamento de gratificacións por servizos extraordinarios

Transcorrido catro meses dende que se teña autorizado a realización de servizos extraordinarios as xefaturas dos correspondentes servizos deberán remitir á Área de RRHH e Formación informe xustificativo da realización das horas e a solicitude de aboamento co contido que se establece no ANEXO III (MODELO DE INFORME E DECLARACIÓN RESPONSABLE DA XEFATURA DO SERVIZO), debendo reflectir o número de horas realizadas por cada efectivo a data de realización e os servizos ou actuacións efectuados.

Á vista do que antecede será formulada proposta pola Área de RRHH e Formación coa conformidade da concelleira delegada e, logo de ser sometida a fiscalización, de resultar favorable, será ditada a Resolución pola Concellería da Área autorizando o aboamento e se fará o pago efectivo.

IV.- Sometemento a fiscalización previa

Con carácter previo á aprobación dos presentes criterios e dado que terá repercusións económicas en expedientes futuros que se tramiten segundo os presentes criterios, debe someterse a fiscalización pola Intervención Municipal, de conformidade co disposto na lexislación reguladora sobre facendas locais (artigos 213 a 223) e control financeiro permanente de acordo co disposto no artigo 32.1 letra a) do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

PROPOSTA:

I.- Aprobar os criterios para a autorización e realización de servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria polo persoal municipal que constan no Anexo I que forma parte inseparable do presente acordo.

II.- Procédase á súa publicación na Intranet municipal por un prazo de dez días e no portal de transparencia para público coñecemento.

III.- Contra o precedente acordo se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

1. Autorización previa para a realización servizos extraordinarios

Antes do inicio do trimestre ao que corresponda a autorización dos servizos extraordinarios, as xefaturas de cada servizo remitirán a solicitude de autorización á Área de RRHH e Formación cumprimentada conforme ao ANEXO II (MODELO DE SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE SERVICIOS EXTRAORDINARIOS), indicando o número máximo de horas a realizar no trimestre por cada unha categorías ou postos, previa verificación do número de prazas vacantes existentes na plantilla non ocupadas interinamente, así como, da súa cuantificación económica.

Á vista da solicitude, e trala comprobación de carácter formal de que a solicitude se axusta ao modelo e consta a documentación precisa se elevará proposta pola Área de RRHH e Formación para a súa aprobación pola concellería delegada da área competente, previo informe favorable de fiscalización.

A previa a autorización de servizos extraordinarios deberá tramitarse inescusablemente con antelación suficiente ao inicio de cada un dos trimestres aos que abrangue este programa temporal.

2. Aboamento de gratificacións por servizos extraordinarios

Transcorrido catro meses dende que se teña autorizado a realización de servizos extraordinarios as xefaturas dos correspondentes servizos deberán remitir á Área de RRHH e Formación informe xustificativo da realización das horas e a solicitude de aboamento co contido que se establece no ANEXO III (MODELO DE INFORME E DECLARACIÓN RESPONSABLE DA XEFATURA DO SERVICIO), debendo reflectir o número de horas realizadas por cada efectivo a data de realización e os servizos ou actuacións efectuados.

Á vista do que antecede será formulada proposta pola Área de RRHH e Formación coa conformidade da concelleira delegada e, logo de ser sometida a fiscalización, de resultar favorable, será ditada a Resolución pola Concellería da Área autorizando o aboamento e se fará o pago efectivo.

3.- Para garantir unha aplicación obxectiva e eficaz na súa tramitación, será aplicable indistintamente tanto para o persoal funcionario como para o persoal laboral, tal e como se veu equiparando ata o momento coa aplicación do Acordo/Convenio Regulador e as Instrucións de Plantilla de 2010, sen distinción entre os distintos servizos municipais (incluídos os servizos de Prevención e Extinción de Incendios e Policía Local) e para todos os grupos e subgrupos de persoal.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

4.- Deberá observarse a regulación específica e aquelas limitacións recollidas na normativa aplicable a cada grupo de persoal, en especial a limitación das 80 horas anuais para o persoal laboral, a imposibilidade de substituír a retribución das gratificacións do persoal funcionario por tempo de descanso (máis alá da flexibilidade permitida no cumprimento da xornada) e para todos os empregados municipais a Directiva 2003/88/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 4 de novembro de 2003, relativa a determinados aspectos da ordenación do tempo de traballo, a xornada máxima non debe exceder de “48 horas, incluídas las horas extraordinarias, por cada período de siete días”.

Ase mesmo é necesario garantir un período mínimo de descanso diario de 11 horas consecutivas no curso de cada período de 24 horas, e por cada período de sete días, un período mínimo de descanso ininterrompido de 24 horas, ás que se engadiran as 11 horas de descanso diario, salvo as excepcións contempladas na normativa e acordos dos órganos competentes que respecten a mesma.

5- Estas gratificacións en ningún caso poderán ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, e tan só precederá a tramitación do seu pago cando se acredite o estrito cumprimento da xornada establecida, debendo figurar saldo positivo no control horario do persoal solicitante. Esta acreditación será responsabilidade das respectivas xefaturas no momento de realizar as oportunas solicitudes.

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE TRIMESTRAL PARA A REALIZACIÓN DE SERVICIOS EXTRAORDINARIOS EN EXCESO DA XORNADA

1. Motivación das necesidades de servizos extraordinarios en exceso da xornada durante o cuatrimestre comprendido entre o _____ e o _____ :

2. Verificación do número de prazas vacantes libres non cubertas :

En virtude de canto antecede, á xefatura de ...solicita á Concelleira delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal:

PRIMEIRO.- Que se autorice a realización de servizos extraordinarios en exceso da xornada legal de traballo, conforme ás circunstancias excepcionais e conxunturais expostas nos apartados anteriores que, serían distribuídas por categorías do seguinte xeito:

CATEGORÍA	HORAS
TOTAL	

SEGUNDO.- Que se autorice, previo informe de fiscalización, un gasto de _____ € con cargo á aplicación orzamentaria 92001510000.-GRATIFICACIÓNS para súa retribución de conformidade cos criterios para a autorización e realización de servizos extraordinarios forma da xornada laboral ordinaria polo persoal municipal (aprobado pola Xunta de Goberno Local o día _____ (expediente _____-220). quedando distribuído do seguinte modo:

CATEGORÍA	HORAS	IMPORTE
TOTAL		

Vigo, na data da sinatura dixital

O xefe do servizo de ...

ANEXO III

MODELO DE INFORME E DECLARACIÓN RESPONSABLE DA XEFATURA DO SERVIZO

ASUNTO: ABOAMENTO DE GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS REALIZADOS FORA DA XORNADA LABORAL ORDINARIA

Pola presente e ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, emítese **informe e declaración responsable** nos termos seguintes:

1.- Que o persoal que se contempla no cadro 1 deste anexo cumpriu a xornada legal ordinaria, no cuatrimestre comprendido entre o e o

2.- Que o persoal que se contempla no cadro 1 deste anexo realizou de forma efectiva os servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria no cuatrimestre comprendido entre o e o, e que os servizos extraordinarios realizados en exceso da xornada ordinaria non superan os límites legais nin poden ser compensados con descansos

CADRO 1

RELACIÓN DE PERSOAL QUE PRESTOU SERVIZOS EXTRAORDINARIOS FORA DA XORNADA LABORAL ORDINARIA

CATEGORÍA:			
NÚMERO DE PERSOAL	DE APELIDOS, NOME E DNI ANONIMIZADO	POSTO DE TRABALLO DE DESTINO	NÚMERO DE HORAS REALIZADAS EN EXCESO DA XORNADA



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

--	--	--	--

3.- Que a realización dos servizos extraordinarios ten sido autorizada por resolución de data....., declarando as xefaturas asinantes baixo a súa responsabilidade que todo o persoal relacionado no apartado anterior realizou o número de horas que se recollen no mesmo por enriba ou en exceso da xornada laboral legalmente establecida, e consonte ao acordo da Xunta de Goberno Local de data..... polo que se aprobou o programa de servizos extraordinarios retribuíbles mediante gratificacións.

E que, para a verificación de servizos extraordinarios realizados por enriba da xornada legalmente establecida en períodos inferiores ao ano, se comprobou, para todo o persoal relacionado no apartado anterior (Cadro 1), que o dito exceso se realizou sobre o saldo acumulado de horas que proporcionalmente lle corresponde realizar no período obxecto de xustificación.

4.- Que por tanto se solicita á Área de Recursos Humanos e Formación, como centro xestor dos créditos orzamentarios destinados ao pagamento das retribucións do persoal, a tramitación administrativa do expediente de gasto que conforme á normativa vixente corresponda.

Vigo, data segundo sinatura electrónica

O xefe do servizo de”

13(26).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS E CONVOCATORIA DOS PROCESOS SELECTIVOS DESTINADOS Á EXECUCIÓN DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO CORRESPONDENTES AO ANOS 2020, 2021 E 2022 (3ª FASE). EXPTE. 45808/220.

Visto o informe de fiscalización de data 10/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/01/2025, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 23/12/2020, aprobou a oferta de emprego público municipal para o devandito ano, que foi publicada no BOPPO de data 30/12/2020 (publicada rectificación no mesmo boletín oficial en data 12/03/2021). A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria do día 23/12/2021, aprobou a oferta de emprego público municipal para o devandito ano, que foi publicada no BOPPO de data 29/12/2021. Por acordo da Xunta de Goberno Local de 29/12/2022 (data de publicación oficial no BOPPO do 30/12/2022) foi aprobada a oferta de emprego público do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022.

II.- En acordo de data 26/07/2024 (expediente 40.095-220) a Xunta de Goberno Local acordou a resolución de recursos presentados ás bases xerais e específicas reguladoras da

convocatoria de procesos selectivos para a cobertura de prazas vacantes incluídas nas OEP dos anos 2020, 2021, 2022 – 1ª fase da convocatoria. (BOPPO nº 169 do 30 de agosto de 2024)

III.- Por acordo de data 23/08/2024 (expte 44949-220), a Xunta de Goberno Local, aprobou as bases específicas e convocatoria dos procesos selectivos para a cobertura de prazas vacantes incluídas nas OEP dos anos 2020, 2021, 2022, 2ª fase da convocatoria (BOPPO nº 179 de 13/09/2024). A XGL en sesión de data 27/12/2024, acordou a resolución dos recursos presentados contra as bases referidas neste parágrafo.

IV.- Consta no expediente informes de apoio técnico ao persoal da área de Recursos Humanos e Formación na elaboración das bases rectoras dos procesos selectivos a convocar en execución das ofertas de emprego público referenciadas, documentados en trámites 3 a 6, que conteñen as bases específicas das prazas incluídas na OEP 2020, 2021, 2022 (3ª fase da convocatoria) que son as seguintes:

PERSOAL FUNCIONARIO

- **Analista informático**
- **Economista**
- **Enxeñeiro/a de Camiños**
- **Enxeñeiro/a Industrial**
- **Enxeñeiro/a de Montes**
- **Delineante**
- **Diplomado/a en enfermería**
- **Inspector/a control concesionarias**
- **Programador/a informático**
- **Técnico/a auxiliar seguridade e mobilidade**
- **Técnico/a de sistemas**
- **Técnico/a medio de servizos económicos**
- **Técnico/a superior actividades culturais e educativas**

PERSOAL LABORAL

- **Capataz**

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- SOBRE AS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO E A SÚA EXECUCIÓN: MARCO LEGAL E PREVISIÓNS ESPECÍFICAS AO RESPECTO.

As Administracións Públicas están suxeitas no seu funcionamento aos principios constitucionais de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao Dereito (artigo 103.1 CE 1978), rexendo os principios de interdicción da arbitrariedade (artigo 9.3) e legalidade, debendo en consecuencia a Administración Pública garantir a plena observancia de que os procesos selectivos se desenvolvan garantindo os principios de igualdade, mérito, capacidade, transparencia, publicidade e concorrência competitiva recollidos no artigo 55 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e demais normativa sectorial de concordante aplicación.

As peculiaridades da función pública local contéplanse, con carácter xeral, na lexislación básica sobre réxime local; así, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, preceptúa nos seus artigo 100 que:

“1. Es competencia de cada Corporación local la selección de los funcionarios con la excepción de los funcionarios con habilitación de carácter nacional.

2. Corresponde, no obstante, a la Administración del Estado, establecer reglamentariamente:

a) Las reglas básicas y los programas mínimos a que debe ajustarse el procedimiento de selección y formación de tales funcionarios.

b) Los títulos académicos requeridos para tomar parte en las pruebas selectivas, así como los Diplomas expedidos por el Instituto de Estudios de Administración Local o por los Institutos o Escuelas de funcionarios establecidos por las Comunidades Autónomas, complementarios de los títulos académicos, que puedan exigirse para participar en las mismas.”

En igual senso, o artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

A vocación unificadora do lexislador en materia de función pública ten sido manifestada pola xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, **en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.**”*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirma que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que **la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

As ofertas de emprego público constituén elementos esenciais da ordenación de recursos humanos no sector público, dentro da actividade de planificación de recursos humanos, cuxo obxectivo fundamental é o de contribuir á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, regula as ofertas de emprego público no seu artigo 70, establecendo que:

*“1. Las necesidades de recursos humanos, con asignación presupuestaria, que deban proveerse mediante la incorporación de personal de nuevo ingreso serán objeto de la Oferta de empleo público, o a través de otro instrumento similar de gestión de la provisión de las necesidades de personal, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por cien adicional, fijando el plazo máximo para la convocatoria de los mismos. **En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público o instrumento similar deberá desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años.***

2. La Oferta de empleo público o instrumento similar, que se aprobará anualmente por los órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas, deberá ser publicada en el Diario oficial correspondiente.

3. La Oferta de empleo público o instrumento similar podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos.”

O Informe da Comisión de Expertos constituída para a elaboración do borrador técnico de Estatuto Básico do Empregado Público, designado por Orde APU 3018/2004, do 16 de decembro, xa sinalaba, con respecto ás ofertas de emprego público, a necesidade de establecemento dun prazo para a súa execución, aos efectos de evitar irregularidades¹, lembrando a obriga de convocar as prazas ofertadas no prazo máximo que se establecese ao efecto, e aconsellando que se contemplase éste no desenvolvemento normativo do EBEP. O certo é que a redacción final da norma contempla un prazo de 3 anos para a súa execución, sen dúbida coa finalidade de garantir a efectiva materialización do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade que toda persoa que reúna os requisitos ao efecto ten,

1 Vid. Páxina 74 do Informe da Comisión.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

sen que ese dereito poda ser susceptible de non materializarse por dilación ou ineficiencia imputables á Administración.

Os procesos de desenvolvemento normativo do EBEP prolongáronse durante anos dende a súa entrada en vigor (12/05/2007) e non foi ata o ano 2015 -tras efectuar certas adaptacións de relevancia a través do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, do texto refundido da Lei de Función pública de Galicia- cando o lexislador da nosa Comunidade Autónoma de Galicia procedeu á aprobación da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia, en exercicio das competencias que ten atribuídas na materia.

A dita norma contempla no seu artigo 48, con carácter xeral, en desenvolvemento do previsto no artigo 70 do TREBEP, e polo que atinxe ás ofertas de emprego público, que:

“1. Las necesidades de recursos humanos con asignación presupuestaria que no puedan ser cubiertas con los efectivos de personal existentes, incluidas las vacantes desempeñadas por personal funcionario interino o laboral temporal, serán objeto de oferta de empleo público, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por ciento adicional, salvo que se decida su amortización, estén incursas en un procedimiento de provisión de puestos de trabajo por concurso o, en el caso del personal docente, la planificación educativa lo impida.

2. En las ofertas de empleo público se reservará un porcentaje no inferior al siete por ciento de las plazas convocadas para ser cubiertas entre personas con discapacidad, siempre que superen las pruebas selectivas y acrediten su discapacidad y la compatibilidad de esta con el desempeño de las tareas y funciones, de forma que progresivamente se alcance el dos por ciento de los efectivos totales de cada Administración pública incluida en el ámbito de aplicación de la presente ley.

La reserva del mínimo del siete por ciento se realizará de manera que, al menos el dos por ciento de las plazas ofertadas lo sea para ser cubiertas por personas que acrediten discapacidad intelectual, y el resto de las plazas ofertadas lo sea para personas que acrediten cualquier otro tipo de discapacidad.

La reserva se hará sobre el número total de las plazas incluidas en la respectiva oferta de empleo público, pudiendo concentrarse las plazas reservadas para personas con discapacidad en aquellas convocatorias que se refieran a cuerpos, escalas o categorías que se adapten mejor a las peculiaridades de las personas con discapacidad. Cuando de la aplicación de los porcentajes resulten fracciones decimales, se redondearán por exceso para su cómputo.

Si las plazas reservadas y que fueron cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzasen el porcentaje del tres por ciento de las plazas convocadas en la correspondiente oferta de empleo público, las plazas no cubiertas del número total de las reservadas se acumularán al porcentaje del siete por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del doce por ciento.

3. Las ofertas de empleo público pueden prever que las plazas reservadas para personas con discapacidad se convoquen conjuntamente con las plazas ordinarias o mediante convo-

catorias independientes, garantizándose, en todo caso, el carácter individual de los procesos selectivos. Las pruebas de los procesos objeto de convocatoria independiente tendrán el mismo contenido que las que se realicen en las convocatorias ordinarias y las personas que participen en ellas deberán acreditar el grado de discapacidad indicado. Las plazas incluidas en estas convocatorias se computarán en el porcentaje reservado en la oferta de empleo público para su cobertura entre personas con discapacidad.

4. Una vez aprobada y publicada la oferta de empleo público, los respectivos procesos selectivos se convocarán en el plazo máximo fijado en la misma. En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público debe desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años, a contar a partir del día siguiente al de la publicación de aquella en el correspondiente diario oficial.

5. La oferta de empleo público podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos.”

Dentro do Título X, denominado “Especialidades do persoal ao servizo das entidades locais” a norma autonómica contempla que:

“1. Las entidades locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal, así como a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de aquella para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las administraciones públicas.

2. No podrá nombrarse personal interino para plazas que no se hubieran incluido en la oferta de empleo público, salvo cuando se trate de vacantes producidas con posterioridad a su aprobación.”

No ámbito do sector público local, tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, como o Real Decreto legislativo 781/1985, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, non contemplan especialidade algunha no concreto aspecto indicado, sen prexuízo do cal debe lembrarse a obrigatoriedade de observancia da lexislación básica ex artigo 2.1 do RD legislativo 2/2015, do 30 de outubro, así como da lexislación de función pública no ámbito autonómico correspondente (artigo 7 Lei autonómica 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia).

Por tanto, o marco legal vixente establece unha dobre obriga: a de execución das ofertas de emprego público dentro dun límite temporal de 3 anos, contados dende a data de publicación no diario oficial correspondente², e a de convocatoria dos procesos selectivos dentro do prazo establecido ao efecto.

No relativo ás bases, non pode obviarse a aplicación directa do previsto no Real Decreto 896/1991, de 7 de junio, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, en cuxo artigo 6 se establece expresamente que:

2 A diferencia do preceptuado no EBEP, que únicamente contempla un límite temporal de 3 anos, sen indicar unha referencia concreta para o cómputo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

“1. Las bases de las pruebas selectivas, así como las correspondientes convocatorias, se publicarán en el «Boletín Oficial» de la provincia, en el «Boletín Oficial» de la Comunidad Autónoma, y en su caso, en otros diarios oficiales o en el período oficial de la Corporación interesada.

2. El anuncio de las convocatorias se publicará en el «Boletín Oficial del Estado» y deberá contener:

Denominación de la Escala, subescala y clase para cuyo ingreso se convocan las pruebas selectivas, Corporación que las convoca, clase y número de plazas, con indicación de las que se reserven, en su caso, a promoción interna, así como las que se reserven para personas con minusvalías, fecha y número del Boletín o diarios oficiales en que se han publicado las bases y la convocatoria.”

II.- SOMETEMENTO Á PRECEPTIVA FISCALIZACIÓN PREVIA DA PROPOSTA DE ACORDO.

Será preceptiva a fiscalización previa de gasto conforme ó establecido no RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (artigos 213 a 223) dado que, aínda que a presente proposta de aprobación de bases e convocatoria carece de contido económico, resulta susceptible de xenerar obrigas económicas a futuro para o Concello de Vigo, polo cal o presente expediente electrónico deberá ser sometido á fiscalización da Intervención Xeral Municipal.

III.- AUSENCIA DE PRECEPTIVIDADE DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA.

De conformidade co artigo 37.2, apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) están expresamente excluídas das materias obxecto de negociación colectiva “la regulación y determinación concreta, en cada caso, de los sistemas, criterios, órganos y procedimientos de acceso al empleo público y la promoción profesional.”

IV.- PRAZAS INCLUIDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO (2020, 2021 e 2022): TERCEIRA FASE

Integran a terceira fase as restantes prazas incluídas na OEP 2020, 2021, 2022 que no están integradas na 1ª e 2ª fase da convocatoria, e son as seguintes:

PERSOAL FUNCIONARIO

- **Analista informático**
- **Economista**
- **Enxeñeiro/a de Camiños**
- **Enxeñeiro/a Industrial**
- **Enxeñeiro/a de Montes**
- **Delineante**
- **Diplomado/a en enfermería**
- **Inspector/a control concesionarias**

- Programador/a informático
- Técnico/a auxiliar seguridade e mobilidade
- Técnico/a de sistemas
- Técnico/a medio de servizos económicos
- Técnico/a superior actividades culturais e educativas

PERSOAL LABORAL

- Capataz

A información correspondente a cada oferta de emprego público e a descarga das publicacións oficiais correspondentes atópase accesible no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, no enlace seguinte:

https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/oep.jsp?lang=gal&id_tipo=1&org=2

Respecto do proceso de elaboración técnica das bases específicas, indícase que constan rematados en data 17 de decembro do 2024 os traballos de apoio técnico ao persoal da Área de Recursos Humanos e Formación na elaboración das bases rectoras dos procesos selectivos a convocar en execución das ofertas de emprego público referenciadas, documentados en trámites 3 a 6, ambos inclusive, do presente expediente.

VI.- COMPETENCIA

O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelle ó municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación.

O órgano competente para a aprobación de convocatorias das ofertas de emprego público e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1., apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Á vista do exposto, en estricto cumprimento do sinalado no antecedente V do presente informe, e coa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“**PRIMEIRO.-** Aprobar a convocatoria e as bases específicas dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes ao anos 2020, 2021 e 2022 (3ª fase) integrada polas prazas seguintes:

PERSOAL FUNCIONARIO

- Analista informático
- Economista
- Enxeñeiro/a de Camiños
- Enxeñeiro/a Industrial



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- **Enxeñeiro/a de Montes**
- **Delineante**
- **Diplomado/a en enfermería**
- **Inspector/a control concesionarias**
- **Programador/a informático**
- **Técnico/a auxiliar seguridade e mobilidade**
- **Técnico/a de sistemas**
- **Técnico/a medio de servizos económicos**
- **Técnico/a superior actividades culturais e educativas**

PERSOAL LABORAL

- **Capataz**

Nos termos do informe xurídico-proposta de acordo que antecede, dos informes incorporados ao expediente electrónico, e do informe preceptivo de fiscalización previa, formando parte inseparable do presente acordo as bases específicas, incorporadas como ANEXO I, e constando a aprobación das bases xerais por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xullo do 2024.

SEGUNDO.- Determinar, en execución das previsións do I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo aprobado por unanimidade do Pleno da Corporación Municipal de Vigo en sesión de data 15 de setembro do 2021 (BOPPO nº 189, do 30 de setembro do 2021) a obriga dos tribunais e órganos de selección de persoal do Concello de Vigo de velar polo cumprimento do dereito fundamental á igualdade, consonte ao preceptuado no artigo 14 da Constitución Española de 1978 e restante normativa de procedente aplicación.

TERCEIRO.- Ordenar a realización das publicacións oficiais que correspondan, dispoñendo a súa inserción na web municipal www.vigo.org e na Intranet Municipal aos efectos do seu público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES ESPECÍFICAS

PERSOAL FUNCIONARIO

- **ANALISTA INFORMÁTICO**

I.- NÚMERO DE PRAZAS: Unha praza (quenda libre).

II.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS: En réxime funcional, enmarcada no grupo A, subgrupo A2; escala, Administración especial; subescala, servizos especiais, clase, cometidos especiais. Estará dotada coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo A2, e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulte adscrita a praza do aspirante. Figurará incluída no réxime de dedicación exclusiva.

III.- SISTEMA DE SELECCIÓN: Establécese o de oposición libre para unha praza, de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022.

IV.- CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de grado en física ou equivalente, ou grado en matemáticas ou equivalente ou grado en enxeñeiro ou equivalente, e formación específica en informática.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- FASE DE OPOSICIÓN

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de tres horas, a 4 temas elixidos ao chou, dos que figuran no apartado "X. Programa específico para a quenda libre". Un destes temas corresponderá ao primeiro apartado dos temas "A) Temario xeral" e o resto ao apartado "B) Temario específico". Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese. Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle á persoa aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que formulará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados co contido do temario específico, relativos as tarefas propias da praza. Durante o desenvolvemento desta proba as persoas aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios. As persoas aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle á persoa aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario de contornos operativos linux/windows ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (open office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), así como coñecementos básicos de Sistemas CAD e de Información Xeográfica no tempo que estableza o órgano de selección.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de un (1) punto.

Cuarto exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, conforme ao previsto na base 10ª das xerais, que será determinada polo órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación co seu anexo I, punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de un (1) punto.

VI.- ORDE DE PRELACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES PARA A QUENDA LIBRE

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación dos exercicios terceiro e cuarto será de 0 a 2 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 1 punto en cada unha.

Oposición			
Primeiro exercicio	Segundo exercicio	Terceiro exercicio	Cuarto exercicio
Teórico	Supostos teórico-prácticos	Proba en competencias dixitais	Proba de lingua galega
0-10 puntos	0-10 puntos	0-2 puntos	0-2 puntos
0-24 puntos			

A puntuación final obterase sumando as puntuacións de cada un dos exercicios, sendo o total sobre a base de 24 puntos.

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

VII.- PROGRAMA ESPECÍFICO

A) TEMARIO XERAL:

OS DOCE PRIMEIROS TEMAS SON OS QUE FIGURAN COMO ANEXO NAS BASES XERAIS PARA O SUBGRUPO A2.

B) TEMARIO ESPECÍFICO:

- Tema 1. A política de protección de datos de carácter persoal. Normativa. A Axencia Española de Protección de Datos.
- Tema 2. Adaptación de aplicacións e contornas aos requisitos da normativa de protección de datos segundo os niveis de seguridade. Ferramentas de cifrado e auditoría.
- Tema 3. Novidades de adaptación tecnolóxica do procedemento electrónico nas leis 39/2015 e 40/2015. Desenvolvemento ENS.
- Tema 4. Seguridade de sistemas. Análise e xestión de riscos.
- Tema 5. Reutilización da Información no Sector Público en Europa e España. Papel do TIC na implantación de políticas de datos abertos e transparencia.
- Tema 6. A xestión da compra pública de tecnoloxías da información.
- Tema 7. A protección xurídica dos programas de computador. Os medios de comprobación da legalidade e control do software.
- Tema 8. Accesibilidade e usabilidade. W3C. Deseño universal. Deseño web adaptativo.
- Tema 9. Definición, estrutura e dimensionamiento eficiente dos Sistemas de Información.
- Tema 10. A información nas organizacións. As organizacións baseadas na información. A Administración como caso específico deste tipo de organización.
- Tema 11. Organización e funcionamento dun Centro de Sistemas de Información. Funcións de: desenvolvemento, mantemento, sistemas, bases de datos, comunicacións, seguridade, calidade, microinformática e atención a usuarios.
- Tema 12. Os sistemas de xestión de bases de datos SGBD. O modelo de referencia de ANSI Ferramentas.
- Tema 13. O modelo relacional. A linguaxe SQL. Normas e estándares para a interoperabilidade entre xestores de bases de datos relacionales.
- Tema 14. Arquitectura de desenvolvemento na web. Desenvolvo web front-end. Scripts de cliente. Frameworks. UX. Desenvolvo web en servidor, conexión a bases de datos e interconexión con sistemas e servizos.
- Tema 15. Contorna de desenvolvemento JAVA.
- Tema 16. Contorna de desenvolvemento PHP.
- Tema 17. Software de código aberto. Software libre. Conceptos basee. Aplicacións en contorna ofimático e servidores Web.
- Tema 18. Intelixencia artificial: a orientación heurística, intelixencia artificial distribuída, axentes intelixentes.
- Tema 19. Xestión do coñecemento: representación do coñecemento. Sistemas expertos. Ferramentas.
- Tema 20. Sistemas CRM (Customer Relationship Management) e ERP (Enterprise Resource Planning). Xeración de informes á Dirección.
- Tema 21. E-Learning: Conceptos, ferramentas, sistemas de implantación e normalización.
- Tema 22. Metodoloxías predictivas para a xestión de proxectos: GANTT, PERT.
- Tema 23. Metodoloxías áxiles para a xestión de proxectos.
- Tema 24. O procesamento cooperativo e a arquitectura cliente-servidor. Arquitectura SOA.
- Tema 25. O ciclo de vida dos sistemas de información. Modelos do ciclo de vida.
- Tema 26. Planificación estratéxica de sistemas de información e de comunicacións. O plan de sistemas de información.
- Tema 27. Análise funcional de sistemas, casos de uso e historias de usuario. Metodoloxías de desenvolvemento de sistemas. Metodoloxías áxiles: Scrum e Kanban.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- Tema 28. Análise do dominio dos sistemas: Modelado de dominio, modelo entidade relación e modelos de clases.
- Tema 29. Análise dinámica de sistemas: Modelado de procesos, modelado dinámico e BPMN (Business Process Model and Notation).
- Tema 30. Análise de aspectos non funcionais: Rendemento, seguridade, privacidade.
- Tema 31. Técnicas de deseño de software. Deseño por capas e patróns de deseño.
- Tema 32. A elaboración de prototipos no desenvolvemento de sistemas. Deseño de interfaces de aplicacións.
- Tema 33. A metodoloxía de planificación e desenvolvemento de Sistemas de Información Métrica.
- Tema 34. Procesos de probas e garantía de calidade no desenvolvemento de software. Planificación, estratexia de probas e estándares. Niveis, técnicas e ferramentas de probas de software. Criterios de aceptación de software.
- Tema 35. Métricas e avaliación da calidade do software. A implantación da función calidade.
- Tema 36. Reinxeñaría de sistemas de información e enxeñaría inversa.
- Tema 37. Xestión documental. Xestión de contidos. Tecnoloxías CMS e DMS de alta implantación.
- Tema 38. A estimación de recursos e esforzo no desenvolvemento de sistemas de información.
- Tema 39. Deseño arquitectónico de sistemas. Diagramas de despregamento...
- Tema 40. Os sistemas de Información xeográfica. Conceptos e funcionalidade básicos
- Tema 41. Xestión dos datos corporativos. Almacén de datos (Data-Warehouse). Arquitectura OLAP. Minería de datos.
- Tema 42. Linguaxes e ferramentas para a utilización de redes globais. HTML, CSS e XML. Navegadores web e compatibilidade con estándares.
- Tema 43. O cifrado. Algoritmos de cifrado simétricos e asimétricos. A función hash. O notariado.
- Tema 44. Identificación e sinatura electrónica. Prestación de servizos públicos e privados. Infraestrutura de clave pública (PKI). Mecanismos de identificación e firma: «Smart Cards», DNI electrónico, mecanismos biométricos.
- Tema 45. Sistemas de recuperación da información. Políticas, procedementos e métodos para a conservación da información.
- Tema 46. Planificación e control do TIC: Xestión de servizos e infraestruturas TIC, xestión de valor do TIC. Acordos de Nivel de Servizo. Xestión de incidencias. Bases conceptuais de ITIL (IT Infrastructure Library), e CoBIT (Control Objectives for Information and Related Technology), obxectivos de control e métricas
- Tema 47. Redes de telecomunicacións. Conceptos. Medios de transmisión. Conmutación de circuítos e paquetes. Protocolos de encamiñamento. Infraestruturas de acceso. Interconexión de redes. Calidade de servizo.
- Tema 48. A rede Internet e os servizos básicos.

• ECONOMISTA

I.- NÚMERO DE PRAZAS: Dúas prazas (quenda libre).

II.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS: Enmarcadas no Grupo A de titulación, Subgrupo A1; escala, Administración Especial; subescala, técnica; clase, superior. Estarán dotadas coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo A1 e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulten adscritas as prazas que se convocan. Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

III.- SISTEMA DE SELECCIÓN: Establécese o de oposición libre de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022.

IV.- CONDICIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título académico oficial de grao en ciencias económicas ou empresariais ou equivalente.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de dúas horas, un tema de composición determinado polo órgano de selección no momento de realizar a proba, que garde relación directa cun dos temas do programa, elixido por sorteo numérico.

Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición.

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle ás o aos aspirantes calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de tres horas, catro temas elixidos ao chou, de entre os que figuran no temario. Un destes corresponderá ao primeiro apartado dos temas “Temario xeral” e o resto ao apartado de “Temario específico”.

Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición.

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle á persoa aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que determinará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados coas materias que integran o programa específico das bases da convocatoria, relativos as tarefas propias da praza. As persoas opositoras poderán facer uso dos textos legais que consideren oportunos, non incluíndo ni manuais nin textos comentados.

As persoas aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle á persoa aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Cuarto exercicio.—De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Proba práctica en competencias dixitais. Consistirá nunha proba de carácter práctico, dirixida a avaliar as competencias dixitais a nivel usuario/o de entornos e ferramentas dixitais, aplicacións de carácter básico, contornos operativos Windows, Linux ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (Open Office ou similar) e de utilidades básicas de internet nos ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o órgano de selección.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de dous (2) puntos.

Quinto exercicio.—De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, conforme ao previsto na base 10ª das xerais, que será determinada polo órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación co seu anexo I, punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de un (1) punto.

VI.- ORDE DE PRELACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

A cualificación dos tres primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos e quedará eliminado a persoa aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación dos exercicios cuarto e quinto será de 0 a 2 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 1 punto en cada un deles.

Oposición				
Primeiro exercicio	Segundo exercicio	Terceiro exercicio	Cuarto exercicio	Quinto exercicio
Teórico	Teórico	Supostos teórico-prácticos	Proba en competencias dixitais	Proba de lingua galega
0-10 puntos	0-10 puntos	0-10 puntos	0-2 puntos	0-2 puntos
0-34 puntos				

A puntuación final obterase sumando as puntuacións de cada un dos exercicios, sendo o total sobre a base de 34 puntos.

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

VII. PROGRAMA ESPECÍFICO

(OS DEZAOITO PRIMEIROS TEMAS SON OS QUE FIGURAN COMO ANEXO NAS BASES XERAIS PARA O SUBGRUPO A1)

TEMARIO ESPECÍFICO

- Tema 1. A economía e a facenda na Constitución Española. O modelo económico constitucional. Competencias estatais, autonómicas e locais en materia tributaria. Principios constitucionais en materia de financiamento autonómica e local. A carta Europea de Autonomía Local. Incidencia estatal e autonómica na autonomía financeira local.
- Tema 2. Economía: concepto e método. Principais problemas económicos: a actividade económica. Definición e clasificación dos sistemas económicos: análise da economía de mercado. Enfoques micro e macroeconómico.
- Tema 3. O comportamento do consumidor. A demanda de bens. A elasticidade da demanda: concepto e tipos. O comportamento da/o empresaria/o. Os principios de mínimo custe e máximo beneficio. A función de produción. Concepto e tipos de custes de produción.
- Tema 4. A estrutura do mercado de bens. Competencia perfecta. Monopolio. Oligopolio. Competencia monopolística. Os mercados de factores e a distribución da renda. A negociación colectiva. Modelos económicos e políticos. Os sindicatos.
- Tema 5. Magnitudes agregadas básicas: produto, renda e gasto nacional. Problemas de avaliación e agregación.
- Tema 6. A oferta monetaria: os seus compoñentes. O diñeiro: concepto, funcións e clases. Mercado de diñeiro e mercado de capitais. O banco central e os bancos comerciais e industriais. Os intermediarios financeiros bancarios e non bancarios. A demanda de diñeiro.
- Tema 7. Obxectivos económico básicos e política económica (I): Pleno emprego e paro: explicacións teóricas. Tipos. Medición do desemprego. Importancia económica. O caso español. Políticas de emprego.
- Tema 8. Obxectivos económico básicos e política económica (II): Estabilidade de prezos: A inflación, explicacións teóricas, medición: Índice de prezos ó consumo (IPC) e deflactor do PIB. Crecemento económico: definición, medición: O Produto interior bruto (PIB), explicacións teóricas, políticas de crecemento.
- Tema 9. Os problemas do sector exterior da economía. Estrutura e saldo da balanza de pagos. Tipos de cambio.
- Tema 10. "Fallos do mercado" e intervención pública. Bens públicos. Externalidades. Competencia imperfecta. Obxectivos e instrumentos de política económica: estabilización. A intervención en materia de distribución da renda. Salarios de inserción e o sistema de seguridade social.
- Tema 11. A economía española: análise sectorial e espacial da súa estrutura. A economía de Galicia. O perfil económico da cidade de Vigo.
- Tema 12. Procesos de integración económica. A organización mundial do comercio.
- Tema 13. O dereito mercantil. As sociedades mercantís en xeral. Concepto. Clases. Disolución e liquidación de sociedades.
- Tema 14. A sociedade colectiva. A sociedade comanditaria. A Sociedade de responsabilidade limitada. Administración e Representación. Xunta de socios.
- Tema 15. A sociedade anónima. O Rexistro Mercantil.
- Tema 16. As obrigas e os Contratos mercantís (I). Contrato de comisión, de axencia, de concesión mercantil, franquía, de compravenda, de subministración, de conta corrente entre empresarias/os.
- Tema 17. As obrigas e os Contratos mercantís (II). Contrato de leasing, de factoring. A letra de cambio. Os contratos bancarios: depósito, préstamo, transferencia, desconto bancario, crédito bancario.
- Tema 18. Contabilidade financeira. Contas anuais. Principios e criterios contables. O cadro de contas. Os grupos de contas. Obrigas legais da contabilidade das/os empresarias/os.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- Tema 19. Normas de Rexistro e Valoración no Plan Xeral Contable.
- Tema 20. As obrigas legais da contabilidade das/os empresarias/os relativas aos libros de contabilidade e as contas anuais. O Ciclo Contable.
- Tema 21. Contabilidade de sociedades (I): concepto. A constitución de sociedades.
- Tema 22. Contabilidade de sociedades (II): O Aumento e redución de capital social. Transformación, fusión, escisión e disolución de sociedades.
- Tema 23. A consolidación contable. Os grupos de sociedades. Métodos de consolidación. Relación co Imposto de Actividades económicas.
- Tema 24. Auditoría de contas. Concepto e obxectivos. A obriga de auditar. Normas de auditoría xeralmente aceptadas. Obtención da evidencia de auditoría. Tipos de opinión.
- Tema 25. Contabilidade Fiscal (I): Diferenzas temporais. Diferenzas permanentes. Contabilización do Imposto de Sociedades. Activos por diferenzas temporais deducibles. Pasivos por diferenzas temporal impositivos. Imposto imputado ó grupo 8 do cadro de contas.
- Tema 26. Contabilidade Fiscal (II): Contabilización do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE repercutido e IVE Soportado). Regra da Prorrata.
- Tema 27. Contabilidade Fiscal (III): Cálculo do importe neto da cifra de negocio.
- Tema 28. As fontes de financiamento das empresas.
- Tema 29. O mercado de valores: regulación, concepto e clases. A organización da bolsa de valores: os órganos de control, os órganos de xestión e dirección e os intermediarios. A débeda pública: concepto e clases.
- Tema 30. O Texto Refundido da Lei Concursal. Procedemento e efectos da declaración de concurso. Créditos concursales e créditos contra a masa.
- Tema 31. Contabilidade do Sector Público. Principios Contables Públicos. A Contabilidade da execución do presuposto de gasto. A Contabilidade da execución do presuposto de ingresos.
- Tema 32. O sistema de contabilidade da Administración Local. Principios xerais. Competencias. Fins da Contabilidade na administración local. A Instrución de contabilidade para a Administración Local. Particularidades do réxime especial simplificado. Documentos contables. Libros de Contabilidade.
- Tema 33. A conta xeral das Entidades locais. Os estados e contas anuais e anexos da Entidade Local e os seus Organismos Autónomos. As contas das sociedades mercantís. Tramitación da Conta Xeral. Outra información a subministrar ao pleno, aos órganos de xestión e outras Administracións Públicas.
- Tema 34. O Control interno da actividade do sector público Local. A función interventora. O control financeiro.
- Tema 35. O Control externo da actividade económico-financeira do sector público Local. A fiscalización das Entidades Locais polo Tribunal de Contas. Órganos de control das CCAA.
- Tema 36. As facendas locais en España: principios. Réxime xurídico. Incidencia Estatal e Autonómica na autonomía financeira local. A coordinación das facendas estatal, autonómica e local.
- Tema 37. O orzamento xeral das entidades locais: concepto e contido. Elaboración e aprobación: referencia ás bases de execución do orzamento. A prorroga orzamentaria
- Tema 38. A estrutura orzamentaria. Os créditos do orzamento de gastos: delimitación, situación e niveles de vinculación xurídica. As modificacións de crédito: clases, concepto, financiamento e tramitación.
- Tema 39. A execución do orzamento de gastos e de ingresos: fases. Os pagos a xustificar. Os anticipos de caixa fixa. Os gastos de carácter plurianual. A tramitación anticipada de gastos. Os proxectos de gasto. Os gastos con financiamento afectado: as desviacións de financiamento.

- Tema 40. A liquidación do orzamento. Tramitación. Remanentes de crédito. O resultado orzamentario: concepto, cálculo e axustes. O remanente de tesourería: concepto e cálculo. O remanente para gastos con financiamento afectado e para gastos xerais.
- Tema 41. A tesourería das Entidades Locais. Réxime xurídico. O principio de unidade de caixa. Funcións da tesourería. Organización. Situación dos fondos. A realización de pagos: prelación, procedementos e medios de pago. O estado de conciliación.
- Tema 42. O dereito tributario.- concepto. A Lei Xeral Tributaria: concepto, contido e fontes. Os principios do ordenamento tributario español.
- Tema 43. A aplicación e a interpretación das normas tributarias. Ámbito temporal e criterios de suxeición ás normas tributarias. Cualificación. A integración das normas tributarias: analoxía, simulación e conflito na aplicación da norma tributaria.
- Tema 44. Os Tributos (I): Concepto, fines e clases. A relación xurídico-tributaria. Suceso activo. Sucesos pasivos. As obrigas tributarias: clases.
- Tema 45. Os Tributos (II): Responsables. A solidariedade. Extensión e efectos. O domicilio fiscal. A representación. A transmisión da débeda.
- Tema 46. O Feito Imponible. As Exencións. Elementos de cuantificación da obriga tributaria principal: Bases Imponible e liquidable. Tipo de gravame. Cota e débeda tributaria.
- Tema 47. A xestión tributaria (I): Delimitación e ámbito. A liquidación dos tributos. A declaración tributaria. Os actos de liquidación: clases e réxime xurídico.
- Tema 48. A xestión tributaria (II): Procedementos de xestión tributarias: Devolucións. Comprobación de valores. Verificación de datos. Comprobación limitada.
- Tema 49. A aplicación dos tributos. Os procedementos administrativos en materia tributaria: fases. A obriga de resolución e prazos de resolución. A proba. As notificacións. A denuncia pública. As liquidacións tributarias.
- Tema 50. A extinción da obrigación tributaria. O Pago: requisitos, medios de pago e efectos do pago. A imputación de pagos. Consecuencias da falta de pago e consignación. Outras formas de extinción: a prescrición, a compensación, a condonación e a insolvencia.
- Tema 51. A recadación tributaria. O procedemento de recadación en período voluntario. O procedemento en vía de apremio. Aprazamento e fraccionamento do pago. Desenvolvemento do procedemento de apremio: terminación. Impugnación do procedemento. As garantías tributarias.
- Tema 52. A inspección dos tributos (I): Funcións, facultades, deberes, actuacións. O procedemento de inspección: iniciación, obxecto e alcance, lugar e horario das actuacións. Desenvolvemento do procedemento: Prazo, alegacións e trámite de audiencia.
- Tema 53. A inspección dos tributos (II): Documentación das actuacións inspectoras. Comprobacións e inspección dos tributos municipais: Particularidades na inspección do IAE.
- Tema 54. A revisión dos actos de carácter tributario en vía administrativa. Os procedementos especiais de revisión. O recurso de reposición. As reclamacións económico-administrativas.
- Tema 55. A potestade sancionadora en materia tributaria: principios. Os sucesos responsables das infraccións e sancións tributarias. Concepto e clases de infraccións e sancións tributarias. Cuantificación das sancións.
- Tema 56. Visión global do sistema tributario español. Distribución das diferentes figuras entre os niveis de facenda: estatal, autonómico e local. Funcións dentro do sistema das distintas figuras tributarias. Relacións entre os principais impostos.
- Tema 57. O Imposto sobre Sociedades (I): Natureza e ámbito de aplicación. O feito imponible. Contribuíntes. Exencións plenas e parciais. A base imponible: Concepto e réximes de determinación. Imputación temporal de ingresos e gastos.
- Tema 58. O Imposto sobre Sociedades (II): Limitación á deducibilidade de gastos: amortizacións, perdas por deterioración do valor dos elementos patrimoniais e provisións e outros gastos. Gastos non deducibles. Limitación á deducibilidade de gastos financeiros. Regras de valoración: operacións vinculadas.
- Tema 59. O Imposto sobre Sociedades (III): Exencións e reducións na base imponible. Período impositivo e devindicación. Tipos de gravame. Deducións e bonificacións sobre a cota.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- Pago fraccionado, retencións e ingresos a conta. O índice de entidades. Obrigacións contables e rexistras. Declaracións, liquidacións e devolucións. Réximes especiais.
- Tema 60. O Imposto sobre o valor engadido.
- Tema 61. O Imposto sobre sucesións e doazóns. O imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. O imposto sobre o patrimonio.
- Tema 62. Os recursos das Facendas Locais.- Enumeración. Os recursos dos municipios. Os recursos das provincias. Os recursos doutras Entidades Locais Menores. Réximes especiais. Os ingresos de dereito privado.
- Tema 63. Os tributos locais: principios. A potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria: contido das ordenanzas fiscais, tramitación e réxime de impugnación dos actos de imposición e ordenación de tributos. Os recursos non tributarios das entidades locais.
- Tema 64. O Imposto sobre bens inmobles.
- Tema 65. O Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario: estrutura, contido e principios informadores. Formación e mantemento do Catastro Inmobiliario: tipos de procedementos de incorporación. Procedemento de valoración catastral. Regulamento do TRLCI: estrutura e contido.
- Tema 66. O Imposto sobre Actividades Económicas (I): Natureza. Feito imponible. Suceso pasivo. Exencións e bonificacións.
- Tema 67. O Imposto sobre Actividades Económicas (II): Cota: as tarifas. Devindicación e período impositivo. O recargo provincial. Xestión censal e xestión tributaria.
- Tema 68. O Imposto sobre Actividades Económicas (III): Normativa reguladora do imposto. A instrución. Especial referencia aos elementos tributarios.
- Tema 69. O Imposto sobre Actividades Económicas (IV): A inspección do Imposto de Actividades Económicas.
- Tema 70. O imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- Tema 71. O imposto sobre construcións, instalacións e obras. O imposto do incremento do valor dos terreos de natureza urbana.
- Tema 72. As taxas, os prezos públicos e as contribucións especiais. As prestacións patrimoniais de carácter público non tributario.

• ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS

I.- NÚMERO DE PRAZAS: Dúas prazas (quenda libre).

II.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA: Enmarcada no grupo A, subgrupo A1; escala, Administración especial; subescala técnica; clase, superior. Estará dotada coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo A1, e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulte adscrita a praza da persoa aspirante. Figurará incluída no réxime de dedicación exclusiva.

III.- SISTEMA DE SELECCIÓN: Establécese o de oposición libre, de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022.

IV.- CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título académico oficial de Enxeñería de camiños, canais e portos, máster en enxeñería de camiños, canais e portos ou titulación equivalente esixida para o acceso á praza segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de dúas horas, a 4 temas elixidos ao chou mediante sorteo público, que se celebrará polo Órgano de selección en presenza dos/das aspirantes, dos que figuran como anexo a estas bases. Un destes temas corresponderá ao primeiro apartado dos temas “A) Temas Xerais” e o resto ao apartado “B) Temas Específicos”.

Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición.

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que formulará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados co contido do temario específico, relativos ás tarefas propias da praza. Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios así como de dispositivos dixitais. As persoas aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle ao aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario de contornos operativos linux/windows ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (open office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), así como coñecementos básicos de Sistemas CAD e de Información Xeográfica no tempo que estableza o órgano de selección.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de un (1) punto.

Cuarto exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, conforme ao previsto na base 10ª das xerais, que será determinada polo órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación co seu anexo I, punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de un (1) punto.

VI.- ORDE DE PRELACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES PARA A QUENDA LIBRE

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación dos exercicios terceiro e cuarto será de 0 a 2 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 1 punto en cada unha.

Oposición			
Primeiro exercicio	Segundo exercicio	Terceiro exercicio	Cuarto exercicio
Teórico	Supostos teórico-prácticos	Proba en competencias dixitais	Proba de lingua galega
0-10 puntos	0-10 puntos	0-2 puntos	0-2 puntos
0-24 puntos			

A puntuación final obterase sumando as puntuacións de cada un dos exercicios, sendo o total sobre a base de 24 puntos.

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

VII.- PROGRAMA ESPECÍFICO

A) TEMARIO XERAL

OS DEZAOITO PRIMEIROS TEMAS SON OS QUE FIGURAN COMO ANEXO NAS BASES XERAIS PARA O SUBGRUPO A1

B) TEMARIO ESPECÍFICO

- Tema 1. Seguridade e saúde. Tipos de estudo, contido e documentación.
- Tema 2. Planes de seguridade e saúde. Contido e documentación. A figura do coordinador de seguridade e saúde.
- Tema 3. Seguridade e saúde en obras de construción: contaminantes químicos.
- Tema 4. Seguridade e saúde en obras de construción: amianto e planificación do traballo.
- Tema 5. Planificación de obra. Plan de traballo.
- Tema 6. O planeamento urbanístico: natureza e eficacia. Tipoloxía de plans: xerarquía. Determinacións xerais das diferentes figuras de planeamento.
- Tema 7. Execución do planeamento urbanístico. Orzamento de execución, clases de sistemas de actuación: características xerais.
- Tema 8. Dominio público: concepto e caracteres. Tipoloxías. Usos.
- Tema 9. Factores físico-xeográficos con incidencia construtiva no municipio de Vigo.
- Tema 10. O patrimonio arqueolóxico de Vigo. Principais xacementos da cidade.
- Tema 11. Orixe e formación da Ría de Vigo. Peculiaridades ambientais e xeográficas e influencia no territorio.

- Tema 12. Inventario municipal de bens. Xeneralidades.
- Tema 13. Descrición do rueiro do casco urbano de Vigo por relación ao deseño e firmes e sección tipo. Estado de conservación e necesidades futuras .
- Tema 14. A rede viaria de Vigo. Descrición da estrutura e necesidades futuras.
- Tema 15. As carreteras da rede estatal, autonómica e provincial no Concello de Vigo. Análise.
- Tema 16. As infraestruturas do Porto de Vigo e as súas características.
- Tema 17. Infraestruturas ciclistas. Tipos. Criterios de deseño. Normativa aplicable. As infraestruturas de mobilidade ciclista no Concello de Vigo.
- Tema 18. O estacionamento en vía pública. Tipoloxías. Deseño. Normativa. Planificación e estudos de demanda. Estratexias de xestión.
- Tema 19. Transporte público urbano en autobús. Planificación, xestión e implantación en vía pública. Estrutura tarifaria.
- Tema 20. Paradas de autobús. Criterios para ubicación e deseño.
- Tema 21. Estacións de autobús. Criterios de deseño.
- Tema 22. Plan de mobilidade urbana sostible do concello de Vigo.
- Tema 23. Análise das problemáticas de mobilidade entre o fronte litoral e o casco histórico de Vigo.
- Tema 24. Informes xeotécnicos. Datos previos, desenvolvemento e tipos de recoñecemento.
- Tema 25. Elección do método para efectuar un levantamento topográfico. Organización e fases de realización do traballo.
- Tema 26. Descrición e análise da rede de saneamento de Vigo.
- Tema 27. Necesidades futuras da rede de saneamento de Vigo.
- Tema 28. Estación depuradora Lagares Vigo. Características e dimensionamento.
- Tema 29. Servizo de saneamento de augas. Criterios de clasificación de tuberías, tipos e características.
- Tema 30. Redes de saneamento: tipos, trazado, elementos dos que consta. Caudais de cálculo. Intensidade de choiva. Coeficiente de escorrentía. Determinación de caudais. Redes de saneamento municipais. Mantemento e explotación dunha rede de saneamento municipal. Aliviadoiros e tanques de tormenta.
- Tema 31. Rede de saneamento. Deseño. Sistemas. Trazados.
- Tema 32. Drenaxe urbano sostenible. Drenaxe superficial en centro urbano.
- Tema 33. Edar's instaladas no Concello de Vigo. Sistema de funcionamento das mesmas.
- Tema 34. Descrición e análise da rede de abastecemento de Vigo.
- Tema 35. Necesidades futuras da rede de abastecemento de Vigo.
- Tema 36. Etap Casal, características actuais e necesidades futuras.
- Tema 37. Servizo de abastecemento de auga, estimación do caudal necesarios, material e diámetros empregados.
- Tema 38. Depósitos de regulación e distribución: finalidade e clasificación. Capacidade dos depósitos: volume de reserva, para avarías e para incendios.
- Tema 39. Elementos de manobra e control en redes de abastecemento. Deseño e trazado de redes de abastecemento.
- Tema 40. Instalacións nun sistema de abastecemento. Tipos de redes de distribución. Xerarquía.
- Tema 41. A calidade da auga de consumo humano. Normativa. Criterios e parámetros de control. Tipos de control.
- Tema 42. Obras de instalación de servizos en viais urbanos do Concello de Vigo.
- Tema 43. Misturas bituminosas en quente máis xeneralizadas en viais urbanos.
- Tema 44. Microaglomerados en viais urbanos.
- Tema 45. Deseño estrutural de pavimentos de granito para beirarrúas. Posta en obra. Controis e requisitos.
- Tema 46. Os materiais xeosintéticos nos pavimentos urbanos de calzada. Clasificación e funcións
- Tema 47. Reposición de pavimentos en viais urbanos do concello de Vigo.
- Tema 48. Agretamentos en firmes de calzada urbana de estrutura flexible e semirrígida. Tipoloxías e reparación.
- Tema 49. Deformacións plásticas en firmes de calzada urbana de estrutura flexible e semirrígida. Tipoloxías e reparación.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- Tema 50. Agretamentos en firmes de calzada urbana de estrutura rexida. Tipoloxías e reparación.
- Tema 51. Patoloxías en beirarrúas. Tipoloxías e reparacións.
- Tema 52. Patoloxías en elementos complementarios aos firmes de pavimentación de viais urbanos. Tipoloxías e reparacións.
- Tema 53. Posta en obra formigón en tempo frío e caluroso. Problemas e precaucións.
- Tema 54. Curado do formigón. Tipos.
- Tema 55. Tipos de escollera en función do método de posta en obra. Principais aventaxes da escollera colocada para a construción de muros. Principais aspectos a considerar no proxecto dos elementos que compoñen a sección tipo do muro de escollera.
- Tema 56. Variables e parámetros fundamentais do tráfico, relacións entre eles. Capacidade e nivel de servizo, intensidade de servizo. Características do fluxo do tráfico: variación, distribución e composición. Modelos para a previsión do futuro da mobilidade.
- Tema 57. Regulación de tráfico en interseccións urbanas. Rotondas e/ou semáforos.
- Tema 58. Bandas transversais de alerta en ámbito urbano. Criterios de deseño e instalación.
- Tema 59. Redutores de velocidade prefabricados en ámbito urbano. Criterios de deseño e instalación. Redutores de velocidade non prefabricados sobreelevados en ámbito urbano. Criterios de deseño e instalación.
- Tema 60. Iluminación viaria. Criterios de decisión. Selección da clase de alumeado. Área de referencia. Iluminación de soportes de gran altura. Cálculos luminotécnicos. Implantación dos sistemas de iluminación.
- Tema 61. Ordenanza municipal reguladora das instalacións de alumeado público no termo municipal de Vigo.
- Tema 62. Iluminación de túneles. Problemática visual dos túneis. Luminancia de velo e distancia de seguridade. Sistemas de alumeado. Clasificación de túneis. Iluminación das diferentes partes. Iluminación de emerxencia. Deseño xeral.
- Tema 63. A contaminación acústica: o ruído. Medida do ruído. Fontes de ruído. Protección contra o ruído do tráfico. A ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica do Concello de Vigo.
- Tema 64. A supresión de barreiras arquitectónicas en viais urbanos.
- Tema 65. Condicións de plantación de árbores en viais urbanos do Concello de Vigo, deseño e emprazamento.
- Tema 66. Xestión de residuos da construción. Estudio en proxecto, plan e tramitación.
- Tema 67. Clasificación de residuos segundo diferentes aspectos. Xerarquía no tratamento de residuos.
- Tema 68. Operacións de xestión dos residuos sólidos urbanos.
- Tema 69. Técnicas de tratamento de chans contaminados.
- Tema 70. Vertedoiros controlados de residuos. Orixe e tipo.
- Tema 71. Protección do chan e das augas fronte a contaminación en vertedoiros de residuos.
- Tema 72. Mobiliario urbano. Criterios de implantación, deseño e emprazamentos, usos e tipoloxías no Concello de Vigo.

• ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL

I.- NÚMERO DE PRAZAS: Dúas prazas (quenda libre).

II.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA: Enmarcada no grupo A, subgrupo A1; escala, Administración especial; subescala técnica; clase, superior. Estará dotada coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo A1, e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulte adscrita a praza da persoa aspirante. Figurará incluída no réxime de dedicación exclusiva.

III.- SISTEMA DE SELECCIÓN: Establécese o de oposición libre, de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022.

IV.- CONDICIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título académico oficial de enxeñeiro industrial ou máster en enxeñería industrial ou equivalente ou titulación equivalente esixida para o acceso á praza segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN PARA A QUENDA LIBRE.

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de dúas horas, a 4 temas elixidos ao chou mediante sorteo público, que se celebrará polo Órgano de selección en presenza dos/das aspirantes, dos que figuran como anexo a estas bases. Un destes temas corresponderá ao primeiro apartado dos temas "A) Temas Xerais" e o resto ao apartado "B) Temas Específicos".

Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición.

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que formulará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados co contido do temario específico, relativos ás tarefas propias da praza. Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios así como de dispositivos dixitais. As persoas aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle ao aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario de contornos operativos linux/windows ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (open office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), así como coñecementos básicos de Sistemas CAD e de Información Xeográfica no tempo que estableza o órgano de selección.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de un (1) punto.

Cuarto exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, conforme ao previsto na base 10ª das xerais, que será determinada polo órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación co seu anexo I, punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de un (1) punto.

VI.- ORDE DE PRELACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES PARA A QUENDA LIBRE

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación dos exercicios terceiro e cuarto será de 0 a 2 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 1 punto en cada unha.

Oposición			
Primeiro exercicio	Segundo exercicio	Terceiro exercicio	Cuarto exercicio
Teórico	Supostos teórico-prácticos	Proba en competencias dixitais	Proba de lingua galega
0-10 puntos	0-10 puntos	0-2 puntos	0-2 puntos
0-24 puntos			

A puntuación final obterase sumando as puntuacións de cada un dos exercicios, sendo o total sobre a base de 24 puntos.

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

VII.- PROGRAMA ESPECÍFICO

A) TEMARIO XERAL

OS DEZAOITO PRIMEIROS TEMAS SON OS QUE FIGURAN COMO ANEXO NAS BASES XERAIS PARA O SUBGRUPO A1

B) TEMARIO ESPECÍFICO

- Tema 1. Seguridade e saúde en obras de construción: Contaminantes químicos
Tema 2. Seguridade e saúde: Tipos de estudio, contido e documentación.

- Tema 3. Planes de seguridade e saúde. Contido e documentación. A figura do coordinador de seguridade e saúde.
- Tema 4. Seguridade e saúde en obras de construción: Amianto. Planificación do traballo.
- Tema 5. O contrato de obras. Obxecto. O proxecto de obras. Supervisión e replanteo do proxecto.
- Tema 6. Execución do contrato de obras. Modificación do contrato de obras.
- Tema 7. Cumprimento do contrato de obras. Resolución do contrato de obras.
- Tema 8. A contratación pública, lexislación vixente. Actuacións administrativas preparatorias dos contratos. Procedementos e formas de adxudicación. Anteprojectos e proxectos. Replanteo e prego de cláusulas administrativas particulares. Tipos de expedientes de contratación. Formalización do contrato.
- Tema 9. Comprobacións a realizar antes da firma do acta de comprobación de replanteo nunha urbanización.
- Tema 10. Redacción de proxectos. Requisitos xerais. Documentos básicos. Dirección de obra. Certificado de fin de obra. Libro de ordes e asistencia. Libro de incidencias. Coordinador de Seguridade e saúde.
- Tema 11. Mantemento. Xestión de mantemento. Tipos e modelos de mantemento. Plan de magnanimamente. Elaboración e execución. Custes. Contratos de mantemento.
- Tema 12. Tipos de escollera en función do método de posta en obra. Principais vantaxes da escollera colocada para a construción de muros. Principais aspectos a considerar no proxecto dos elementos que compoñen a sección tipo do muro de escollera.
- Tema 13. Drenaxes. Superficiais, de plataforma e profundos. Solucións.
- Tema 14. Rede de saneamento. Deseño. Sistemas. Trazado.
- Tema 15. Arquetas e pozos en redes de saneamento.
- Tema 16. Drenaxe urbano sostible.
- Tema 17. Drenaxe superficial no centro urbano.
- Tema 18. Instalacións nun sistema de abastecemento. Tipos de redes de distribución. Xerarquía.
- Tema 19. Descrición e análise da rede de saneamento de Vigo.
- Tema 20. Necesidades futuras da rede de saneamento de Vigo.
- Tema 21. EDAR's instaladas no Concello de Vigo. Sistema de funcionamento das mesmas.
- Tema 22. Servizo de saneamento de augas. Criterios de clasificación de tubaxes, tipos e características.
- Tema 23. Proxecto de obras hidráulicas: Contidos.
- Tema 24. Estacións de tratamento de augas potables. Procesos e elementos que as compoñen: decantación, filtración e desinfección.
- Tema 25. Descrición e análise da rede de abastecemento de Vigo.
- Tema 26. Etap Casal características actuais e necesidades futuras.
- Tema 27. Necesidades futuras da rede de abastecemento de Vigo.
- Tema 28. Elementos de manobra e control en redes de abastecemento.
- Tema 29. Deseño e trazado de redes de abastecemento.
- Tema 30. Servizo de abastecemento de auga, estimación do caudal necesarios, material e diámetros empregados.
- Tema 31. Planificación de obras. Plan de traballos.
- Tema 32. Contidos e organización dos plans de aseguramento da calidade de execución en obra civil.
- Tema 33. Xestión de riscos. Conceptos. Plan de xestión de riscos.
- Tema 34. Actividades na xestión de riscos en obras de construción.
- Tema 35. Variables e parámetros fundamentais do tráfico, relacións entre eles. Capacidade e nivel de servizo, intensidade de servizo. Características do fluxo de tráfico: variación, distribución e composición.
- Tema 36. Regulación de tráfico en interseccións urbanas. Rotondas e/ou semáforos.
- Tema 37. Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas en viales urbanos. Normativa vixente.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- Tema 38. Iluminación viaria. Criterios de decisión. Selección da clase de alumeados. Área de referencia. Iluminación de soportes de gran altura. Cálculos luminotécnicos. Implantación dos sistemas de iluminación.
- Tema 39. Ordenanza Municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior no termo municipal de Vigo.
- Tema 40. Sector eléctrico español. Rede de transporte. Competencias, planificación, requisitos técnicos, operatividade, mantemento, calidade do servizo e perdas. Rede de distribución. Acometidas. Comercialización. Subministracións. Calidade de servizo. Facturación eléctrica. Estrutura tarifaria.
- Tema 41. A contaminación acústica: o ruído. Medida do ruído. Fontes do ruído. Protección contra o ruído do tráfico. A ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica do Concello de Vigo.
- Tema 42. O código técnico da edificación: disposicións xerais. Contido. Condicións técnicas e administrativas. Condicións do proxecto, na execución da obra e do edificio. Documento DB-SI.
- Tema 43. Factores físico-xeográficos con incidencia construtiva no municipio de Vigo.
- Tema 44. O patrimonio arqueolóxico de Vigo. Principais xacementos da cidade.
- Tema 45. Inventario municipal de bens. Xeneralidades.
- Tema 46. Descrición do rueiro do casco urbano de Vigo por relación ao deseño e firmes e sección tipo. Estado de conservación e necesidades futuras .
- Tema 47. A rede viaria de Vigo. Descrición da estrutura e necesidades futuras.
- Tema 48. As carreteras da rede estatal, autonómica e provincial no concello de Vigo. Análise.
- Tema 49. As infraestruturas do porto de Vigo e as súas características.
- Tema 50. Análise das problemáticas de mobilidade entre o fronte litoral e o casco histórico de Vigo.
- Tema 51. Reposición de pavimentos en viais urbanos do concello de Vigo.
- Tema 52. Obras de instalación de servizos en viais urbanos do concello de Vigo.
- Tema 53. Mobiliario urbano. Criterios de implantación, deseño e emprazamentos, usos e tipoloxías no concello de Vigo.
- Tema 54. Bandas transversais de alerta en ámbito urbano. Criterios de deseño e instalación.
- Tema 55. Redutores de velocidade prefabricados en ámbito urbano. Criterios de deseño e instalación.
- Tema 56. Redutores de velocidade no prefabricados sobreelevados en ámbito urbano. Criterios de deseño e instalación.
- Tema 57. Elementos de seguridade activa en vehículos. A inspección técnica de vehículos, antecedentes e método de inspección. Obrigatoriedade e exención da ITV, resultado da inspección.
- Tema 58. O planeamento urbanístico: natureza e eficacia. Tipoloxía de plans: xerarquía. Determinacións xerais das diferentes figuras de planeamento.
- Tema 59. Execución do planeamento urbanístico. Presupostos da execución. Clases de sistemas de actuación: características xerais.
- Tema 60. Plan de mobilidade urbana sostible do concello de Vigo.
- Tema 61. Cartografía urbana. Novas tendencias. Sistemas de información xeográfica.
- Tema 62. Nova estación depuradora de augas residuais de Vigo. Características e dimensionamento.
- Tema 63. Clasificación de residuos según diferentes aspectos. Xerarquía no tratamento de residuos.
- Tema 64. Operacións de xestión dos residuos sólidos urbanos
- Tema 65. Técnicas de tratamento de solos contaminados
- Tema 66. Vertederos controlados de residuos: Orixe e tipos.
- Tema 67. Protección do solo e das augas fronte a contaminación en vertederos de residuos.
- Tema 68. Sistemas de climatización: Aspectos a considerar na súa elección.
- Tema 69. Influencia das características dos edificios sobre a demanda enerxética para a súa climatización.

Tema 70. Orzamento dun proxecto de urbanización. Custos directos. Custos indirectos.

Tema 71. Medicións e cadros con presos descompostos dun proxecto de urbanización.

Tema 72. Orzamentos parciais. Orzamento xeral dun proxecto de urbanización.

- **ENXEÑEIRO/A DE MONTES**

I.- NÚMERO DE PRAZAS: Unha praza (quenda libre).

II.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA: Enmarcada no grupo A, subgrupo A1; escala, Administración especial; subescala técnica; clase, superior. Estará dotada coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo A1, e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulte adscrita a praza da persoa aspirante. Figurará incluída no réxime de dedicación exclusiva.

III.- SISTEMA DE SELECCIÓN: Establécese o de oposición libre, de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022.

IV.- CONDICIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título académico oficial de enxeñeiro de montes ou equivalente ou titulación equivalente esixida para o acceso á praza segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN PARA A QUENDA LIBRE.

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de dúas horas, a 4 temas elixidos ao chou mediante sorteo público, que se celebrará polo Órgano de selección en presenza dos/das aspirantes, dos que figuran como anexo a estas bases. Un destes temas corresponderá ao primeiro apartado dos temas "A) Temas Xerais" e o resto ao apartado "B) Temas Específicos".

Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición.

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que formulará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados co contido do temario específico, relativos ás tarefas propias da praza. Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

así como de dispositivos dixitais. As persoas aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle ao aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario de contornos operativos linux/windows ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (open office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), así como coñecementos básicos de Sistemas CAD e de Información Xeográfica no tempo que estableza o órgano de selección.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de un (1) punto.

Cuarto exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, conforme ao previsto na base 10ª das xerais, que será determinada polo órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación co seu anexo I, punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de un (1) punto.

VI.- ORDE DE PRELACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES PARA A QUENDA LIBRE

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación dos exercicios terceiro e cuarto será de 0 a 2 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 1 punto en cada unha.

Oposición			
Primeiro exercicio	Segundo exercicio	Terceiro exercicio	Cuarto exercicio
Teórico	Supostos teórico-prácticos	Proba en competencias dixitais	Proba de lingua galega
0-10 puntos	0-10 puntos	0-2 puntos	0-2 puntos
0-24 puntos			

A puntuación final obterase sumando as puntuacións de cada un dos exercicios, sendo o total sobre a base de 24 puntos.

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

VII.- PROGRAMA ESPECÍFICO

A) TEMARIO XERAL

OS DEZAOITO PRIMEIROS TEMAS SON OS QUE FIGURAN COMO ANEXO NAS BASES XERAIS PARA O SUBGRUPO A1

B) TEMARIO ESPECÍFICO

- Tema 1. O desenvolvemento sustentable. As conferencias ministeriais para a protección dos bosques en Europa: Forest Europe. Resolucións sobre xestión forestal sustentable en Europa. A estratexia forestal da UE.
- Tema 2. A Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.
- Tema 3. A Lei 7/2012, de montes de Galicia: concepto de monte. Definicións. Competencias da administración local, autonómica e estatal. O Consello Forestal de Galicia. Decreto polo que se desenvolve o Consello Forestal de Galicia. Outras mesas sectoriais.
- Tema 4. Clasificación dos montes pola súa titularidade. Montes públicos e privados. Montes protectores. O catálogo de montes de utilidade pública. Xestión dos montes públicos e réxime de autorizacións, concesións e servidumes. Deslindamento dos montes públicos.
- Tema 5. Montes privados e a súa xestión. Montes veciñais en man común (MVMC). Montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo e a súa regulación.
- Tema 6. Lei de montes veciñais en man común en Galicia e o seu regulamento. Deslindamento dos montes veciñais en man común. Adquisición de terreos. Reinvestimentos dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal.
- Tema 7. O plan forestal de Galicia. Obxectivos estratéxicos e programáticos. Principais medidas e programas. Horizonte temporal e orzamento asignado. Procedementos de revisión. Os plans de ordenación dos recursos forestais.
- Tema 8. Instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia. Os instrumentos de ordenación e xestión forestal en Galicia. Aprobación e rexistro.
- Tema 9. Certificación forestal: orixe e consecuencias. Principais sistemas de certificación. forestal: PEFC e FSC. Certificación da xestión forestal. Certificación da cadea de custodia. Superficie certificada en España e Galicia.
- Tema 10. Regulación dos aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada en Galicia.
- Tema 11. Regulación dos aproveitamentos madeireiros en montes en xestión pola comunidade autónoma en Galicia. Decretos e ordes de desenvolvemento. Principais especies e volume anual aproveitado en montes de xestión pública en Galicia. A regulación dos servizos do monte en Galicia.
- Tema 12. Regulación das masas consolidadas de frondosas autóctonas en Galicia. Creación e regulación do Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas. Superficie rexistrada en Galicia.
- Tema 13. FLEGT e Regulamento EUTR núm. 995/2010. Real decreto 1088/2015. O Rexistro de Empresas Forestais de Galicia (Resfor). Divisións e comunicacións anuais.
- Tema 14. Reais decretos de regulación sobre a comercialización dos materiais forestais de reprodución en España. Pasaporte fitosanitario.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- Tema 15. O orzamento comunitario. Os fondos estruturais e de investimento comunitarios. A política agraria comunitaria (PAC): o Feaga e o Feader. Consideracións xerais e aplicación ao sector forestal. O Fega e o Fogga. Os controis Feader: principios básicos de control e o Plan galego de controis Feader non SIXC.
- Tema 16. O plan estratéxico da política agrícola común 2023-2027 (PEPAC).
- Tema 17. Prevención de riscos laborais nos traballos de mantemento de xardíns e parque forestais.
- Tema 18. Deseño de áreas infantís. Normativas. Labores de conservación mantemento.
- Tema 19. Deseño de áreas biosaudables deportivas. Normativas. Labores de conservación e mantemento.
- Tema 20. Nodos de infraestruturas espaciais e Xeoportais. A directiva Inspire .
- Tema 21. As infraestruturas de datos espaciais como complemento dos Sistemas de Información Xeográficos.
- Tema 22. Os metadatos nos sistemas de información xeográficos: definición e obxectivos, normas e os seus elementos.
- Tema 23. A Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. O Pladiga. Os centros de coordinación.
- Tema 24. Os incendios forestais. Incidencia en Galicia. Clase, causas, factores que interveñen na súa propagación e distribución xeográfica. Prevención de incendios: acción sobre o territorio e sobre a poboación. Restauración de zonas afectadas por grandes incendios. A estadística xeral de incendios forestais.
- Tema 25. A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. Principios. Instrumentos. Catalogación, conservación e restauración de hábitats e espazos. Uso sostible do patrimonio natural e da biodiversidade. Axudas e incentivos. Principais convenios internacionais en materia de biodiversidade. Estratexia de biodiversidade da Unión Europea para 2020. Bancos de datos da biodiversidade: funcións e información que subministran.
- Tema 26. Acceso á información en materia de ambiente: Convenio de Aarhus. A participación na xestión ambiental. Normativa da Unión Europea. A información ambiental en España. A Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.
- Tema 27. Base Cartográfica Catastral, o seu contido .
- Tema 28. A referencia catastral.
- Tema 29. Reprodución vexetativa: métodos tradicionais e novas tecnoloxías. As plantacións e o material de reprodución vexetativa. Os viveiros. Sistemas e estruturas. Produción, conservación e transporte das plantas. Substratos e colectores.
- Tema 30. Técnicas de rexeneración e de repoboación. Repoboación en zonas húmidas e subhúmidas. Principais especies forestais usadas na Comunidade Autónoma. Métodos, técnicas e maquinaria. Impacto das repoboacións forestais.
- Tema 31. Arboredo viario. Selección de especies. Formación e mantemento. Análise e diagnóstico. Medidas correctoras.
- Tema 32. Modelado de datos de Sistemas de Información Xeográficos. Comparativa entre os distintos modelos e conversión dos mesmos.
- Tema 33. Modelado espacial vectorial. Primitivas xeométricas e tipolóxicas. Topoloxía e as súas relacións.
- Tema 34. Estrutura de datos xeográficos no modelo vectorial e no modelo raster.
- Tema 35. Sistemas de Información Xeográficos. Sistemas de coordenadas, sistemas de referencia. Conceptos de Xeodesia, xeoide e elipsoide.
- Tema 36. Métodos de captura da información xeográfica. procesos de integración, edición xeométrica, edición semántica, construción e revisión dos datos.
- Tema 37. Principais elementos ou compoñentes dunha rede para rego de zonas verdes. Cálculos, necesidades, instalación, mantemento.

- Tema 38. Redacción de proxectos. Requisitos xerais. Documentos básicos. Dirección de obra. Certificado de fin de obra. Libro de ordes e asistencia. Libro de incidencias. Coordinador/a de seguridade e saúde.
- Tema 39. Nocións básicas dos Sistemas de Información Xeográficos: definición e compoñentes. Desenvolvemento de proxectos GIS.
- Tema 40. Fase de explotación dun proxecto de xestión de información xeográfica vectorial. As súas principais operacións e ferramentas.
- Tema 41. Fase de explotación dun proxecto de xestión de información xeográfica raster . As súas principais operacións e ferramentas.
- Tema 42. Clasificación de residuos segundo diferentes aspectos. Xerarquía no tratamento de residuos.
- Tema 43. Sanidade forestal: principais enfermidades, pragas forestais e danos en Vigo. Medidas culturais, preventivas e terapéuticas. Tratamentos biolóxicos. Marco xurídico da sanidade forestal no contexto autonómico, español e da Unión Europea. Marco competencial en materia fitosanitaria na Xunta de Galicia. Declaración de pragas e enfermidades forestais.
- Tema 44. O mantemento de zonas verdes de uso público. Labores de conservación e reposición.
- Tema 45. Áreas recreativas e parques periurbanos de uso público. Labores de mantemento e conservación. Medidas enfocadas á potenciación de actividades sociais.
- Tema 46. A calidade dos datos nos sistemas de información xeográfica.
- Tema 47. Tratamento da información xeográfica: procesos de integración, edición xeométrica, edición semántica, construción e revisión dos datos.
- Tema 48. Almacenamento e xestión da información xeográfica: datos orientados cara o proceso, arquitectura , modelo de referencia, bases de datos.
- Tema 49. Almacenamento e compresión da información xeográfica: clasificación dos modelos, formatos, bases de datos.
- Tema 50. Funcións de análise temática nos sistemas de información xeográficos.
- Tema 51. Actualización da información en sistemas de información xeográficos.
- Tema 52. Funcións, obxectivos e operacións realizadas por un servizo web de Mapas e servizos teselados. As súas características e operacións.
- Tema 53. Os sistemas de información xeográfica como ferramenta de xestión aplicada a ámbitos metropolitanos, os principais campos e ámbitos de implementación .
- Tema 54. Os sistemas de información xeográficos do Catastro. O sistema corporativo de cartografía catastral. A Sede Electrónica do Catastro.
- Tema 55. Formatos para intercambio xeográfico de información e actualizacións catastrais . Estrutura e contidos da información.
- Tema 56. Catastro Inmobiliario: contido, concepto e clases de inmobles a efectos catastrais.
- Tema 57. catastro inmobiliario: procedementos para a modificación das bases de datos catastrais, modelos , documentación e información asociada ao procedemento.
- Tema 58. valor catastral : concepto e compoñentes do valor catastral, aproximación ao valor catastral de bens inmobles urbanos e de características especiais.
- Tema 59. Valoración de bens inmobles rústicos. Valoración do solo urbanizable sectorizado sen determinacións de ordenación detallada ou pormenorizada. A Renovación do Catastro de Rústica.
- Tema 60. Catastro Inmobiliario: Formación e mantemento.
- Tema 61. Gravación de datos catastrais nos expedientes de incorporación de bens inmobles ou de alteración das súas características.
- Tema 62. Estudos estatísticos: conceptos básicos, tipoloxía, fases de desenvolvemento. As variables: definición, tipos e características. Estatísticos. Estatística descritiva bivariante e regresión lineal. Representación gráfica.
- Tema 63. Modelos probabilísticos: funcións asociadas. Descrición dos principais modelos de variables aleatorias. Mostraxe: sesgo, clases, estimación, técnicas de mostraxe de resposta aleatorizada.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- Tema 64. Bases de datos en Access: vistas, deseños, manexo de táboas, consultas avanzadas, formularios, informes e macros. Bases de datos en rede. Conservación da integridade da información.
- Tema 65. A actividade cinexética en Galicia. Lexislación. Contribución á diversificación económica do medio rural. Características das principais especies cinexéticas. Ordenación e plans cinexéticos. Caza selectiva. Cría en cativeiro. Repoboacións e introdución de especies. Coutos e reservas. Incidencia da Directiva 2009/147/CEE, de aves silvestres sobre a caza.
- Tema 66. A avaliación ambiental: Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- Tema 67. Normativa autonómica en materia de protección ambiental. Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. Normativa aplicable en materia de prevención e control integrado da contaminación. Avaliación de incidencia ambiental de actividades en Galicia.
- Tema 68. Normativa en materia de ordenación do territorio, urbanismo e réxime do solo. Instrumentos de ordenación do territorio en Galicia. Concepto e categorías de solo rústico. Usos e actividades en solo rústico. Autorizacións autonómicas e condicións de edificación en solo rústico.
- Tema 69. A metodoloxía técnica de avaliación ambiental. Deseño de medidas protectoras e correctoras. Avaliación ambiental de plans, programas e proxectos con potencial afección sobre os espazos da Rede Natura 2000. Medidas compensatorias.
- Tema 70. Os espazos naturais protexidos. Clasificación segundo o réxime de protección internacional, comunitario, nacional e autonómico. Instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos en Galicia. Procedemento de declaración e a xestión dos espazos naturais protexidos en Galicia.
- Tema 71. A educación ambiental. Concepto, principios básicos e instrumentos para a educación ambiental. Interpretación do patrimonio ambiental. O Ceneam e o Ceida: obxectivos e programas de traballo. O Observatorio Galego de Educación Ambiental.
- Tema 72. O cambio climático. Evidencia científica do fenómeno: impactos, adaptación e mitigación. Resposta internacional ante o cambio climático: a Convención marco de Nacións Unidas sobre cambio climático, o Protocolo de Quioto e os acordos posQuioto. Os mecanismos de flexibilidade. O réxime xurídico do comercio de dereitos de emisión. Estratexia comunitaria ante o cambio climático. Estratexia española ante o cambio climático.

• DELINEANTE

I.- NÚMERO DE PRAZAS: Unha praza (quenda libre).

II.- CARACTERÍSTICAS : Enmarcadas no Grupo C de titulación, Subgrupo C1; escala, Administración especial; subescala, técnica auxiliar. Estarán dotadas coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo C1 e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulten adscritas as prazas que se convocan. Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

III.- SISTEMA DE SELECCIÓN: Establécese o de oposición libre de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022.

IV.- CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título académico oficial de F.P. II rama delineación ou equivalente ou titulación equivalente esixida para o acceso á praza segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- FASE DE OPOSICIÓN

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos as persoas participantes.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 40 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas, que determinará o dito órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada. Non se puntuarán as non contestadas.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que formulará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados co contido do temario específico, relativos as tarefas propias da praza. Durante o desenvolvemento desta proba as persoas aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios. As persoas aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle á persoa aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario/a de contornos operativos Windows, Linux ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (Open Office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o órgano de selección. Esta proba cualificarase de conformidade cun baremo obxectivo que estableza o órgano de selección antes de iniciarse o exercicio, que deberá comunicárselles ós/as aspirantes no momento de comezar a proba e incluírse na correspondente acta.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Cuarto exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que se realizará conforme ao previsto na base 10ª das xerais que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación co seu anexo I, punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de un (1) punto.

A cualificación dos catro primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do quinto será de 0 a 2 puntos, de acordo co previsto na base décima das xerais, e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 1 punto.

VI.- ORDE DE PRELACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

Oposición			
Primeiro exercicio	Segundo exercicio	Terceiro exercicio	Cuarto exercicio
Teórico: test	Supostos teórico-prácticos	Proba de coñecementos de informática	Proba de lingua galega
0-10 puntos	0-10 puntos	0-10 puntos	0-2 puntos
0-32 puntos			

A puntuación final obterase sumando as puntuacións de cada un dos exercicios, sendo o total sobre a base de 32 puntos.

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

VII.- PROGRAMA ESPECÍFICO

A) TEMARIO XERAL

OS OITO PRIMEIROS TEMAS SON OS QUE FIGURAN COMO ANEXO NAS BASES XERAIS PARA O SUBGRUPO C1

B) TEMARIO ESPECÍFICO

- Tema 1. Xeografía plana.
- Tema 2. Principios xerais de representación. Escalas de debuxo, concepto e aplicacións. Xeneralidades sobre normalización: DIN, ISO, UNE. Tipos de papel e formatos. Rotulación.
- Tema 3. Sistema diédrico. Punto, recta e plano. Interseccións.
- Tema 4. Representación das pezas, liñas vistas e ocultas. Vistas principais e necesarias. Seccións e cortes.
- Tema 5. Proxección axonométrica. Xeneralidades.
- Tema 6. Perspectiva cabaleira. Xeneralidades. Perspectiva cónica. Elección do punto de vista e a liña do horizonte.
- Tema 7. Planos cotados e debuxo topográfico. Nocións xerais. Curvas de nivel, directoras, interpoladas. Signos convencionais.
- Tema 8. Conceptos básicos de informática. Operacións básicas con ficheiros, copiado, copias de seguridade, compresión, etc. Tipos de ficheiros, ráster, vector e datos. Intercambio de ficheiros entre os distintos programas de CAD.

- Tema 9. O debuxo asistido por ordenador. Programas Autocad/MicroStation. Conceptos básicos. Funcións e aplicación práctica.
- Tema 10. Autocad/MicroStation. Creación, modificación e transformación de obxectos no espazo bidimensional. Sistemas de coordenadas. Referencias internas, externas de ficheiros ráster e vectorial. Montaxe e impresión de follas.
- Tema 11. A imaxe dixital. Fotointerpretación e ortofotografía. Xeorrefenciación e dixitalización.
- Tema 12. Cartografía, topografía e xeodesia. Concepto de escala, escalas gráficas, ampliacións e reducións. Sistemas de representación cartográfica. Estación total, GPS. Aliñacións e rasantes. Perfís lonxitudinais e transversais.
- Tema 13. Sistemas de información xeográfica (SIX). Concepto, funcións e aplicacións. Modelo de datos. Vantaxes e inconvenientes vectorial-ráster. Bases de datos: modelo entidade-relación.
- Tema 14. Decreto 14/2017, de 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.
- Tema 15. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Conceptos xerais do solo de Galicia; clases de solos. Planeamento urbanístico; planeamento xeral e de desenvolvemento de infraestruturas viarias. Instalacións: abastecemento, saneamento, electricidade, gas e telecomunicacións; instrumentos de ordenación do territorio.
- Tema 16. Normas técnicas de planeamento urbanístico. Definición e representación de elementos arquitectónicos. Documentos do proxecto. Documentación gráfica. Medicións.
- Tema 17. Conceptos básicos do código técnico da edificación (CTE) aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo. Exixencias básicas e ámbito de aplicación.
- Tema 18. Normativa de habitabilidade en Galicia.
- Tema 19. Conceptos básicos da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. Disposicións xerais; planificación, estudos e proxectos; delimitacións de zonas.
- Tema 20. Proxeccións cartográficas. Clases. Proxección UTM.
- Tema 21. Redes de abastecemento e saneamento. Elementos do sistema, distribución e compoñentes. Trazado e materiais.
- Tema 22. Elementos do trazado viario. Nó. Interseccións e enlaces. Movementos nun nó. Tipos de nó.
- Tema 23. Firms en vías urbanas e estradas. Tipos, características funcionais e estruturais. Materiais de pavimentación.
- Tema 24. Distribución de servizos en vías urbanas. Compatibilidade co mobiliario urbano e demais infraestruturas.
- Tema 25. Os diferentes espazos das vías urbanas. Espazo do peón, calzada, rúas de coexistencia e seccións de rúas.
- Tema 26. Normativa urbanística en Vigo. Normas xerais de urbanización, redes de abastecemento e saneamento.
- Tema 27. Organización dunha obra de reurbanización nunha rúa. Replanteo, execución e remates de obra.
- Tema 28. Seguridade e saúde nas obras de construción. Estudo de seguridade e saúde e estudo básico de seguridade e saúde: obrigatoriedade e contido.
- Tema 29. Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. Lexislación aplicable. Características de accesibilidade en espazos públicos, elementos de urbanización e mobiliario urbano.
- Tema 30. Ordenación do territorio de Galicia. Competencia. A Carta europea de 1983. Finalidade. Instrumentos e funcións.
- Tema 31. Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Marco legal. Instrumentos. Clasificación do solo.
- Tema 32. Sistemas de información xeográfica avanzada. Modelos de datos e análise espacial avanzada.

- **DIPLOMADO/A ENFERMERÍA**



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

I.- NÚMERO DE PRAZAS: Unha praza (quenda libre).

II.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS: En réxime funcionarial, enmarcada no grupo A, subgrupo A2; escala, Administración especial; subescala técnica media. Estará dotada coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo A2, e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulte adscrita a praza do aspirante. Figurará incluída no réxime de dedicación exclusiva.

III.- SISTEMA DE SELECCIÓN: Establécese o de oposición libre para unha praza, de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022.

IV.- CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de diplomado/a en enfermería ou equivalente ou estar en condicións de obtelo á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- FASE DE OPOSICIÓN

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de tres horas, a 4 temas elixidos ao chou, dos que figuran no apartado "X. Programa específico para a quenda libre". Un destes temas corresponderá ao primeiro apartado dos temas "A) Temario xeral" e o resto ao apartado "B) Temario específico". Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese. Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle á persoa aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que formulará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados co contido do temario específico, relativos as tarefas propias da praza. Durante o desenvolvemento desta proba as persoas aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios. As persoas aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle á persoa aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, conforme ao previsto na base 10ª das xerais, que será determinada polo órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación co seu anexo I, punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de un (1) punto.

VI.- ORDE DE PRELACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación dos exercicios terceiro e cuarto será de 0 a 2 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 1 punto en cada unha.

Oposición		
Primeiro exercicio	Segundo exercicio	Terceiro exercicio
Teórico	Supostos teórico-prácticos	Proba de lingua galega
0-10 puntos	0-10 puntos	0-2 puntos
0-24 puntos		

A puntuación final obterase sumando as puntuacións de cada un dos exercicios, sendo o total sobre a base de 24 puntos.

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

VII.- PROGRAMA ESPECÍFICO

A) TEMARIO XERAL:

OS DOCE PRIMEIROS TEMAS SON OS QUE FIGURAN COMO ANEXO NAS BASES XERAIS PARA O SUBGRUPO A2.

B) TEMARIO ESPECÍFICO:

- Tema 1. Saúde e enfermidade: concepto. Indicadores de saúde por idade e sexo: morbilidade, mortalidade, letalidade e esperanza de vida.
- Tema 2. Calidade no Sistema Nacional de Saúde. Dimensións de calidade: científico técnica, efectividade, eficiencia, accesibilidade e satisfacción do usuario.
- Tema 3. Marco conceptual e modelos de enfermmería: xeneralidades. Teoría das necesidades humanas: concepto. Teoría de Autocoidado: concepto.
- Tema 4. Sistema Nacional de Vixilancia Epidemiolóxica. Enfermidades de declaración obrigatoria.
- Tema 5. Plan Extratécnico de Saúde Mental Galicia. Estratexia de Saúde Mental do Sistema Nacional de Saúde, Período 2022-2026. Declaración de Helsinki. Libro verde saúde mental (2006). Pacto europeo saúde mental (2008).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- Tema 6. Plan de Trastornos Adictivos de Galicia. Rede de centros.
- Tema 7. O segredo profesional: concepto e regulación xurídica.
- Tema 8. O consentimento informado. Os dereitos de información sanitaria, intimidade e o respecto da autonomía do paciente
- Tema 9. Metodoloxía de investigación: técnicas cuantitativas e cualitativas. Estrutura metodolóxica dun traballo científico. Fontes de datos. Investigación básica: estudos de identificación e priorización de problemas.
- Tema 10. Consulta de enfermmería en saúde mental. Coordinación entre niveis asistenciais.
- Tema 11. Técnicas e habilidades de comunicación e relación interpersoal. Traballo en equipo.
- Tema 12. Entrevista clínica. Concepto e características. Identificación de necesidades de apoio.
- Tema 13. Identificación de necesidades de apoio emocional e psicolóxico ao paciente, coidador principal e familia.
- Tema 14. Proceso de atención de enfermmería (PAE): etapas do PAE. Plan de coidados enfermeiros: concepto e estrutura.
- Tema 15. Diagnósticos de Enfermería: concepto e tipos de taxonomía (NANDA, NIC, NOC).
- Tema 16. Historia clínica. Rexistros de enfermmería en saúde mental. Informe de enfermmería.
- Tema 17. Clasificacións internacionais de problemas de saúde mental (DSM-5-TR, CIE-10 e NANDA): características xerais.
- Tema 18. Saúde mental: concepto e características. Prevención e promoción da saúde: concepto. Detección precoz de problemas de saúde: concepto.
- Tema 19. Factores de risco para a saúde nas distintas etapas da vida (infancia, adolescencia, adulto e ancián): identificación de factores de risco e coidados enfermeiros.
- Tema 20. A educación para a saúde individual, grupal e comunitaria en saúde mental: concepto, metodoloxía e técnicas didácticas.
- Tema 21. Atención domiciliaria: concepto e etapas da visita domiciliaria. Coordinación con atención primaria, atención especializada e servizos sociais.
- Tema 22. Técnicas de educación para a saúde para o fomento do autocoidado e promoción da saúde do paciente, coidador principal e familia. Elaboración dun programa de saúde mental: etapas.
- Tema 23. Rehabilitación en saúde mental: concepto, evolución e obxectivos. Procesos de atención de enfermmería.
- Tema 24. Principios da psiquiatría comunitaria. Modelo Asertivo-Comunitario e modelo Case-Management.
- Tema 25. Clasificación xeral dos medicamentos. Absorción e eliminación dos fármacos. Toxicidade e efectos colaterais. Farmacovixilancia. Condicións de conservación dos medicamentos.
- Tema 26. Administración de medicamentos. Precaucións previas á administración dun fármaco. Vías de administración: definición e tipos. Puntos de elección, técnicas e problemas máis frecuentes. Cálculo de doses.
- Tema 27. Valoración e coidados de enfermmería a pacientes a tratamento con psicofármacos.
- Tema 28. Hixiene en centros sanitarios: conceptos xerais. Antisépticos. Desinfectantes. Esterilización. Medidas preventivas. Xestión de residuos sanitarios.
- Tema 29. Valoración e coidados de enfermmería nas urxencias psiquiátricas en paciente axitado, e paciente agresivo.
- Tema 30. Valoración e coidados de enfermmería nas urxencias psiquiátricas en paciente con intoxicación aguda por consumo de drogas
- Tema 31. Valoración e coidados de enfermmería nas urxencias psiquiátricas en paciente con crises de ansiedade e angustia. O paciente suicida,
- Tema 32. Trastornos esquizofrénicos: concepto e xeneralidades. Formas clínicas. Diagnósticos de enfermmería. Valoración e coidados de enfermmería en pacientes con alucinacións e delirios.
- Tema 33. Valoración e coidados de enfermmería nos pacientes con trastorno mental orgánico: delirio, demencia e síndrome amnésico.

- Tema 34. Trastornos do humor (afectivos). Concepto. Principais formas de presentación clínicas. Planificación de coidados de enfermería en pacientes depresivos. Planificación de coidados de enfermería en pacientes maníacos.
- Tema 35. Valoración e coidados de enfermería en pacientes con trastornos de ansiedade: fóbico, pánico, obsesivo-compulsivo e reactivo ao estrés. Técnicas de relaxación (Jacobson – Schultz).
- Tema 36. Valoración e coidados de enfermería nos pacientes con trastornos da personalidade e do comportamento do adulto.
- Tema 37. O sono: concepto, fases e funcións. Trastornos do sono: disomnias e parasomnias. Coidados de enfermería
- Tema 38. Alimentación e nutrición: concepto e diferenciación. Clasificación dos alimentos. Elaboración de dietas. Valoración e coidados de enfermería a persoas con problemas de obesidade primaria, desnutrición, deshidratación, anorexia e bulimia nerviosa.
- Tema 39. Valoración e coidados de enfermería en pacientes con trastornos derivados do consumo de alcohol.
- Tema 40. Valoración e coidados de enfermería en pacientes con trastornos derivados do consumo de cannabis e alucinógenos
- Tema 41. Valoración e coidados de enfermería en pacientes con trastornos derivados do consumo de opiáceos
- Tema 42. Valoración e coidados de enfermería en pacientes con trastornos derivados do consumo de estimulantes
- Tema 43. Valoración e coidados de enfermería en pacientes con trastornos derivados do consumo de tranquilizantes
- Tema 44. Valoración e coidados de enfermería en adiccións sen substancia.
- Tema 45. Valoración e coidados de enfermería no ancián. Principais cambios no proceso de envellecemento: fisiolóxicos, psicolóxicos e sociais. Orientación para o autocoidado. Concepto de asistencia psicoxeriatría.
- Tema 46. A sexualidade durante o ciclo vital; infancia, adolescencia, vida adulta e vellez. Modos de expresión sexual. Concepto de disfunción sexual. Abordaxe terapéutica e proceso de enfermería.
- Tema 47. Valoración e coidados de enfermería nos pacientes con trastornos psiquiátricos asociados a infección por VIH e SIDA. Control e medidas preventivas. Valoración da situación familiar e social.
- Tema 48. Valoración e coidados de enfermería ao paciente terminal. Reaccións psicolóxicas do enfermo terminal e familia. Apoio ao coidador principal e familia. Valoración e acompañamento no dó.

INSPECTOR/A CONTROL CONCESIONARIAS

I.- NÚMERO DE PRAZAS: Unha praza (promoción interna).

II.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA: Enmarcadas no grupo C, subgrupo C1; escala, Administración especial. Estarán dotadas coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo C1, e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulte adscrita a praza da persoa aspirante. Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

III.- SISTEMA DE SELECCIÓN: Establécese o de concurso-oposición, entre persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo integrado no Subgrupo C2 de titulación que desempeñe funcións de persoal funcionario acreditado mediante acto administrativo para o efecto, que contén, canto menos, cunha antigüidade de dous anos nunha praza do Grupo C, Subgrupo C2, escala de administración xeral ou especial.

IV.- CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de bacharelato, técnico ou equivalente, de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou contar con dez anos de antigüidade no grupo C, subgrupo C2 de titulación.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- FASE DE CONCURSO

A avaliación dos méritos alegados e xustificados polas persoas aspirantes na quenda de promoción interna realizarase de acordo co baremo previsto na base 13ª das xerais.

VI.- FASE DE OPOSICIÓN

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 30 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas, cuestionario determinado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non se puntuarán as non contestadas.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver un suposto práctico proposto polo órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionado co contido do temario específico, relativo ás tarefas propias da praza, no tempo que aquel estableza. As persoas aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, quen poderá, ao final da exposición, solicitarlle á persoa aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido.

Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

VII.- ORDE DE PRELACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

A puntuación obtida na fase de concurso cualificarase sobre a base de 9 puntos.

Na fase de oposición, a cualificación dos dous exercicios será de 0 a 10 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles.

Concurso-oposición					
Concurso				Oposición	
Antigüidade	Formación	Titulacións	Lingua galega	Primeiro exercicio	Segundo exercicio

0-3 puntos	0-3 puntos	0-2 puntos	0-1 punto	Teórico	Suposto práctico
0-9 puntos				0-10 puntos	0-10 puntos
0-9 puntos				0-20 puntos	
0-29 puntos					

A puntuación final obterase sumando as puntuacións de cada unha das fases, sendo o total sobre a base de 29 puntos.

Así, no caso de obter 7 puntos na fase de concurso, 8,20 puntos no primeiro exercicio e 9,30 puntos no segundo exercicio, resultaría:

$(7)+(8,20)+(9,30)= 24,50$ puntos sobre un total de 29 posibles.

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

VIII.- PROGRAMA ESPECÍFICO

(EXCLÚESE O COMÚN PARA PRAZAS DO SUBGRUPO C1, QUE FIGURA COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

TEMARIO ESPECÍFICO

- Tema 1. Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarias/os e outras leis complementarias: ámbito de aplicación e dereitos básicos das/os consumidores e usuarias/os.
- Tema 2. Ordenanza xeral reguladora das obras e as conseguintes ocupacións necesarias para a implantación de servizos na vía pública: licencias, obrigatoriedade, solicitantes, clases, tramitación, documentación, reparación de avarías, obrigas do titular, fianza, prazo de garantía e inspección municipal. (BOP 25/01/2002).
- Tema 3. Ordenanza xeral reguladora das obras e as conseguintes ocupacións necesarias para a implantación de servizos na vía pública: infraccións, clasificación; sancións: tipos, graduación, suxeitos responsables, revogación das licenzas, suspensión temporal e inhabilitación temporal das empresas. (BOP 25/01/2002).
- Tema 4. Regulamento do servizo municipal de subministro de auga e saneamento: obxecto e ámbito de aplicación, obrigas do concesionario e dereitos do concesionario.
- Tema 5. Regulamento do servizo municipal de subministro de auga e saneamento: inspeccións e sancións.
- Tema 6. Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o regulamento de servizos das corporacións locais: a concesión como forma de xestión indirecta do servizo público.
- Tema 7. Lei de Contratos do Sector Público 9/2017 do 8 de Novembro: contrato de concesión de obras públicas: construción das obras obxecto de concesión, dereitos e obrigas do concesionario e prerrogativas da Administración. Extinción das concesións. Contrato de concesión de servizos.
- Tema 8. A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade
- Tema 9. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: dereitos e obrigas.
- Tema 10. Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro: concorrencia de traballadores de varias empresas nun mesmo centro de traballo, concorrencia de traballadores de varias empresas nun centro de traballo do que unha empresaria/o é titular e concorrencia de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- traballadores de varias empresas nun centro de traballo cando existe unha/un empresaria/o principal.
- Tema 11. Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo: definicións, criterios para o emprego da sinalización e obrigas en materia de formación e información.
- Tema 12. Normativa municipal reguladora das instalacións de alumado público no termo municipal de Vigo: Niveis de iluminación, eficiencia enerxética, requisitos xerais das instalacións.
- Tema 13. Normativa municipal reguladora limpeza pública e tratamento dos residuos sólidos urbanos, recollida de residuos sólidos urbanos, residuos especiais, tratamento de residuos e réxime disciplinario.
- Tema 14. Normativa municipal reguladora instalación de contedores na vía pública limpeza pública e tratamento dos residuos sólidos urbanos, recollida de residuos sólidos urbanos, residuos especiais, tratamento de residuos e réxime disciplinario.
- Tema 15. Normativa xeral reguladora das obras de xardinería no concello de Vigo: Plantacións, normas sobre rego. Normas sobre drenaxe e recollida de augas pluviais.

• PROGRAMADOR/A INFORMÁTICO

I.- NÚMERO DE PRAZAS: Dúas prazas (quenda libre).

II.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA: Enmarcada no grupo C, subgrupo C1; escala, Administración especial; subescala, servizos especiais, clase, cometidos especiais. Estará dotada coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo A1, e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulte adscrita a praza da persoa aspirante. Figurará incluída no réxime de dedicación exclusiva.

III.- SISTEMA DE SELECCIÓN: Establécese o de oposición libre, de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022.

IV.- CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de bacharelato, técnico ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación ou contar con dez anos de antigüidade no grupo C, subgrupo C2 de titulación.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estime o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 40 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias contidas no temario que figura como anexo a estas bases; cuestionario determinado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada; non se puntuarán as non contestadas.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que formulará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados co contido do temario específico, relativos as tarefas propias da praza. Durante o desenvolvemento desta proba as persoas aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios. As persoas aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle á persoa aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou, realizar as tarefas que proporá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo que establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Cuarto exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, conforme ao previsto na base 10ª das xerais, que será determinada polo órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación co seu anexo I, punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de un (1) punto.

VI.- ORDE DE PRELACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES PARA A QUENDA LIBRE

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación dos exercicios terceiro e cuarto será de 0 a 2 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 1 punto en cada unha.

Oposición			
Primeiro exercicio	Segundo exercicio	Terceiro exercicio	Cuarto exercicio



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Teórico: test	Teórico: escrito	Suposto/s teórico-práctico/s	Proba de lingua galega
0-10 puntos	0-10 puntos	0-10 puntos	0-2 puntos
0-32 puntos			

A puntuación final obterase sumando as puntuacións de cada un dos exercicios, sendo o total sobre a base de 32 puntos.

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

VII.- PROGRAMA ESPECÍFICO

A) TEMARIO XERAL

OS OITO PRIMEIROS TEMAS SON OS QUE FIGURAN COMO ANEXO NAS BASES XERAIS PARA O SUBGRUPO A1

B) TEMARIO ESPECÍFICO

- Tema 1. Lexislación específica: Esquema Nacional de Seguridade, Esquema Nacional de Interoperabilidade.
- Tema 2. Programas seguros, inseguros e nocivos. Virus.
- Tema 3. Informática distribuída. Cliente-servidor. Mainframe.
- Tema 4. Interconexión de redes. O protocolo IP. Obxectivos. Principios de interconexión de redes.
- Tema 5. Arquitectura de protocolos TCP/IP. O protocolo Internet ou IP. O encamiñamento e o protocolo IP. Protocolos de control. IP next generation.
- Tema 6. Seguridade nas redes de comunicacións: estandarización dunha arquitectura de seguridade; mecanismos de seguridade; marco de autenticación X.509. Sistemas de arquivos en rede. NFS. SAMBA. ASU.
- Tema 7. Sinatura electrónica. DNI electrónico. Uso na administración.
- Tema 8. Sinatura electrónica: Formatos de sinatura electrónica.
- Tema 9. A linguaxe Java. Clases e obxectos. Métodos e parámetros. Extensión de clases. Interfaces. Excepcións. Paquetes.
- Tema 10. Programación concorrente mediante fíos en Java. Interrupcións. Sincronismo.
- Tema 11. Comunicacións con streams e sockets en Java. Conexión a base de datos con JDBC.
- Tema 12. Servizos IP: NTP, DHCP, NAT, PAT. Túneles IP. Protocolos FHRP.
- Tema 13. A linguaxe Informix-4GL. Partes dunha aplicación en Informix-4GL. Acceso a bases de datos e xeración de informes con Informix-4GL.
- Tema 14. Bases de datos relacionais. estrutura. Álgebra e cálculo.
- Tema 15. A linguaxe SQL. estrutura básica, operacións, funcións, subconsultas, relación, vistas e modificación de datos. Linguaxe de definición de datos.
- Tema 16. Arquitecturas de sistemas de bases de datos: Sistemas de SGBD centralizados, clienteservidor, paralelos e distribuídos.
- Tema 17. Servizos de directorio: Autenticación de usuarios LDAP.
- Tema 18. Servizos de directorio: Directorio Activo de Windows.
- Tema 19. TSM: Tivoli Storage Manager. Tipos de Backup. Backup vs. Arquivado. Retención de Backups.
- Tema 20. Vmware: Servizos de Infraestrutura e Servizos de Aplicacións.
- Tema 21. Ferramentas de xestión do ENS en CCN-CERT: Pilar e INES
- Tema 22. Sistemas de xestión de eventos e información de seguridade (SIEM).

Tema 23. Seguridade perimetral. Arquitectura. Firewalls Nova Xeración: Características e funcionalidades.

Tema 24. Tecnicas de enrutamiento basico e avanzado. Protocolos. Routing Estatico. Routing Dinamico. PBR.

Tema 25. Packet Forwarding, Spanning Tree, VLAN, VXLAN, Etherchannels.

Tema 26. Framework: Ontimize, Ontimize Web.

Tema 27. Mantemento da base de datos DB2(TSM).

Tema 28. Linux. Sistema de arquivos. Estándar FHS. estrutura predeterminada de directorio.

Tema 29. Linux. Contas de usuarias/os. Configuración de contas. Grupos e permisos.

Tema 30. Linux. Inicialización do sistema. Init, inittab e os scripts rc.

Tema 31. Sistemas operativos UNIX (Digital UNIX). estrutura. Xestión de recursos. AdvFS.

Tema 32. Comunicacions de VOZ: Central telefonica IP. Protocolos de sinalización. Facilidades. Sistemas de "contact center" telefónicos. Comunicación entre centrais. Terminais.

• **TÉCNICO AUXILIAR DE SEGURIDADE E MOBILIDADE**

I.- NÚMERO DE PRAZAS: Unha praza (quenda libre).

II.- CARACTERÍSTICAS : Enmarcadas no Grupo C de titulación, Subgrupo C1; escala, Administración xeral; subescala, técnica auxiliar. Estarán dotadas coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo C1 e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulten adscritas as prazas que se convocan. Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

III.- SISTEMA DE SELECCIÓN: Establécese o de oposición libre de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022.

IV.- CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión de bacharelato, técnico ou equivalente ou contar con dez anos de antigüidade no grupo C, subgrupo C2 de titulación.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- FASE DE OPOSICIÓN

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos as persoas participantes.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 40 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas, que determinará o dito órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada. Non se puntuarán as non contestadas.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que formulará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados co contido do temario específico, relativos as tarefas propias da praza. Durante o desenvolvemento desta proba as persoas aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios. As persoas aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle á persoa aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario/a de contornos operativos Windows, Linux ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (Open Office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o órgano de selección. Esta proba cualificarase de conformidade cun baremo obxectivo que estableza o órgano de selección antes de iniciarse o exercicio, que deberá comunicárselles ós/as aspirantes no momento de comezar a proba e incluírse na correspondente acta.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Cuarto exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que se realizará conforme ao previsto na base 10ª das xerais que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación co seu anexo I, punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de un (1) punto.

A cualificación dos catro primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do quinto será de 0 a 2 puntos, de acordo co previsto na base décima das xerais, e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 1 punto.

VI.- ORDE DE PRELACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

Oposición			
Primeiro exercicio	Segundo exercicio	Terceiro exercicio	Cuarto exercicio

Teórico: test	Supostos teórico-prácticos	Proba de coñecementos de informática	Proba de lingua galega
0-10 puntos	0-10 puntos	0-10 puntos	0-2 puntos
0-32 puntos			

A puntuación final obterase sumando as puntuacións de cada un dos exercicios, sendo o total sobre a base de 32 puntos.

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

VII.- PROGRAMA ESPECÍFICO

A) TEMARIO XERAL

OS OITO PRIMEIROS TEMAS SON OS QUE FIGURAN COMO ANEXO NAS BASES XERAIS PARA O SUBGRUPO C1

B) TEMARIO ESPECÍFICO

- Tema 1. A Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais: Obxecto, ámbito de aplicación e conceptos básicos. Dereitos e obrigacións. Os servizos de prevención. Consulta e participación dos traballadores.
- Tema 2. O Real Decreto Lexislativo 1/2013. Conceptos básicos e principios relativos ás situacións de discapacidade. Titulares dos dereitos. Ámbito de aplicación: espazos públicos urbanizados, infraestruturas e edificación. O Real Decreto 505/2007. A Orde TMA/851/2021.
- Tema 3. Os bens de dominio público: Concepto (arts. 4, 5 e 84 da Lei 33/2003 de Patrimonio das AAPP). Bens de dominio público destinados ao uso público (arts. 3, 74.1, 75, 76, 77 e 78 do Real Decreto 1372/1986 do Regulamento de bens das EELL).
- Tema 4. A Ordenanza xeral das obras e as conseguíntes ocupacións necesarias para a implantación de servizos na vía pública: arts. 1, 16, 25, 26, 27, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 57, 58, e Anexos I, II e V.
- Tema 5. A Ordenanza reguladora das operacións de carga e descarga de mercadorías nas vías urbanas do Concello de Vigo.
- Tema 6. A Ordenanza reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público do Concello de Vigo.
- Tema 7. A Ordenanza municipal reguladora do servizo de aparcamento na vía pública, mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo.
- Tema 8. A Ordenanza Municipal Reguladora dos Vehículos de Mobilidade Persoal no Concello de Vigo.
- Tema 9. A Ordenanza Xeral de Circulación do Termo Municipal de Vigo.
- Tema 10. A Ordenanza Reguladora do Servizo de taxi da Cidade de Vigo.
- Tema 11. Regulamento regulador do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da Cidade de Vigo.
- Tema 12. A Ordenanza municipal do transporte regular especial de uso escolar.
- Tema 13. Plan de mobilidade urbana sustentable (PMUS) de Vigo: marco de actuación, obxectivos e liñas estratéxicas.
- Tema 14. Plan de mobilidade urbana sustentable (PMUS) de Vigo: Programa de control e ordenación do tráfico.
- Tema 15. Plan de mobilidade urbana sustentable (PMUS) de Vigo: Programa de recuperación do espazo público urbano e mellora da seguridade vial.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- Tema 16. Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria. Normas de comportamento na circulación: normas xerais.
- Tema 17. Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria. Circulación de vehículos: lugar na vía, velocidade, preferencia de paso, parada e estacionamento. Sinalización.
- Tema 18. Real Decreto 1428/2003: Sinalización e sinais nos vehículos (Títulos IV e V e Anexo I).
- Tema 19. Guía Desenvolvemento e implementación de plans de mobilidade urbana sustentable (2014) elaborada pola Comisión Europea.
- Tema 20. Libro Verde da Comisión Europea, do 25 de setembro de 2007 – «Cara a unha nova cultura da mobilidade urbana».
- Tema 21. O transporte urbano e metropolitano en España, abril de 2016, Ministerio de Fomento. Libro verde de Medio Ambiente Urbano.
- Tema 22. O transporte urbano e metropolitano en España, abril de 2016, Ministerio de Fomento. A estratexia española de mobilidade sustentable e os gobernos locais (FEMP).
- Tema 23. PROBI. Guía da Mobilidade ciclista. Métodos e Técnicas para o fomento da bicicleta en áreas urbanas.
- Tema 24. Plan Director de mobilidade alternativa de Galicia (PDMAG).
- Tema 25. Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo, polo que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados. Espazos públicos urbanizados e zonas de uso peonil. Itinerarios peonís. Elementos de urbanización.
- Tema 26. Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo, polo que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados. Obras e intervencións. Comunicación e sinalización.
- Tema 27. Manexo de aplicacións e programas informático de propósito xeral.
- Tema 28. Conceptos básicos de informática. Operacións básicas con ficheiros: copiado, copias de seguridade, compresión. Intercambio de información e gravación en distintos soportes.
- Tema 29. Sistemas de información xeográfica: Conceptos básicos e compoñentes. Manexo de lenda e de ventá gráfica. Manexo de datos alfanuméricos. Análise xeográfico e xeométrico. Ficheiros CAD.
- Tema 30. Principio de representación das pezas, escalas de debuxo, xeneralidades sobre normalización, formatos de papel e interpretación de planos.
- Tema 31. Coñecemento básico do contido dos proxectos: memoria, pregos, presupostos e planos.
- Tema 32. Rueiro municipal.

• TÉCNICO DE SISTEMAS

I.- NÚMERO DE PRAZAS: Unha praza (quenda libre).

II.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS: En réxime funcional, enmarcada no grupo A, subgrupo A1; escala, Administración especial; subescala, técnica, clase, superior. Estará dotada coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo A1, e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulte adscrita a praza do aspirante. Figurará incluída no réxime de dedicación exclusiva.

III.- SISTEMA DE SELECCIÓN: Establécese o de oposición libre para unha praza, de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022.

IV.- CONDICIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de grado en física ou equivalente, ou grado en matemáticas ou equivalente ou grado en enxeñeiro ou equivalente, e formación específica en informática.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- FASE DE OPOSICIÓN

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de tres horas, a 4 temas elixidos ao chou, dos que figuran no apartado "X. Programa específico para a quenda libre". Un destes temas corresponderá ao primeiro apartado dos temas "A) Temario xeral" e o resto ao apartado "B) Temario específico". Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese. Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle á persoa aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que formulará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados co contido do temario específico, relativos as tarefas propias da praza. Durante o desenvolvemento desta proba as persoas aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios. As persoas aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle á persoa aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario de contornos operativos linux/windows ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (open office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), así como coñecementos básicos de Sistemas CAD e de Información Xeográfica no tempo que estableza o órgano de selección.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de un (1) punto.

Cuarto exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, conforme ao previsto na base 10ª das xerais, que será determinada polo órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación co seu anexo I, punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de un (1) punto.

VI.- ORDE DE PRELACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES PARA A QUENDA LIBRE

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación dos exercicios terceiro e cuarto será de 0 a 2 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 1 punto en cada unha.

Oposición			
Primeiro exercicio	Segundo exercicio	Terceiro exercicio	Cuarto exercicio
Teórico	Supostos teórico-prácticos	Proba en competencias dixitais	Proba de lingua galega
0-10 puntos	0-10 puntos	0-2 puntos	0-2 puntos
0-24 puntos			

A puntuación final obterase sumando as puntuacións de cada un dos exercicios, sendo o total sobre a base de 24 puntos.

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

VII.- PROGRAMA ESPECÍFICO

A) TEMARIO XERAL:

OS DEZAOITO PRIMEIROS TEMAS SON OS QUE FIGURAN COMO ANEXO NAS BASES XERAIS PARA O SUBGRUPO A1.

B) TEMARIO ESPECÍFICO:

- Tema 1. Lexislación de acceso electrónico: Procedemento administrativo e acceso dos cidadáns aos servizos públicos.
- Tema 2. Lexislación aplicada á sinatura electrónica.
- Tema 3. Esquema Nacional de Seguridade e Esquema Nacional de Interoperabilidade.
- Tema 4. Protección de datos persoais: Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD) e Lei Orgánica de Protección de Datos (LOPD).
- Tema 5. Lei de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Tema 6. ISO 27001: Sistema de Xestión de Seguridade da Información e controis.

- Tema 7. Normativa de seguridade nas Tecnoloxías da Información (ENS).
- Tema 8. Esquema Nacional de Seguridade no sector público.
- Tema 9. Seguridade nas redes de comunicacións.
- Tema 10. DNI electrónico: Certificados, acreditación electrónica e sinatura electrónica. Validación.
- Tema 11. Sistemas centralizados de sinatura nas Administracións Públicas.
- Tema 12. Sinatura electrónica: Formatos e sinaturas lonxevas.
- Tema 13. Ciberseguridade no ámbito público e privado.
- Tema 14. Normativas de cumprimento de seguridade (ENS, ISO, GDPR).
- Tema 15. Ferramentas de xestión do ENS: CCN-CERT, Pilar e INES.
- Tema 16. Linguaxe Java: Clases, obxectos, métodos, parámetros e excepcións.
- Tema 17. Programación concorrente en Java: Fíos, interrupcións e sincronización.
- Tema 18. Arquitectura RMI en Java: Localización de obxectos remotos, retrochamadas e activación.
- Tema 19. Comunicación en Java mediante sockets e streams: Conexión a bases de datos con JDBC.
- Tema 20. Webservices en Java: WSDL, Endpoint, Axis, WS-Security, JAX-WS.
- Tema 21. Java Server Pages (JSP): Elementos de Script, obxectos implícitos, librarías de etiquetas.
- Tema 22. JavaScript: Conceptos xerais, estruturas e funcións.
- Tema 23. Tecnoloxías de procesamento en servidor: Xeración de contido dinámico na web.
- Tema 24. Linguaxe PHP: Conceptos xerais, sintaxe e estrutura.
- Tema 25. Programación orientada a obxectos en PHP.
- Tema 26. Desenvolvemento de aplicacións móbiles: Principios de desenvolvemento en Android e iOS.
- Tema 27. Programación en Python: Sintaxe, estruturas de datos e módulos principais.
- Tema 28. Xestión de proxectos informáticos: Definición, características, ciclo de vida.
- Tema 29. Fases dun proxecto e áreas de coñecemento.
- Tema 30. Técnicas e ferramentas de control na xestión de proxectos.
- Tema 31. Técnicas áxiles de xestión de proxectos: Scrum e Kanban.
- Tema 32. Xestión de contratos, recursos, custos e ingresos en proxectos TIC.
- Tema 33. Calidade na xestión de proxectos informáticos.
- Tema 34. Xestión de recursos humanos en proxectos TIC.
- Tema 35. EDP e EDT: Estrutura de descomposición do proxecto e do traballo.
- Tema 36. Xestión do tempo en proxectos: Planificación, control e axuste.
- Tema 37. Sistemas operativos Windows: Xestión de contas de usuario, configuración e permisos.
- Tema 38. Sistemas operativos Linux: Administración de contas, xestión de usuarios e grupos.
- Tema 39. Sistemas de ficheiros en Linux: Estándar FHS e estrutura de directorios.
- Tema 40. Virtualización de plataformas: Principios e tecnoloxías.
- Tema 41. Virtualización de aplicacións e escritorios.
- Tema 42. VMware: Servizos de infraestrutura e administración de recursos.
- Tema 43. XenServer: Conceptos e administración.
- Tema 44. Citrix XenApp e XenDesktop: Conceptos, despregue e administración.
- Tema 45. Bases de datos relacionais: Estrutura, álgebra e cálculo relacional.
- Tema 46. Linguaxe SQL: Operacións, funcións, subconsultas, vistas e modificacións de datos.
- Tema 47. Transaccións en bases de datos: Concepto, estados e concorrencia.
- Tema 48. Bases de datos NoSQL: Conceptos e uso en sistemas distribuídos.
- Tema 49. Linguaxe Informix-4GL: Acceso a bases de datos e xeración de informes.
- Tema 50. Sistemas de xestión de bases de datos (SGBD): Centralizados, cliente-servidor, paralelos e distribuídos.
- Tema 51. Interconexión de redes: Principios e arquitectura de protocolos TCP/IP.
- Tema 52. Encamiñamento e protocolos de control.
- Tema 53. Infraestruturas de redes na nube: Cloud computing e redes híbridas.
- Tema 54. Informática distribuída: Arquitectura cliente-servidor e mainframe.
- Tema 55. Servizos de directorio: LDAP e autenticación.
- Tema 56. Directorio Activo en Windows: Administración e seguridade.
- Tema 57. Redes privadas virtuais (VPN): Implementación e seguridade.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- Tema 58. Seguridade en bases de datos: Técnicas de encriptación e control de acceso.
- Tema 59. Xestión de identidades e accesos (IAM): Tecnoloxías e estándares.
- Tema 60. Ciberseguridade en infraestruturas críticas.
- Tema 61. Tecnoloxías de autenticación multifactor (MFA).
- Tema 62. Sistemas de detección e prevención de intrusionés (IDS/IPS).
- Tema 63. Blockchain: Aplicacións na administración pública.
- Tema 64. Intelixencia artificial: Algoritmos, aprendizaxe automático e aplicacións.
- Tema 65. Big Data: Xestión de grandes volumes de datos na administración.
- Tema 66. Internet das cousas (IoT): Aplicacións e seguridade.
- Tema 67. Computación cuántica: Principios e aplicacións futuras en sistemas informáticos.
- Tema 68. Sistemas de control de versións (Git).
- Tema 69. Contedores e microservizos: Docker e Kubernetes.
- Tema 70. Administración de servidores web: Apache e Nginx.
- Tema 71. Monitorización de sistemas: Ferramentas e técnicas.
- Tema 72. DevOps: Integración continua e entrega continua (CI/CD).

• TÉCNICO/A MEDIO SERVICIOS ECONÓMICOS

I.- NÚMERO DE PRAZAS: Tres prazas (dúas pola quenda libre e unha reservada para a quenda de promoción interna).

II.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS: En réxime funcional, enmarcada no grupo A, subgrupo A2; escala, Administración especial; subescala servizos especiais; clase, Cometidos especiais. Estará dotada coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo A2, e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulte adscrita a praza do aspirante. Figurará incluída no réxime de dedicación exclusiva.

III.- SISTEMA DE SELECCIÓN: Establécese o de oposición libre para dúas prazas, de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022.

Establécese o de concurso-oposición para promoción interna, entre o persoal integrado na Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, Subgrupo C1 de titulación ou na Escala Administración especial, subescala servizos especiais, clase, cometidos especiais, subgrupo C1 de titulación, que contén cando menos cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe.

IV.- CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de diplomado/a en ciencias económicas e empresariais, primeiro ciclo licenciatura en dereito ou diplomado/a en relacións laborais ou titulación equivalente que habilite para o acceso á praza convocada segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo ou estar en condicións de obtelo á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- FASE DE CONCURSO

A avaliación dos méritos alegados e xustificados polas persoas aspirantes na quenda de promoción interna realizarase de acordo co baremo previsto na base 13ª das xerais.

VI.- FASE DE OPOSICIÓN PARA A QUENDA LIBRE

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de tres horas, a 4 temas elixidos ao chou, dos que figuran no apartado "X. Programa específico para a quenda libre". Un destes temas corresponderá ao primeiro apartado dos temas "A) Temario xeral" e o resto ao apartado "B) Temario específico". Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese. Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle á persoa aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que formulará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados co contido do temario específico, relativos as tarefas propias da praza. Durante o desenvolvemento desta proba as persoas aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios. As persoas aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle á persoa aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Proba práctica en competencias dixitais. Consistirá nunha proba de carácter práctico, dirixida a avaliar as competencias dixitais a nivel usuario/a de entornos e ferramentas dixitais, aplicacións de carácter básico, contornos operativos Windows, Linux ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (Open Office ou similar) e de utilidades básicas de internet nos ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o órgano de selección.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a tres (3) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de un (1) puntos.

Cuarto exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, conforme ao previsto na base 10ª das xerais, que será determinada polo órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación co seu anexo I, punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de un (1) punto.

VII.- ORDE DE PRELACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES PARA A QUENDA LIBRE

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación dos exercicios terceiro e cuarto será de 0 a 2 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 1 punto en cada unha.

Oposición			
Primeiro exercicio	Segundo exercicio	Terceiro exercicio	Cuarto exercicio
Teórico	Supostos teórico-prácticos	Proba en competencias dixitais	Proba de lingua galega
0-10 puntos	0-10 puntos	0-2 puntos	0-2 puntos
0-24 puntos			

A puntuación final obterase sumando as puntuacións de cada un dos exercicios, sendo o total sobre a base de 24 puntos.

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

VIII.- FASE DE OPOSICIÓN PARA PROMOCIÓN INTERNA

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de tres horas, a 4 temas elixidos ao chou, dos que figuran no apartado XI. *Programa específico para a promoción interna*. Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese. Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que formulará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados co contido do temario específico, relativos as tarefas propias da praza. Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios. Os e as aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle ao aspirante calquera aclaración que considere

oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

IX.- ORDE DE PRELACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES PARA A PROMOCIÓN INTERNA

A puntuación obtida na fase de concurso cualificarase sobre a base de 9 puntos.

Na fase de oposición, a cualificación dos dous exercicios será de 0 a 10 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles.

Concurso-oposición					
Concurso				Oposición	
Antigüidade	Formación	Titulacións	Lingua galega	Primeiro exercicio	Segundo exercicio
0-3 puntos	0-3 puntos	0-2 puntos	0-1 punto	Teórico	Supostos prácticos
0-9 puntos				0-10 puntos	0-10 puntos
0-9 puntos				0-20 puntos	
0-29 puntos					

A puntuación final obterase sumando as puntuacións de cada unha das fases, sendo o total sobre a base de 29 puntos.

Así, no caso de obter 7 puntos na fase de concurso, 8,20 puntos no primeiro exercicio e 9,30 puntos no segundo exercicio, resultaría:

$(7)+(8,20)+(9,30)= 24,50$ puntos sobre un total de 29 posibles.

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

X.- PROGRAMA ESPECÍFICO QUENDA LIBRE

A) TEMARIO XERAL:

OS DOCE PRIMEIROS TEMAS SON OS QUE FIGURAN COMO ANEXO NAS BASES XERAIS PARA O SUBGRUPO A2.

B) TEMARIO ESPECÍFICO:

- Tema 1. A economía e a facenda na Constitución Española. Competencias estatais, autonómicas e locais en materia tributaria. Principios constitucionais en materia de financiamento autonómica e local.
- Tema 2. Economía: concepto, método, e principais problemas económicos. Definición e clasificación dos sistemas económicos. Análise da economía de mercado.
- Tema 3. O comportamento do consumidor e a demanda de bens. A elasticidade da demanda. O comportamento da/o empresaria/o. A función de produción e os custes de produción.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- Tema 4. A estrutura do mercado de bens. Competencia perfecta, monopolio, oligopolio, e competencia monopolística. Os mercados de factores e a distribución da renda.
- Tema 5. Magnitudes agregadas básicas: produto, renda e gasto nacional. Problemas de avaliación e agregación.
- Tema 6. A oferta monetaria: compoñentes e funcións do diñeiro. Mercado de diñeiro e de capitais. O banco central e os intermediarios financeiros. A demanda de diñeiro.
- Tema 7. Obxectivos económicos básicos e política económica (I): Pleno emprego e paro. Políticas de emprego. Estabilidade de prezos e inflación. Medición da inflación: IPC e deflactor do PIB.
- Tema 8. Obxectivos económicos básicos e política económica (II): Crecemento económico: definición, medición (PIB), explicacións teóricas, e políticas de crecemento.
- Tema 9. Os problemas do sector exterior da economía. Estrutura e saldo da balanza de pagos. Tipos de cambio.
- Tema 10. “Fallos do mercado” e intervención pública. Bens públicos, externalidades, e competencia imperfecta. A intervención en materia de distribución da renda.
- Tema 11. A economía española: análise sectorial e espacial da súa estrutura. A economía de Galicia e o perfil económico da cidade de Vigo.
- Tema 12. Procesos de integración económica. A organización mundial do comercio.
- Tema 13. O dereito mercantil. As sociedades mercantís: concepto, clases, disolución, e liquidación.
- Tema 14. A sociedade colectiva, comanditaria, e de responsabilidade limitada. Administración e representación. Xunta de socios.
- Tema 15. A sociedade anónima. O Rexistro Mercantil.
- Tema 16. As obrigas e contratos mercantís (I): Contrato de comisión, axencia, concesión mercantil, franquía, compravenda, subministración, e conta corrente entre empresarias/os.
- Tema 17. As obrigas e contratos mercantís (II): Contrato de leasing, factoring, e contratos bancarios: depósito, préstamo, transferencia, desconto, e crédito bancario.
- Tema 18. Contabilidade financeira: contas anuais, principios e criterios contables. O cadro de contas.
- Tema 19. Normas de Rexistro e Valoración no Plan Xeral Contable. Obrigas legais da contabilidade das/os empresarias/os. O ciclo contable.
- Tema 20. Contabilidade de sociedades: constitución, aumento e redución de capital social. Transformación, fusión, escisión, e disolución de sociedades.
- Tema 21. A consolidación contable: concepto, métodos, e relación co Imposto de Actividades económicas.
- Tema 22. Auditoría de contas: concepto, obxectivos, e normas de auditoría xeralmente aceptadas. Obtención da evidencia de auditoría.
- Tema 23. Contabilidade Fiscal (I): Diferenzas temporais e permanentes. Contabilización do Imposto de Sociedades.
- Tema 24. Contabilidade Fiscal (II): Contabilización do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE repercutido e IVE soportado). Regra da prorrata.
- Tema 25. Contabilidade Fiscal (III): Cálculo do importe neto da cifra de negocio e as fontes de financiamento das empresas.
- Tema 26. O mercado de valores: regulación, concepto, e clases. A organización da bolsa de valores e a débeda pública.
- Tema 27. O Texto Refundido da Lei Concursal: Procedemento e efectos da declaración de concurso. Créditos concursais e créditos contra a masa.
- Tema 28. Contabilidade do Sector Público: Principios contables públicos. A contabilidade da execución do presuposto de gasto e de ingresos.
- Tema 29. O sistema de contabilidade da Administración Local: principios xerais, competencias, e fins da contabilidade na administración local.
- Tema 30. A conta xeral das Entidades locais: estados e contas anuais, anexos, e tramitación.

- Tema 31. O Control interno da actividade do sector público local: a función interventora e o control financeiro.
- Tema 32. O Control externo da actividade económico-financieira do sector público local: a fiscalización das Entidades Locais polo Tribunal de Contas.
- Tema 33. As facendas locais en España: principios, réxime xurídico, e coordinación das facendas estatal, autonómica e local.
- Tema 34. O orzamento xeral das entidades locais: concepto, contido, elaboración, e aprobación.
- Tema 35. A estrutura orzamentaria: créditos do orzamento de gastos, situación e niveis de vinculación xurídica. Modificacións de crédito: clases, concepto, financiamento e tramitación.
- Tema 36. A execución do orzamento de gastos e de ingresos: fases, pagamentos a xustificar, anticipos de caixa fixa, gastos plurianuais, tramitación anticipada, proxectos de gasto, e gastos con financiamento afectado.
- Tema 37. A liquidación do orzamento: tramitación, remanentes de crédito, resultado orzamentario, e remanente de tesourería.
- Tema 38. A tesourería das Entidades Locais: réxime xurídico, organización, funcións, e realización de pagos.
- Tema 39. O dereito tributario: concepto, Lei Xeral Tributaria, principios do ordenamento tributario español, aplicación e interpretación das normas tributarias.
- Tema 40. Os Tributos (I): Concepto, fins, e clases. Relación xurídico-tributaria, suxeito activo e pasivo, obrigas tributarias, responsables, e solidariedade.
- Tema 41. O Feito Impoñible: exencións, elementos de cuantificación da obriga tributaria principal, e bases impoñible e liquidable.
- Tema 42. A xestión tributaria (I): Declaración tributaria, liquidación dos tributos, e valor probatorio das liquidacións.
- Tema 43. A xestión tributaria (II): Procedementos de xestión tributaria, proba, prescrición, e devolución de ingresos indebidos.
- Tema 44. Extinción da obrigación tributaria: pagamento e demais formas de extinción, imputación de pagos, e pagamento por conta e a prazos.
- Tema 45. A recadación tributaria: procedemento en período voluntario, obrigados ao pagamento, lugar e forma de pagamento, e medios de pagamento.
- Tema 46. Procedemento de recadación en vía de apremio: inicio, desenvolvemento, títulos executivos, providencia de apremio, e embargos.
- Tema 47. A recadación tributaria. Impugnación do procedemento de apremio: recurso de reposición, recadación das débedas por entes distintos da Administración tributaria competente, e aprazamento e fraccionamento do pago.
- Tema 48. As garantías tributarias: concepto, clases, características e requisitos. Garantías provisionais e definitivas.
- Tema 49. A inspección tributaria: funcións e facultades, actuacións de inspección, e dilixencias.
- Tema 50. As actas de inspección: clases, tramitación, contido e eficacia.
- Tema 51. O Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI): natureza, feito impoñible, suxeitos pasivos, exencións, base impoñible, cota tributaria, e xestión.
- Tema 52. O Imposto sobre Actividades Económicas (IAE): natureza, feito impoñible, suxeitos pasivos, exencións, base impoñible, cota tributaria, e xestión.
- Tema 53. O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM): natureza, feito impoñible, suxeitos pasivos, exencións, base impoñible, cota tributaria, e xestión.
- Tema 54. O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO): natureza, feito impoñible, suxeitos pasivos, exencións, base impoñible, cota tributaria, e xestión.
- Tema 55. O Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU): natureza, feito impoñible, suxeitos pasivos, exencións, base impoñible, cota tributaria, e xestión.
- Tema 56. As taxas municipais: concepto, feito impoñible, suxeitos pasivos, exencións, base impoñible, cota tributaria, e xestión.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- Tema 57. As contribucións especiais: concepto, feito imponible, suxeitos pasivos, exencións, base imponible, cota tributaria, e xestión.
- Tema 58. Os prezos públicos: concepto, feito imponible, suxeitos pasivos, exencións, base imponible, cota tributaria, e xestión.
- Tema 59. O Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF): natureza, feito imponible, suxeitos pasivos, base imponible, e cota tributaria.
- Tema 60. O Imposto sobre o Valor Engadido (IVE): natureza, feito imponible, suxeitos pasivos, base imponible, e cota tributaria.

XI.- PROGRAMA ESPECÍFICO PROMOCIÓN INTERNA

(EXCLÚESE O COMÚN PARA PRAZAS DO SUBGRUPO A2, QUE FIGURA COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

- Tema 1. A economía e a facenda na Constitución Española. Competencias estatais, autonómicas e locais en materia tributaria. Principios constitucionais en materia de financiamento autonómico e local.
- Tema 2. Economía: concepto, método, e principais problemas económicos. Sistemas económicos: definición, clasificación, e análise da economía de mercado.
- Tema 3. Comportamento do consumidor e da/o empresaria/o. Demanda de bens, elasticidade, función de produción, e custes de produción. Estrutura do mercado de bens. Mercados de factores e distribución da renda.
- Tema 4. A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade
- Tema 5. Magnitudes agregadas: produto, renda, gasto nacional, e problemas de avaliación. Oferta e demanda monetaria: compoñentes, funcións, e intermediarios financeiros.
- Tema 6. Obxectivos económicos e política económica (I): pleno emprego, paro, inflación, e estabilidade de prezos. Medición: IPC e deflactor do PIB.
- Tema 7. Obxectivos económicos e política económica (II): crecemento económico, medición (PIB), explicacións teóricas, e políticas de crecemento.
- Tema 8. Problemas do sector exterior: balanza de pagos e tipos de cambio. "Fallos do mercado": bens públicos, externalidades, e intervención pública.
- Tema 9. Economía española: análise sectorial e espacial. A economía de Galicia e o perfil económico da cidade de Vigo.
- Tema 10. Procesos de integración económica. Organización Mundial do Comercio. Dereito mercantil: concepto, sociedades mercantís, e Rexistro Mercantil.
- Tema 11. Sociedades mercantís: colectiva, comanditaria, responsabilidade limitada, e anónima. Administración, representación, e xunta de socios.
- Tema 12. Obrigas e contratos mercantís: comisión, axencia, concesión, franquía, leasing, factoring, e contratos bancarios.
- Tema 13. Contabilidade financeira: principios, criterios, contas anuais, e cadro de contas. Ciclo contable e normas de Rexistro e Valoración.
- Tema 14. Contabilidade de sociedades: constitución, aumento e redución de capital, fusión, escisión, e disolución. Consolidación contable.
- Tema 15. Auditoría de contas: concepto, obxectivos, normas de auditoría, e evidencia de auditoría. Contabilidade fiscal: Imposto de Sociedades, IVE, e prorrata.
- Tema 16. Contabilidade fiscal (II): Cálculo do importe neto da cifra de negocio e fontes de financiamento das empresas.
- Tema 17. Mercado de valores: regulación, clases, bolsa de valores, e débeda pública. Texto Refundido da Lei Concursal: procedemento, efectos, e créditos.

- Tema 18. Contabilidade do Sector Público: principios contables públicos, execución do presuposto, e sistema de contabilidade da Administración Local.
- Tema 19. Conta xeral das Entidades Locais: estados e contas anuais, anexos, tramitación, e control interno e externo da actividade económico-financeira.
- Tema 20. Facendas locais en España: principios, réxime xurídico, coordinación entre facendas estatal, autonómica e local. Orzamento xeral das entidades locais: concepto, contido, elaboración, e aprobación.
- Tema 21. Estrutura orzamentaria: créditos de gastos, vinculación xurídica, e modificacións de crédito. Execución do orzamento de gastos e ingresos: fases, gastos plurianuais, tramitación anticipada, e proxectos de gasto.
- Tema 22. Liquidación do orzamento: tramitación, remanentes de crédito, resultado orzamentario, e remanente de tesourería. Tesourería das Entidades Locais: organización, funcións, e realización de pagos.
- Tema 23. Dereito tributario: concepto, Lei Xeral Tributaria, principios do ordenamento tributario, e aplicación das normas tributarias. Tributos: concepto, fins, clases, relación xurídico-tributaria, suxeito activo e pasivo.
- Tema 24. Feito imponible: exencións, elementos de cuantificación da obriga tributaria, bases imponible e liquidable, e extinción da obrigación tributaria. Pagamento e formas de extinción, imputación de pagos, e pagamento a prazos.
- Tema 25. Xestión tributaria: declaracións, liquidacións, procedementos de xestión, prescrición, e devolución de ingresos indebidos.
- Tema 26. Recadación tributaria: procedemento en período voluntario, obrigados ao pagamento, medios de pagamento, e procedemento de recadación en vía de apremio.
- Tema 27. Impugnación do procedemento de apremio: recurso de reposición, recadación de débedas, aprazamento e fraccionamento do pago. Garantías tributarias: concepto, clases, características, provisionais e definitivas.
- Tema 28. Inspección tributaria: funcións, facultades, actuacións de inspección, dilixencias, e actas de inspección: clases, tramitación, contido, e eficacia.
- Tema 29. Impostos locais (I): Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) e Imposto sobre Actividades Económicas (IAE): natureza, feito imponible, suxeitos pasivos, exencións, base imponible, cota tributaria, e xestión.
- Tema 30. Impostos locais (II): Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM), Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), e Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU): natureza, feito imponible, suxeitos pasivos, exencións, base imponible, cota tributaria, e xestión.
- Tema 31. Tributos municipais: taxas municipais, contribucións especiais, e prezos públicos: concepto, feito imponible, suxeitos pasivos, exencións, base imponible, cota tributaria, e xestión.
- Tema 32. Impostos estatais (I): Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) e Imposto sobre o Valor Engadido (IVE): natureza, feito imponible, suxeitos pasivos, base imponible, e cota tributaria.
- Tema 33. Dereito mercantil: contratos mercantís (I): comisión, axencia, concesión mercantil, franquía, compravenda, subministración, e conta corrente entre empresarias/os. Contratos mercantís (II): leasing, factoring, e contratos bancarios (depósito, préstamo, transferencia, desconto, crédito bancario).
- Tema 34. Contabilidade fiscal: IVE e Imposto de Sociedades: contabilización, diferenzas temporais e permanentes, e regra da prorrata.
- Tema 35. Contabilidade de sociedades: constitución, aumento e redución de capital, transformación, fusión, escisión, e disolución. Normas de Rexistro e Valoración no Plan Xeral Contable.
- Tema 36. Contabilidade pública: principios contables públicos, contabilidade da execución do presuposto de gasto e ingresos, conta xeral das Entidades Locais, e sistema de contabilidade da Administración Local.
- Tema 37. Control da actividade económico-financeira do sector público local: control interno (función interventora, control financeiro) e control externo (fiscalización polo Tribunal de Contas).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- Tema 38. Orzamento xeral das entidades locais: concepto, contido, elaboración, aprobación, estrutura orzamentaria, créditos de gastos, e modificacións de crédito.
- Tema 39. Execución e liquidación do orzamento das entidades locais: fases, remanentes de crédito, resultado orzamentario, remanente de tesourería, e tramitación de gastos.
- Tema 40. Tesourería das entidades locais: réxime xurídico, organización, funcións, e realización de pagamentos. Pagamento da obriga tributaria: lugar, forma, medios de pagamento, e procedemento en período voluntario.
- Tema 41. Inspección tributaria: funcións, facultades, actuacións, dilixencias, actas de inspección (clases, tramitación, contido, e eficacia).
- Tema 42. Procedemento de recadación en vía de apremio: inicio, desenvolvemento, títulos executivos, providencia de apremio, e embargos. Impugnación do procedemento de apremio: recursos e recadación de débedas.
- Tema 43. Impostos municipais (I): Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) e Imposto sobre Actividades Económicas (IAE): natureza, feito imponible, suxeitos pasivos, exencións, base imponible, cota tributaria, e xestión.
- Tema 44. Impostos municipais (II): Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM), Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), e Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU): natureza, feito imponible, suxeitos pasivos, exencións, base imponible, cota tributaria, e xestión.
- Tema 45. Tributos municipais: taxas municipais, contribucións especiais, e prezos públicos: concepto, feito imponible, suxeitos pasivos, exencións, base imponible, cota tributaria, e xestión.
- Tema 46. Impostos estatais: Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) e Imposto sobre o Valor Engadido (IVE): natureza, feito imponible, suxeitos pasivos, base imponible, e cota tributaria.
- Tema 47. Procesos de integración económica: análise da economía española e galega no contexto da Unión Europea e da Organización Mundial do Comercio.
- Tema 48. Texto Refundido da Lei Concursal: procedemento, efectos, e créditos concursais e contra a masa. Liquidación do orzamento das entidades locais e remanente de tesourería.

• TÉCNICO SUPERIOR ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS

I.- NÚMERO DE PRAZAS: Unha praza (quenda libre).

II.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS: En réxime funcional, enmarcada no grupo A, subgrupo A1; escala, Administración especial; subescala, servizos especiais; clase, cometidos especiais. Estará dotada coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo A1, e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulte adscrita a praza do aspirante. Figurará incluída no réxime de dedicación exclusiva.

III.- SISTEMA DE SELECCIÓN: Establécese o de oposición libre para unha praza, de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022.

IV.- CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión de título de grao ou equivalente.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- FASE DE OPOSICIÓN

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de tres horas, a 4 temas elixidos ao chou, dos que figuran no apartado "X. Programa específico para a quenda libre". Un destes temas corresponderá ao primeiro apartado dos temas "A) Temario xeral" e o resto ao apartado "B) Temario específico". Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese. Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle á persoa aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que formulará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados co contido do temario específico, relativos as tarefas propias da praza. Durante o desenvolvemento desta proba as persoas aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios. As persoas aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle á persoa aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario de contornos operativos linux/windows ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (open office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), así como coñecementos básicos de Sistemas CAD e de Información Xeográfica no tempo que estableza o órgano de selección.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de un (1) punto.

Cuarto exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, conforme ao previsto na base 10ª das xerais, que será determinada polo órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación co seu anexo I, punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de un (1) punto.

VI.- ORDE DE PRELACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES PARA A QUENDA LIBRE

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación dos exercicios terceiro e cuarto será de 0 a 2 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 1 punto en cada unha.

Oposición			
Primeiro exercicio	Segundo exercicio	Terceiro exercicio	Cuarto exercicio
Teórico	Supostos teórico-prácticos	Proba en competencias dixitais	Proba de lingua galega
0-10 puntos	0-10 puntos	0-2 puntos	0-2 puntos
0-24 puntos			

A puntuación final obterase sumando as puntuacións de cada un dos exercicios, sendo o total sobre a base de 24 puntos.

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

VII.- PROGRAMA ESPECÍFICO

A) TEMARIO XERAL:

OS DEZAOITO PRIMEIROS TEMAS SON OS QUE FIGURAN COMO ANEXO NAS BASES XERAIS PARA O SUBGRUPO A1.

B) TEMARIO ESPECÍFICO:

- Tema 1. Estudo da cidade de Vigo: síntese dos principais aspectos demográficos, socioculturais, económicos e políticos. Principais infraestruturas, dotacións e servizos culturais.
- Tema 2. Lingua galega e administración pública: normativa fundamental para o seu uso. A lingua galega na Administración local.
- Tema 3. Os contratos do sector público: réxime xurídico, principais características e tipoloxía de contratos.
- Tema 4. As administracións públicas e a distribución de competencias en materia cultural. Competencias culturais da comunidade autónoma galega. Competencias culturais dos Concellos.
- Tema 5. Os dereitos de propiedade intelectual e os dereitos de autor na lexislación española.
- Tema 6. A política cultural: concepto, evolución e declaracións internacionais. Perspectiva histórica. Obxectivos xerais e liñas directrices da política cultural. A política cultural a nivel municipal.
- Tema 7. Análise da xestión cultural. Concepto, etimoloxía e vertentes do concepto de cultura. Bases xurídicas da xestión cultural. Modelos societarios.
- Tema 8. A animación sociocultural: concepto, modalidades, recursos materiais e humanos. Ámbitos e metodoloxía. O animador sociocultural: perfil e tipoloxías.

- Tema 9. A intervención sociocultural: concepto e fins. Análise da realidade nos procesos de intervención sociocultural. Avaliación, conceptualización e tipoloxía nos proxectos de intervención sociocultural.
- Tema 10. A comunicación na cultura e as súas estratexias. Publicidade e Marketing. A difusión cultural e as novas tecnoloxías.
- Tema 11. Os equipamentos culturais na Administración Local: servizos e finalidades. Análise, funcionamento e características dos principais recintos culturais municipais do Concello de Vigo.
- Tema 12. O público. Comportamento e segmentación dos usuarios. Estudo e análise de públicos no ámbito cultural.
- Tema 13. Os proxectos culturais: elaboración, desenvolvemento e avaliación. Análise, finalidades e servizos. Estratexias de comunicación e accións comunicativas.
- Tema 14. O financiamento da Cultura: patrocinio e captación de recursos externos. Mecenado e patrocinio. Patrocinio e publicidade.
- Tema 15. O patrimonio cultural: marco xurídico. Protección e conservación do patrimonio cultural: concepto, causas, requisitos. Principais coleccións histórico-artísticas do Concello de Vigo.
- Tema 16. As fundacións culturais: marco legal e características. As fundacións culturais relacionadas co Concello de Vigo.
- Tema 17. As Bibliotecas: tipoloxía e características. A xestión das bibliotecas públicas: servizos, colección de libros e fondos, persoal, redes e servizos de apoio.
- Tema 18. A Biblioteca e a formación da colección: selección e adquisición dos fondos. Criterios e fontes de selección. A adquisición compartida. O expurgo.
- Tema 19. As bibliotecas na vixente lexislación española. As bibliotecas públicas do Estado e o sistema español de Bibliotecas. A lei de bibliotecas de Galicia. A realidade bibliotecaria na cidade de Vigo.
- Tema 20. A biblioteca pública municipal do Concello de Vigo: xestión, servizos e actividades.
- Tema 21. O museo como centro cultural da sociedade: aspectos teóricos. Elementos constitutivos do museo: o público, a planificación, o continente, o contido. Tipoloxía de museos.
- Tema 22. A difusión cultural dos museos: dinamización didáctica e cultural. Tipoloxía de públicos.
- Tema 23. A Rede de Museos Municipais do Concello de Vigo: equipamentos que a compoñen e as súas principais características. Programación.
- Tema 24. As exposicións temporais: conceptos e deseño. Infraestrutura e equipamentos básicos. A linguaxe das exposicións. Organización e montaxe. A programación de exposicións no Concello de Vigo.
- Tema 25. Os espectáculos na programación municipal: características xerais da xestión. A organización de espectáculos na normativa legal básica. Programación de espectáculos no Concello de Vigo.
- Tema 26. A xestión da programación de espectáculos de artes escénicas e musicais. Planificación e promoción. Programación municipal de artes escénicas e musicais do Concello de Vigo.
- Tema 27. As redes e plataformas de programación de artes escénicas e musicais a nivel estatal e da comunidade autónoma galega.
- Tema 28. As administracións públicas e a distribución de competencias en materia educativa. Competencias educativas da comunidade autónoma galega. Competencias dos Concellos en materia educativa.
- Tema 29. Estrutura de participación da comunidade educativa: os consellos escolares. O consello escolar de centro.
- Tema 30. O asociacionismo no ámbito educativo. As asociacións de alumnado e as ANPAS.
- Tema 31. As escolas municipais de artes escénicas e musicais: normativa que as regula e características. A oferta do Concello de Vigo.
- Tema 32. A educación permanente de adultos. Recursos existentes. Posibilidade de intervención dos Concellos.
- Tema 33. Plan, programa e proxecto no traballo social e cultural. O equipo multidisciplinar no traballo social e cultural.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- Tema 34. Voluntariado: captación, formación e selección.
- Tema 35. Organización dos recursos materiais e económicos no ámbito cultural: presupostos, sistemas de financiamento e infraestrutura material.
- Tema 36. As subvencións públicas á actividade cultural: lexislación actual e tipoloxías. Procedemento de concesión.
- Tema 37. As Casas da Xuventude e os centros de Información xuvenil. A Casa da Xuventude do Concello de Vigo: características, servizos e oferta de actividades.
- Tema 38. Seminarios, xornadas, congresos e encontros. Características coincidentes e diferenciadoras.
- Tema 39. As festas populares locais como tradición cultural. Evolución e características actuais. Festas de tradición na cidade de Vigo.
- Tema 40. O xogo: conceptos. Xogos cooperativos. As ludotecas municipais do Concello de Vigo.
- Tema 41. Aproximación histórica á cidade de Vigo, con especial referencia ao aspecto cultural.
- Tema 42. Concepto de educación. A educación como formación integral da persoa. Obxectivos da educación.
- Tema 43. Utilización dos medios audiovisuais en cultura e educación. Posibilidades didácticas.
- Tema 44. A Escola Municipal de Artes e Oficios do Concello de Vigo: reseña histórica, marco legal e características.
- Tema 45. A Lei de Prevención de Riscos Laborais: aspectos xerais.
- Tema 46. A planificación da intervención socioeducativa: plan, programas e proxectos.
- Tema 47. A educación para o ocio e o tempo libre. Actividades extraescolares. Actividades de tempo libre.
- Tema 48. A lexislación educativa en España: evolución histórica e marco legal actual.
- Tema 49. O mecenado cultural: definición, características e normativa. Estratexias para o financiamento cultural a través de mecenado.
- Tema 50. As políticas culturais da Unión Europea: análise das principais directrices e proxectos comunitarios.
- Tema 51. Xestión de eventos culturais: planificación, loxística e execución.
- Tema 52. Estratexias de inclusión cultural: fomento da participación de grupos sociais en risco de exclusión en actividades culturais e educativas.
- Tema 53. Museos interactivos e espazos multimedia: novas tecnoloxías aplicadas á xestión cultural.
- Tema 54. Planificación de programas formativos en artes escénicas: deseño de currículos e xestión de recursos formativos.
- Tema 55. Estratexias de promoción do patrimonio inmaterial e festas tradicionais: mecanismos de protección e difusión.
- Tema 56. A normativa ambiental aplicable a eventos culturais ao aire libre: xestión sustentable e minimización do impacto ambiental.
- Tema 57. Xestión da diversidade cultural en contextos educativos: estratexias de integración e promoción da multiculturalidade.
- Tema 58. Redes sociais e novas tecnoloxías como ferramenta de difusión cultural: oportunidades e retos.
- Tema 59. Proxectos europeos no ámbito cultural: financiamento e participación en programas da Unión Europea.
- Tema 60. Desenvolvemento do turismo cultural: impacto e beneficios para as cidades.
- Tema 61. A accesibilidade en infraestruturas culturais: normativas e boas prácticas para garantir a inclusión.
- Tema 62. A integración das artes plásticas na programación cultural municipal: fomento, difusión e organización de exposicións.
- Tema 63. A participación cidadá na planificación cultural: procesos colaborativos e mecanismos de consulta.
- Tema 64. Xestión de residencias artísticas e espazos de creación no ámbito municipal.

- Tema 65. Impacto económico das políticas culturais municipais: métodos de avaliación e indicadores.
- Tema 66. A cooperación público-privada na xestión de actividades culturais: tipoloxías de colaboración.
- Tema 67. A mediación cultural: definición, obxectivos e metodoloxías de traballo co público.
- Tema 68. O uso de espazos públicos como centros culturais: lexislación e boas prácticas.
- Tema 69. Xestión de festivais culturais: planificación, programación e execución.
- Tema 70. Os festivais de música no contexto da programación cultural municipal: desafíos e oportunidades.
- Tema 71. A xestión dos festivais de cinema: organización, programación e recursos.
- Tema 72. Cultura e innovación: os espazos culturais como lugares de experimentación e desenvolvemento creativo.

PERSOAL LABORAL

CAPATAZ

I.- NÚMERO DE PRAZAS: Unha praza (promoción interna).

II.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS: En réxime laboral, equiparada ao subgrupo C1 para os efectos de titulación. Estará dotada coas retribucións básicas correspondentes ao subgrupo C1 e as complementarias propias do posto de traballo ao que se adscriba a praza. Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

III.- SISTEMA DE SELECCIÓN: Establécese o de concurso-oposición para promoción interna, para unha praza entre o persoal laboral fixo do subgrupo profesional inmediatamente inferior (equiparado ao Subgrupo C2 de titulación), que contén, canto menos, cunha antigüidade de dous anos nunha praza equiparada ao Grupo C, Subgrupo C2.

IV.- CONDICIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de bacharelato, técnico ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou contar con dez anos de antigüidade no grupo C, subgrupo C2 de titulación.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- FASE DE CONCURSO

A avaliación dos méritos alegados e xustificados polas persoas aspirantes na quenda de promoción interna realizarase de acordo co baremo previsto na base 13ª das xerais.

VI.- FASE DE OPOSICIÓN

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estime o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 30 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias contidas no temario que figura como anexo a estas bases; cuestionario determinado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada; non se puntuarán as non contestadas.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou realizar as tarefas que propondrá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

VII.- ORDE DE PRELACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

A puntuación obtida na fase de concurso cualificarase sobre a base de 9 puntos.

Na fase de oposición, a cualificación dos dous exercicios será de 0 a 10 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles.

Concurso-oposición					
Concurso				Oposición	
Antigüidade	Formación	Titulacións	Lingua galega	Primeiro exercicio	Segundo exercicio
0-3 puntos	0-3 puntos	0-2 puntos	0-1 punto	Teórico	Suposto/s práctico/s
0-9 puntos				0-10 puntos	0-10 puntos
0-9 puntos				0-20 puntos	
0-29 puntos					

A puntuación final obterase sumando as puntuacións de cada unha das fases, sendo o total sobre a base de 29 puntos.

Así, no caso de obter 7 puntos na fase de concurso, 8,20 puntos no primeiro exercicio e 9,30 puntos no segundo exercicio, resultaría:

$(7)+(8,20)+(9,30)= 24,50$ puntos sobre un total de 29 posibles.

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

VIII.- PROGRAMA ESPECÍFICO

(OS OITO PRIMEIROS TEMAS SON OS QUE FIGURAN COMO ANEXO NAS BASES XERAIS PARA O SUBGRUPO C1)

TEMARIO ESPECÍFICO

- Tema 1. Funcións e tarefas máis importantes dun capataz.
- Tema 2. Operacións básicas en traballos de albanelería, electricidade, fontanería, carpintería, xardinería e pintura.
- Tema 3. Interpretación de planos: Simbología, trazado, replanteo, medición, superficies, volumes, etc.
- Tema 4. Valoración do clima laboral. Xestión de queixas e suxestións dos recursos humanos.
- Tema 5. Seguridade e saúde laboral. Normas básicas sobre medidas de seguridade. Obrigacións do traballador en materia de prevención de riscos laborais. Real Decreto 773/1997, de 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas a utilización polos traballadores de equipos de protección individual.
- Tema 6. A Lei 31/1995, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais: Capítulo III: Artigo 14. Dereito á protección fronte aos riscos laborais; Art. 18. Información, consulta e participación dos traballadores; Art. 19. Formación dos traballadores; Art. 20. Medidas de emerxencia; Art. 21 Risco grave e inminente; Art. 22. Vixilancia da saúde; Art. 29. Obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos.
- Tema 7. Concepto de equipo de protección individual (EPI) e obrigas dos traballadores: Art. 2 e Art. 10 do Real Decreto 773/1997, de 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas a utilización polos traballadores de equipos de protección individual.

14(27).- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN MUNICIPAL DAS ARTES ESCÉNICAS “VIGOCULTURA”. EXPTE. 5886/330.

Visto o informe xurídico do 27/12/2024 e o informe de fiscalización do 10/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/12/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES.-

A concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolveu, con data 17 de decembro, que pola área de Cultura se inicie o expediente necesario para a fixación de prezos de venda das entradas para os espectáculos da programación municipal das artes escénicas “Vigocultura”, que se realizará no Auditorio Municipal do Concello, entre os meses de febreiro e maio de 2025, de acordo co disposto no artigo 44.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e coa ordenanza municipal do Concello de Vigo reguladora de prezos públicos nº42.

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Os municipios teñen a competencia da promoción da Cultura e dos equipamentos culturais, de conformidade co previsto nos artigos 25.1 e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

A Área de Cultura do Concello de Vigo ten encomendada a competencia de establecer as directrices xerais, desenvolvemento e execución de políticas públicas municipais en materia de Cultura, mediante a programación anual de actividades culturais diversas. Neste sentido, a citada área organiza e desenvolve dende hai anos a programación municipal de artes escénicas que se desenvolve no Auditorio Municipal do Concello, consolidada como un referente cultural para o público.

A programación de artes escénicas que organiza a Área de Cultura enmárcase dentro da liña principal de programación coa que se conta no noso eido, a Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), xestionada pola AGADIC, e que establece datas de programación segundo os catálogos publicados, conforme aos espectáculos que están xirando en cada semestre no panorama.

Así, o Agadic abriu o prazo de selección de propostas artísticas aos Concellos dentro dos seus catálogos de público familiar, público adulto (teatro e danza) e grupos musicais, do 19 de novembro ao 9 de decembro, ambos inclusive. O período de contratación abrangue do 10 de xaneiro ao 30 de xuño do 2025.

Con data 13 de decembro pasado, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolveu aprobar a proposta artística seleccionada para a programación municipal de artes escénicas “Vigocultura”. O importe total de contratación destas propostas seleccionadas dentro da RGTA ascende a 133.000 €, dos que o Agadic aportará neste caso 59.424,30 €.

Os contratos destes espectáculos poranse en tramitación a partir do 1 de xaneiro de 2025, a través de contratos privados de natureza artística, por parte da Área de Cultura e con cargo ao orzamento municipal vixente para 2025, concretamente á aplicación 3331.226.09.00 “Programación Auditorio Municipal” que ten saldo adecuado e suficiente.

2.- NORMATIVA FIXACIÓN DE PREZOS

No informe económico xustificativo que figura no expediente realízase a xustificación detallada dos prezos propostos que se axustan á lexislación vixente e conforme ao establecido na dita ordenanza municipal.

Segundo o apartado 1º do artigo 44 do TRLRFL *“o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada”*.

No apartado 2º do dito precepto se establece que *“cando existan razóns sociais benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por baixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbese”*.

Así pois, os prezos públicos que se propoñen para a citada programación son prezos por debaixo do custe das actividades, xa que nos atopamos ante un servizo ou actividade municipal de **incuestionable interés cultural** ao tratarse dunha programación de tipo cultural e educativa que pretende chegar ao maior número de cidadás e cidadáns posible, co obxecto de achegar a cultura á poboación.

Establecer un prezo de entrada que supoña como mínimo o coste da actividade tal e como establece a Lei Reguladora das Facendas Locais suporía afastar as cidadás e aos cidadáns da oportunidade de acceder á cultura, xa que implicaría establecer prezos moi elevados aos que non toda a poboación podería ter acceso.

Neste sentido cobra especial relevancia o apoio institucional ás actividades culturais que o Concello de Vigo oferta na súa programación cultural de artes escénicas (música, teatro, danza...), xa que debe ser un obxectivo fundamental de calquera institución cultural a participación e acceso á cultura e motivar a realización e desenvolvemento das actividades culturais, físicas, artísticas e sociais que promovan, o acceso a textos dramáticos (intimamente relacionado co acceso á lectura), a educación en valores (a través da programación familiar), así como facilitar o desenvolvemento de habilidades intelectuais e emocionais transmitidas a través das artes escénicas, capacidades e competencias sociais e culturais no ámbito da comunidade.

Por outro lado, e tendo en conta que o custo de organización desta programación é extraordinario, tal e como establece a ordenanza número 42 reguladora de prezos públicos, incrementanse as tarifas relacionadas nesta ordenanza en contía que non superará o custo calculado en base á ocupación total das localidades.

A resolución pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios fixa, en canto aos prezos das entradas, o seguinte:

“4. As funcións incluídas nas programacións da RGTA deberán ser de libre acceso para todos os interesados, previo aboamento do importe da entrada, cos seguintes prezos mínimos (agás nas funcións realizadas noutro espazo escénico non adscrito á RGTA):

Caché do espectáculo / Prezo mínimo

750 – 2.500 €: 3 euros

2.501 – 5.000 €: 5 euros

> 5.001 €: 8 euros”

A única función fóra da RGTA sería a do 2 de maio co Centro Dramático Galego, coa obra “Manuela Rey is in da House”.

3.- PROPOSTA DE PREZOS

Público adulto:

Debido a que a programación é concebida como un todo, e que os prezos públicos deben ser máis ou menos homoxéneos para a maioría dos espectáculos e facilitar a información ao público, establécese o prezo de venda de entradas para público adulto segundo o seguinte:

* 8 €: para espectáculos con cachés inferiores a 5.000 €

* 10 €: para os espectáculos con cachés entre 5.000 € e 10.000 €

* 12 € para espectáculos con cachés superiores a 10.000 €.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Debe terse en conta que, nos casos de dobre función (7 e 8 febreiro; 21 e 22 febreiro, 11 e 12 de abril), na táboa anterior figura a suma dos cachés de ambas funcións. Para a proposta do prezo de entrada tómase en conta o importe dunha única función.

Público familiar:

Os prezos para público familiar sería en todos os caso de 5 €, tendo en conta que se pretende fomentar o acceso ao teatro ao público máis novo e facilitar así a creación de públicos.

A excepción sería o espectáculo “Madame Lumière” de La Menuda Produccións (16 febreiro) ao tratarse dun espectáculo para primeira infancia (0 a 4 anos) e con aforo súper reducido (70 persoas por cada unha das 3 funcións), polo que se propón un prezo de 3 €.

4.- ABONOS E DESCONTOS

Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza estableceranse dous tipos de **abonos á carta**:

- compra de 5 espectáculos combinados como se queira no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra.
- compra de 10 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 25% de desconto sobre o prezo total de compra.

En ningún caso se sobrepasa o 30 % que establece a ordenanza.

Por outro lado, establécese tamén un desconto do 30% en virtude de posibles convenios asinados con centros de ensino que garden relación directa coa programación de artes escénicas, como pode ser a Escola Superior de Arte Dramática ou o IES Audiovisual.

Existirán localidades con redución do 30% para menores de 25 anos nos espectáculos para público adulto, xa que as funcións para público familiar xa teñen un prezo super-reducido.

As porcentaxes de redución do prezo non son acumulables.

5.- FORMA DE VENDA DE ENTRADAS

As entradas serán postas á venda anticipadamente, trala aprobación do presente expediente de fixación de prezos, a través da páxina web de Gíglón (contrato adxudicado no expediente número 3508/330), na Librería “Libros para soñar” e na billeteira do propio Auditorio o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo (sempre que houbese entradas disponibles).

6.- COMPETENCIA

O establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponderá ao Pleno da corporación, se ben a dita facultade está delegada na Xunta de Goberno Local (artigo 3 da ordenanza n.º 42 reguladora de prezos públicos, en relación co artigo 47 do TRLFL).

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, previos os informes xurídico e da Intervención de Fondos, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

*“1.- Fixar os prezos de venda de entradas para os espectáculos da **PROGRAMACIÓN MUNICIPAL DAS ARTES ESCÉNICAS “VIGOCULTURA” QUE SE REALIZARÁ NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO ENTRE OS MESES DE FEBREIRO E MAIOO DE 2025**, de acordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42 e as normas de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, segundo o seguinte detalle:*

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	PREZO PRO-POSTO
7 e 8/02	Teatro de Ningures	As Gardiás	8,00 €
9/02	Culturactiva	Castelao	5,00 €
14/02	NegroLópez	#Influencers	8,00 €
15/02	Berrobambán	Mulleres que viven soas #MQVS	8,00 €
16/02	La Menuda Produccions	Madame Lumière	3,00 €
21 e 22/02	ButacaZero	Iribarne	10,00 €
23/02	Katua&Galea teatro	La Bruja Rechinadientes	5,00 €
28/02	iXa	NIK-EU	10,00 €
1/03	Ainé	O monólogo de David Perdomo	8,00 €
2/03	Xampatito Pato	Compañía	5,00 €
9/03	Anita Maravillas	La Maestra	5,00 €
14/03	Etiqueta Negra	As R(h)umorosas	8,00 €
15/03	Óscar Ibañez	Tribal XX-Óscar Ibáñez&TRIBO	10,00 €
16/03	Galitooon	Rosalía, a pulga que escribía	5,00 €
21/03	Malasombra Producións	Testosterona	8,00 €
22/03	El Ángel de Pekín	Casting Lear	12,00 €
23/03	Píscore	Molto barroco	5,00 €
4/04	Producións Teatraís Excéntricas	As desterradas	10,00 €
5/04	Teatro Clásico de Sevilla	La violación de Lucrecia	8,00 €
6/04	Pérez&Fernández	Nanai da China	5,00 €
11 e 12/04	Ibuprofeno Teatro	Reconversión	10,00 €
13/04	Mago Teto	Rock and Magic	5,00 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	PREZO PRO-POSTO
25/04	D'elas	É Difícil Fotografar o Baleiro	8,00 €
26/04	Marta Alonso Tejada	Sofá	8,00 €
27/04	Circo Chosco	Oh-Pera!	5,00 €
2/05	CDG	Manuela Rey Is In Da House	8,00 €

2.- Establecer os seguintes abonos e descontos:

*** ABONOS Á CARTA:**

- compra de 5 espectáculos combinados como se queira no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra.
- compra de 10 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 25% de desconto sobre o prezo total de compra.

*** DESCONTOS:**

- Establécese un desconto do 30% en virtude de posibles convenios asinados con centros de ensino que garden relación directa coa programación de artes escénicas, como pode ser a Escola Superior de Arte Dramática ou o IES Audiovisual.

- Existirán localidades con redución do 30% para menores de 25 anos nos espectáculos para público adulto.

As porcentaxes de redución do prezo non serán acumulables.

3.- As entradas serán postas á venda anticipadamente, trala aprobación do presente expediente de fixación de prezos, a través da páxina web de Giglón (contrato adxudicado no expediente número 3508/330), na Librería "Libros para soñar" e na billeteira do propio Auditorio o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo (sempre que houbese entradas disponibles)"

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(28).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC) PARA A PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS DO AUDITORIO MUNICIPAL NO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO 2025. EXPTE. 5911/330.

Visto o informe xurídico do 07/01/2025 e o informe de fiscalización do 09/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/01/2025, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado

polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro da Área de Goberno (RA 20/12/2024), que di o seguinte:

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito.

A Lei 7/1985 establece nos seus artigos 25.1 e 25.2.m as competencias municipais en materia de cultura entre as que se inclúen a promoción da cultura e equipamentos culturais.

Pola súa banda, os decretos de delegación de competencias de datas 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño de 2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2024, polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados da Área de Goberno, delegan na concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade “a promoción e difusión da Cultura e o fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística en xeral.”

A Concellería de Cultura organiza semestralmente a programación estable municipal das artes escénicas, con programación de música, teatro, danza, circo e maxia.

A Axencia Galega das Industrias Culturais é un organismo no que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura e Turismo. A Lei 4/2008, do 23 de maio de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) a define como unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego e no artigo 5 establece como unha das súas funcións promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados dentro e fóra do noso país, en concreto facilitando o acceso da cultura das artes escénicas galegas.

Para a consecución destes obxectivos creouse a Rede Galega de Teatros e Auditorios, que ten como principal finalidade fomentar a difusión das artes escénicas a través dunha programación estable e coordinada nos teatros e auditorios de Galicia, a través dun programa de colaboración coas entidades titulares dos espazos escénicos integrados na citada rede.

A vantaxe económica para a Administración Municipal está baseada en que se percibirá unha achega económica que permitirá facer unha programación máis ampla no seguinte semestre.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

No convenio previsto para este semestre contémpanse un total de 26 espectáculos que suporían un importe total de **133.121,80 euros**, dos que a entidade AGADIC achegará ao Concello de Vigo **59.424,30 euros**, impostos incluídos, e o Concello de Vigo achegará a cantidade restante **73.697,50 euros**.

A programación do primeiro semestre de 2025 foi aprobada por resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, do 13 de decembro de 2024.

Os contratos destes espectáculos tramitaranse a través de contratos privados de natureza artística, por parte da Área de Cultura, con cargo ao orzamento municipal vixente para 2025, concretamente ás aplicacións seguintes que teñen saldo adecuado e suficiente:

- 3331.226.09.06 "Programación Auditorio Municipal"

Os contratos destes espectáculos tramitaranse a través de contratos privados de natureza artística por parte da Área de Cultura con cargo ao orzamento municipal vixente para 2025. Trátase dunha programación estable que se realiza cada ano. Unha vez realizadas as actuacións previstas e efectuados os pagos ás compañías que se contraten que aparecen neste convenio, realizarase a xustificación correspondente ao Agadic para que proceda ao ingreso do importe conveniado. A continuación, a Concellería de Cultura tramitará a correspondente xeración de crédito, polo importe máximo de 59.424,30 euros e resultado do convenio de colaboración, na aplicación orzamentaria 3331.226.0906 "Programación Auditorio Municipal", o cal permitirá incorporar este importe para o financiamento da programación do segundo semestre do ano 2025. A consecuencia de non asinar este convenio sería non recibir a contía económica prevista por parte de AGADIC, o que causaría a redución proporcional da programación para o seguinte semestre.

Enténdese, xa que logo que o obxecto deste convenio é a aprobación do texto deste que serve para cofinanciar a dita programación a través da achega de AGADIC de 59.424,30 €, sendo polo tanto un expediente de ingresos e non de gasto, non sendo obxecto deste expediente a fiscalización dos contratos privados de gasto menor que se realizan para contratar as actividades, que se fiscalizan no seu momento por parte da Intervención Municipal.

Tal e como se establece no artigo 47 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, este convenio non ten por obxecto a prestación propia dun contrato. Así pois este documento non estaría suxeito á Lei de contratos do sector público, xa que simplemente consiste na sinatura dun acordo de colaboración polo que AGADIC fai unha achega económica para fomentar a contratación de artistas nos concellos adheridos á Rede Galega de Teatros e Auditorios. Trataríase

pois dun convenio de tipo interadministrativo, asinado entre dúas Administracións Públicas.

O artigo 48 da citada lei establece que as Administracións Públicas, os seus organismos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público ou privado, sen que isto supoña a cesión da titularidade da competencia.

A subscrición deste convenio mellorará a eficacia da xestión pública, facilitando a utilización conxunta de medios e servizos públicos e contribuíndo á realización de actividades de utilidade pública cumprindo coa lexislación de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira.

A achega financeira que se compromete a realizar a AGADIC non será superior en ningún caso aos gastos derivados da execución deste convenio.

O convenio remitido pola AGADIC para a súa sinatura inclúe as materias sinaladas no artigo 49 da Lei 40/2015 sinalada anteriormente.

Os termos que establece a lexislación vixente en canto a análise da necesidade da sinatura do presente convenio, así como a necesidade, oportunidade e impacto económico e o carácter non contractual do mesmo están expostos na memoria xustificativa do contrato anexa a este expediente previa ao presente informe proposta.

A base 40.2 das de execución do orzamento xeral do ano 2025 establece que os convenios serán subscritos, en representación do Concello, pola Alcaldía-Presidencia ou concelleiro/a en quen delegue. A competencia para asinar o convenio corresponde á concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade en virtude do decreto da alcaldía do 28 de xuño do 2023, modificado por resolución do 28 de xuño do 2024 e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas do 20 de xuño do 2023 e específicas do 28 de xuño do 2024.

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, previo informe xurídico e informe de Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO.-

“Aprobar o texto de convenio entre o Concello de Vigo e a “Axencia Galega das Industrias Culturais, Agadic”, polo importe total de **133.121,80 euros**, dos que a entidade AGADIC achegará ao Concello de Vigo **59.424,30 euros**, impostos incluídos, e o Concello de Vigo achegará a cantidade restante **73.697,50 euros**, para o financiamento dos espectáculos incluídos na programación seleccionada dentro do catálogo de propostas da Rede Galega de teatros e auditorios para o



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

primeiro semestre do ano 2025, aprobada por resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 13 de decembro de 2024”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ENTIDADE CONCELLO DE VIGO PARA A XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS DO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO 2025.

COMPARECEN

Dunha banda, Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), con NIF Q6550009B, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, e en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic (DOG nº 164 de 29 de agosto de 2012).

Doutra, María Carmen Silva Rego representante de CONCELLO DE VIGO (P3605700H) en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E dando fe, por parte do concello, a persoa responsable da secretaría, en virtude do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Ambas as partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade legal para convir no nome das entidades que representan e teñen conferidas e a tal fin formalizan este convenio, que se enmarcará dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

EXPOÑEN:

PRIMEIRO. A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo en que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio ao sector cultural dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

SEGUNDO. O artigo 3.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) define o seu obxecto establecendo: "A Agadic ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables".

TERCEIRO. O artigo 5.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, determina que unha das funcións da Agadic é: "Promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados", e o artigo 5.2 establece que: "A Agadic poderé, para o logro dos seus obxectivos, celebrar convenios con institucións públicas e privadas".

CUARTO. O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que: "son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculado ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común".

QUINTO. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xuño da administración local de Galicia, atribúe competencias tanto aos concellos como ás deputacións de fomento e organización de actividades nos seus respectivos ámbitos territoriais.

SEXTO. A Resolución de 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios establece na súa parte expositiva que a dita rede creouse "para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, actuando como mercado preferente para o teatro, a danza e a música e dotándoo dunha estabilidade na súa programación habitual". Está constituída pola Agadic e polas entidades titulares de teatros e auditorios que voluntariamente se adhíren para a difusión das artes escénicas e musicais a través dunha programación estable e coordinada mediante a colaboración dos axentes implicados.

SETIMO. A Resolución do 28 de febreiro de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios, establece no artigo 2: "As programacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios estruturaránse en dous períodos de programación, que comprenderán os meses de xaneiro a xuño, o primeiro, e de xullo a decembro, o segundo".

OITAVO. CONCELLO DE VIGO , e a Agadic acordan colaborar con este convenio ao considerar necesaria a difusión das artes escénicas e musicais a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios, ofertando unha programación estable e coordinada na que non é posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio, nas que a Agadic e a entidade local participan en calidade de coorganizadores.

Este convenio atópase incluído plan estratéxico de convenios da Axencia Galega de Industrias Culturais para o ano 2025.

Polo anteriormente exposto, as partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto, acordan as seguintes



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA.-OBXECTO

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento conxunto da programación do primeiro semestre do ano 2025 no Auditorio Municipal de Vigo integrado na Rede Galega de Teatros e Auditorios, de conformidade co disposto na Resolución do 21 de novembro de 2006, pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, principal instrumento da Agadic para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, así como na resolución do 28 de febreiro de 2011 pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na citada Rede.

As intervencións obxecto deste convenio están incluídas no plan estratéxico de convenios de colaboración a subscribir pola Axencia Galega das Industrias Culturais e as entidades asociadas é Rede Galega de Teatros e Auditorios para o ano 2025.

SEGUNDA.-OBRIGAS DA ENTIDADE

Mediante a sinatura deste convenio, CONCELLO DE VIGO , comprométese a levar a cabo as actuacións especificadas no cadro da cláusula cuarta e debendo asumir as seguintes obrigas:

- a) Levar a cabo a contratación das actividades programadas de conformidade coa lexislación contractual aplicable e vixente.
- b) Aboar ás compañías ou grupos participantes na programación o estipulado no contrato.
- c) Asumir os gastos derivados da organización puntual de cada actividade, da coordinación e xestión do ciclo de actuacións, así como dos gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor é entidade xestora dos mesmos.
- d) Remitir a información sobre públicos e recadación da billeteira en formato electrónico a través da páxina da Agadic www.galescena.gal nun prazo non superior aos cinco días hábiles seguintes á celebración de cada actuación.
- e) Comunicar, con antelación suficiente, á dirección da Agadic calquera modificación da programación, en particular, ao referente ás alteracións unilaterais do calendario de actuacións, os horarios de celebración ou dos espazos nos que se desenvolve a programación.
- f) Utilizar en todo o material de difusión, así como nos actos de comunicación pública, que se realice ao abeiro das actuacións contidas neste convenio a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios,, facendo mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.

g) Poñer á venda as entradas para cada actuación cos prezos mínimos recollidos na normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios e aplicaré os descontos previstos nela. A recadación xerada pola venda de entradas da programación aquí recollida non suporé ánimo de lucro para ningunha das entidades.

h) Facilitar é Agadic, sempre previa solicitude, as invitacións para cada actividade dentro dos límites establecidos no artigo 5.3 da Resolución de 28 de febreiro de 2011.

O incumprimento total ou parcial de calquera das devanditas obrigas conlevará a perda total ou parcial da achega de Agadic percibida pola entidade pública.

TERCEIRA.-OBRIGAS DA AGADIC

A axencia, dentro das súas competencias, comprométese a coordinar, e a asesorar tecnicamente, todas as actuacións para o correcto desenvolvemento do convenio así como das programacións aprobadas e, en concreto:

a) Realizar dúas convocatorias anuais para a realización da programación, que será de xeito semestral.

b) Xestionar e manter actualizada a páxina de xestión: www.galescena.gal, a través da que os grupos e compañías profesionais realizarán as súas propostas e as entidades programadoras realizarán a programación semestral.

c) Revisar, comprobar e aprobar as programacións realizadas, a través do departamento competente en materia de programación, segundo a normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

d) Colaborar e apoiar o labor de promoción e difusión das programacións previstas nos medios de comunicación tanto impresos como dixitais.

e) Elaborar informes de público así como, calquera outro tipo de informes, avaliacións e estatísticas que estime oportunos para acadar unha maior eficiencia na xestión das programacións.

f) Facer fronte ao pagamento das cantidades estipuladas neste convenio sempre que a xustificación achegada sexa correcta.

CUARTA.-FINANCIAMENTO

O custe total das actividades previstas no convenio ascende a un total de 133,121.80 euros importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Agadic colaborará cunha achega de 59,424.30 euros impostos incluídos, cantidade que irá con cargo á aplicación orzamentaria 13.A1 432B 640 1 correspondente aos orzamentos da Axencia Galega das Industrias Culturais para o ano 2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Este convenio tramitarase como anticipado de gasto no ano 2024 e quedará condicionado á aprobación da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma do ano 2025, e sempre que exista crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas derivadas do convenio.

- A entidade, colaborará coa cantidade restante de 73,697.50 euros impostos incluídos. Estas achegas financiarán exclusivamente o custe de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes obteñan lucro ningún.

O importe económico asumido de cada unha das partes, así como a programación é a que segue:

Programación	Compañía	Espectáculo	Data	Lugar	Achegas AGADIC	Achegas ES-PAZO
PA	Troula Animación	HEXAGONUM	31-01-2025	Rúa do Príncipe	2,855.60 €	4,283.40 €
PA	ningures producion sl	AS GARDIÁS	07-02-2025	Auditorio Municipal de Vigo	2,299.00 €	2,299.00 €
PA	ningures producion sl	AS GARDIÁS	08-02-2025	Auditorio Municipal de Vigo	3,448.50 €	459.80 € + 15 % bill.
PI	Culturactiva	CASTELAO	09-02-2025	Auditorio Municipal de Vigo	848.00 €	1,272.00 €
PA	NegroLópez	#Influencers	14-02-2025	Auditorio Municipal de Vigo	1,200.00 €	1,800.00 €
PA	Berrobambán	Mulleres que viven soas #MQVS	15-02-2025	Auditorio Municipal de Vigo	1,200.00 €	1,800.00 €
PI	La Menuda Produccions	Madame Lumière	16-02-2025	Auditorio Municipal de Vigo	2,662.00 €	3,993.00 €
PA	ButacaZero	IRIBARNE	21-02-2025	Auditorio Municipal de Vigo	4,053.50 €	4,053.50 €
PA	ButacaZero	IRIBARNE	22-02-2025	Auditorio Municipal de Vigo	6,080.25 €	810.70 € + 15 % bill.
PI	KATUA&GALEA TEATRO	La Bruja Rechinadien-tes	23-02-2025	Auditorio Municipal de Vigo	1,720.00 €	2,580.00 €
PA	iXa	NIK·EU	28-02-2025	Auditorio Municipal de Vigo	459.20 €	5,230.80 €
PA	Ainé	O monólogo de David Perdomo	01-03-2025	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	3,872.00 €
PI	XAMPATITO PATO	COMPANÑA	02-03-2025	Auditorio Municipal de Vigo	822.80 €	1,234.20 €
PI	Anita Maravillas & Portal 71	LA MAESTRA	09-03-2025	Auditorio Municipal de Vigo	1,403.60 €	2,105.40 €
PA	ETIQUETA NEGRA PRO-DUCCIONES	As R(h)umorosas	14-03-2025	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	0.00 €	3,300.00 €
PA	ÓSCAR IBÁute;ÑEZ & amp; TRI-BO	TRIBAL XX - ÓSCAR IBÁÑEZ & TRIBO	15-03-2025	Auditorio Municipal de Vigo	4,000.00 €	6,000.00 €
PI	Galitoon	Rosalía, a pulga que escribía	16-03-2025	Auditorio Municipal de Vigo	895.40 €	1,343.10 €
PA	Malasombra Producións	TESTOSTERONA	21-03-2025	Auditorio Municipal de Vigo	1,355.20 €	2,032.80 €
PA	EL ANGEL DE PEKIN	CASTING LEAR	22-03-2025	Auditorio Municipal de Vigo	4,114.00 €	6,171.00 €
PI	Píscore	Molto Barroco	23-03-2025	Auditorio Municipal de Vigo	968.00 €	1,452.00 €
PA	Producións Teatraís Excén-	AS DESTERRADAS	04-04-2025	Auditorio Municipal de	2,178.00 €	3,267.00 €

Programación	Compañía	Espectáculo	Data	Lugar	Achegas AGADIC	Achegas ES-PAZO
	tricas SL			Vigo		
PA	Teatro Clásico de Sevilla	LA VIOLACIÓN DE LUCRECIA	05-04-2025	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	0.00 €	3,800.00 €
PI	Pérez&Fernández	NANAI DA CHINA	06-04-2025	Auditorio Municipal de Vigo	780.00 €	1,170.00 €
PA	Ibuprofeno Teatro	RECONVERSIÓN	11-04-2025	Auditorio Municipal de Vigo	3,206.50 €	3,206.50 €
PA	Ibuprofeno Teatro	RECONVERSIÓN	12-04-2025	Auditorio Municipal de Vigo	4,809.75 €	641.30 € + 15 % bill.
PI	MAGO TETO	ROCK AND MAGIC	13-04-2025	Auditorio Municipal de Vigo	1,200.00 €	1,800.00 €
PA	D?elas	É Difícil Fotografar o Baleiro	25-04-2025	Auditorio Municipal de Vigo	3,465.00 €	1,485.00 €
PA	Marta Alonso Tejada	SOFÁ	26-04-2025	Auditorio Municipal de Vigo	2,674.00 €	1,146.00 €
PI	Circo Chosco	Oh-Pera!	27-04-2025	Auditorio Municipal de Vigo	726.00 €	1,089.00 €
				Total:	59,424.30 €	73,697.50 €

QUINTA.-XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase con data límite do 31 de AGOSTO de 2025 de forma electrónica, a través da sede da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/>).

A xustificación deberá conter a seguinte documentación

- Conta xustificativa dos gastos realizados conforme ao establecido no convenio que deberá conter con carácter xeral: identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión e data pagamento. Igualmente, serán válidos os documentos de gasto comprometido ou recoñecemento da obriga das actividades sempre que teñan data anterior o 31 de agosto de 2025.
- Copia do material de difusión e promoción das actividades recollidas neste convenio onde apareza reflectida a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatro e Auditorios, así como aqueles logotipos que estivesen en vigor no momento da sinatura do convenio.
- En calquera momento, a Agadic poderá solicitar, unha vez finalizado o período de programación correspondente, orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

- Facturas oficiais, con especificación do IVE e demais impostos que se inclúen, emitidas en forma legal e debidamente conformadas consonte co R.D. 1496/2003, do 28 de novembro na súa última redacción.

- Xustificación bancaria dos pagamentos, onde conste o número da factura obxecto do pagamento, a identificación do pagador e o destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

No caso de que a xustificación do gasto comprometido neste convenio sexa inferior, a achega económica da Agadic minorarase de forma proporcional.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

O pagamento das cantidades estipuladas neste convenio por parte da Agadic realizarase previa solicitude da entidade e efectuarase en dúas fases:

- O 50% do importe comprometido pola Agadic, trala sinatura do convenio, logo de acreditar as labores de coordinación e xestión da programación mediante a presentación dunha memoria explicativa das labores realizadas de cara ao cumprimento das obrigas que asumen en virtude do convenio.
- O outro 50% do importe ao remate da programación, unha vez xustificada correctamente a totalidade da programación indicada na cláusula cuarta.

SEXTA.-REXISTRO DE CONVENIOS. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

SÉTIMA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E DIFUSIÓN DA COLABORACIÓN DAS PARTES

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométese a facer mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas.

A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométese a facer mención expresa deste convenio.

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e da entidade asinante. Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso dos asinantes do convenio.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, é que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte da entidade asinante actuará como responsable desta comisión o seu alcalde/presidente, ou persoa que designe en substitución.

NOVENA.-MODIFICACIÓNS E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

1.As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trémites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serén causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

DÉCIMA.-RESPONSABILIDADE DAS ACTUACIÓNS

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que os colectivos que estén obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa administración e os empregados das administracións públicas para os trémites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO SEGUNDA .- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

DÉCIMO TERCEIRA - NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e así mesmo ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público aínda que o convenio esté excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicarénselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa aplicable e vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

DÉCIMO CUARTA.-VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de agosto de 2025.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este convenio na data que figura na marxe

16(29).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL “XOSÉ NEIRA VILAS”. EXPTE. 16308/331.

Visto o informe xurídico do 03/01/2025 e o informe de fiscalización do 09/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/12/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 3 de xuño de 2024.
- Memoria económica de data 28 de outubro de 2024, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo concelleiro-delegado de Cultura.
- Certificados de retención de crédito de data 29 de outubro de 2024 (operacións RCFUT 12024000178702).
- Publicación de anuncio de información previa de data 31 de outubro de 2024.
- Declaración de neutralidade do redactor prego de prescricións técnicas de data 26 de novembro de 2024, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 13 de decembro de 2024, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Memoria xustificativa de data 13 de decembro de 2024, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Informe, de data 16 de decembro de 2024, da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 16 de decembro de 2024, redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros-delegados de Área, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2023, polo que se aproba a modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de Área de Goberno e nos concelleiros delegados e aprobación do texto refundido (expte 1483/1102), no apartado terceiro, punto 6.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade asinou con data 3 de xuño de 2024 o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente, da contratación, por procedemento aberto e harmonizado, dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”.

Cuarto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformada polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Quinto: Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Ao tratarse dun servizo no que o custo económico principal son custos laborais, consta que se consideraron os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables (artigo 102.1 e 3 LCSP).
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Certificado de retención de crédito de data 29 de outubro de 2024 (operación nº 12024000178702 -RCFUT-)

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións:

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
- Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
- Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Ao tratarse dun procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada non se require a acreditación de solvencia (artigo 159.6 da LCSP).
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP). Ao tratarse dun servizo dos incluídos no Anexo IV da LCSP, o 51% da puntuación atribúese a criterios de calidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato, trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria. A adxudicación realizarase por sistema de procedemento aberto.

Oitavo De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 29 de outubro de 2024.

Décimo: Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Décimo primeiro: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, propon-se á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO:**

1º.- Aprobar a contratación, por procedemento aberto e harmonizado, dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 13 de decembro de 2024, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 16 de decembro de 2024, redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **715.672.84 €** (591.465,16 € sen IVE, máis 124.207,68 € correspondentes de IVE). con cargo á aplicación presupostaria 33321.227.99.10 “Funcionamento Biblioteca Martínez Garrido” e as seguintes anualidades:

2025 (3 abril-31 decembro)	2026	2027 (1 xaneiro-2 abril)
266.389,32 €	357.836,42 €	91.447,10 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(30).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO Á FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO PARA O PROGRAMA DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO DE 2025. EXPTE. 3849/341.

Visto o informe xurídico do 27/12/2024 e o informe de fiscalización do 10/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/12/2024, asinado polo xefe de Museos municipais e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 29 de de novembro de 2023 a Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, con CIF: G36855310, solicita a través do Rexistro Electrónico o financiamento do Concello de Vigo por importe de 125.000,00 € para levar a cabo o seu programa de funcionamento relativo ao ano 2024.

No pasado exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo (en diante Fundación Liste) xestionouse a través dunha transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondente a 2023 por importe de 125.000,00 €, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 12 de xaneiro de 2023. Esta fórmula de financiamento substituíu á de subvención nominativa, que viña aplicándose ata o exercicio económico 2015, segundo os diversos informes do Servizo de Fiscalización conformados polo Interventor a partir de 2016.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Dos informes do Servizo de Fiscalización, anteriores fundamentados con amplitude en moi diversas normas legais de aplicación, extráense as seguintes referencias que serían aplicables ao exercicio económico de 2025:

- O obxecto do expediente correspóndese con materia de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2 m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2.n), actividades culturais, da Lei 5/1997, da administración local de Galicia.
- A Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.
- Forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria as fundacións definidas na Lei de Fundacións.
- Os axentes da Lei Xeral de Subvencións son os previstos para o ámbito estatal na Lei Xeral Orzamentaria, que deben servir de referencia respecto ao ámbito local.
- A Fundación Liste é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.
- A Fundación Liste reúne as circunstancias necesaria para ser considerada fundación do sector público, xa que en 2025 ten previsto financiarse nun 95,42 % polo Concello de Vigo.

As conclusións principais sobre os informes da Intervención Xeral de 2016 a 2024 tamén aplicables a 2025, son:

- A achega que realiza o Concello de Vigo á Fundación Liste é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos.
- A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal (excluída totalmente do réxime subvencional) e actividade da Fundación Liste debe realizarse pola Intervención Xeral.
- Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello, de acordo coa Lei 19/2013.

O Secretario da Administración municipal, no seu informe do 29 de febreiro de 2016, sobre a transferencia de financiamento á Fundación Marco daquel exercicio realiza a seguinte formulación que se considera extrapolable a outros casos de financiamento incluídos no programa presupostario 3330 (Fundación Liste, Fundación Laxeiro): "podería adecuarse en futuros orzamentos a súa consideración como transferencia de financiamento e completarse nas correspondentes bases de execución deses orzamentos coa normativa á que deberá suxeitarse a citada transferencia, con indicación de periodicidade das achegas, e especial consideración á necesidade de ser fiscalizada previamente ao ser outorgadas e a de ser sometidas a control posterior pola Intervención Xeral".

As bases de execución do presuposto non establecen ningunha normativa á que deberan suxeitarse as transferencias de financiamento, si ben a capacidade fiscalizadora, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral. Como a Fundación Liste non formula na súa solicitude ningunha proposta de calendario de pagamentos das transferencias, considérase adecuado por analoxía o que establece instrución do 21 de xuño de 2019 do Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario xunto co Concelleiro-delegado de Orzamentos

e Facenda para as fundacións que forman parte do perímetro de consolidación do Grupo do Concello de Vigo (expediente 104/143): Unha primeira achega antes do 10 de xaneiro de 2025, neste caso tralo acordo Xunta de Goberno Local, unha segunda achega antes do 10 de abril de 2025, unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2025, e unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2025.

Fundación Liste.-

A Fundación Liste promóvese polo Concello de Vigo e por D. Olimpio Liste Regueiro, en virtude do convenio que subscribiran as partes e aprobado polo Pleno da Corporación Municipal do Concello de Vigo, na súa sesión do 5 de outubro de 1998. A Fundación Liste, CIF G36855310, constitúese en escritura pública o 15 de xuño de 1999 na Casa do Concello de Vigo, diante do notario Mariano Vaqueiro Rumbao, protocolo num 1.361.

Os Estatutos da Fundación establecen no seu artigo 21 as seguintes finalidades:

- a) A protección, promoción e defensa do patrimonio etnográfico, nos termos definidos na lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia (art 64 e concordantes) e na lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español (art 46 e concordantes).
- b) A creación e xestión do Museo Etnográfico Liste de Vigo, conforme á normativa reitora destas institucións;
- c) Desenvolver actividades de recuperación, investigación, formación, conservación e difusión do patrimonio etnográfico de Galicia.

Composición do Padroado da Fundación.-

Artigo 15. e 13 dos Estatutos da Fundación.

Presidente.- D. Olimpio Liste Regueiro, con carácter vitalicio. Co falecemento deste corresponden a Presidencia a súa esposa D^a Josefina Fernández Mosquera ou á súa filla D^a Araceli Liste Fernández ou ao fillo desta D. Atreo Francisco Lozano Liste. Se todos os citados faleceran ou tiveran imposibilidade legal de exercer a presidencia, recaería na persoa nomeada polo Concello de Vigo en Pleno.

Vicepresidente.- Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

Secretario.- Será designado polo Presidente da Fundación, previa proposta pola maioría de dous terzos do Padroado.

Membros.-

- a) Dous membros representantes do Concello de Vigo.
- b) Dous membros designados por Olimpio Liste Regueiro (e no seu defecto polas persoas previstas nos Estatutos, art 13.1.b) e 15.2).
- c) Un representante da Xunta de Galicia, nomeado por esta institución.
- d) Unha persoa de recoñecido prestixio no ámbito do obxecto da Fundación designada conxuntamente polos dous grupos de membros a) e b).

Composición actual do Padroado da Fundación Liste.-

Presidenta.- D^a. Araceli Liste Fernández (de acordo co art. 15.2. dos Estatutos da Fundación); polo pasamento de D^a Josefina Fernández Mosquera

Vicepresidente.- Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo.

Secretario.- D. Manuel Corredera Hernández; que fora designado polo Presidente da Fundación, previa proposta pola maioría de dous terzos do Padroado.

Membros.-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- a) Dous membros representantes do Concello de Vigo: o concelleiro-delegado de Cultura, D. Gorka Gómez Díaz e D. Rafael Vallejo Pousada (incorporación de maio 2024).
- b) Dous membros designados por Olimpio Liste Regueiro (e no seu defecto polas persoas previstas nos Estatutos, art 13.1.b) e 15.2), con carácter vitalicio): D^a Victoria Vázquez López, D. Atreo Francisco Lozano Liste (designado pola familia no cupo que lle corresponde) e D. J. Carlos Martín Marcos (proposto pola Presidenta coa aceptación no seu momento do resto dos membros presentes)
- c) Un representante da Xunta de Galicia, pendente de designación.
- d) Unha persoa de recoñecido prestixio no ámbito do obxecto da Fundación designada conxuntamente polos dous grupos de membros a) e b): actualmente D. Enrique Ares Gómez.

Declaracións de interese cultural e interese galego.

A Fundación Liste, foi clasificada de interese cultural, por orde de 1 de setembro de 1999, da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG num 175, do 9 de xuño de 1999); e foi declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de Fundacións por orde de 18 de outubro de 1999 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (DOG num 217, do 10 de novembro de 1999). Nesta última data a Fundación tamén quedou inscrita no Rexistro de Fundacións do Protectorado que, pola súa declaración de interese galego, lle corresponde á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO.-

A Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo ten achegado a seguinte documentación para a transferencia de financiamento para funcionamento do exercicio 2025 do Museo Liste:

- Solicitud de transferencia de financiamento do Concello de Vigo por importe de 125.000,00 € presentada no Rexistro Xeral do 22 de novembro de 2024 xunto coa seguinte documentación:
 - Certificación da Aprobación do Programa de Actividades e Presupostario da Fundación Liste Museo Etnográfico de Vigo para o ano 2025, na súa do Padroado do día 20 de novembro de 2024.
 - Programa de Actividades e Presupostario da Fundación Liste Museo Etnográfico de Vigo para o ano 2025.

Certificacións e declaracións.- No expediente inclúense copias vixentes das seguintes:

- Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
- Certificación da Axencia Tributaria de Galicia-Consellería de Facenda de non ter débedas pendentes en período executivo non aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.
- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social.
- Certificación do Concello de Vigo, de non ter débedas ou sanción de natureza tributaria co Concello na vía de constrinximento.

ORZAMENTO 2024 DA FUNDACIÓN LISTE.-

Na documentación achegada pola Fundación Liste inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2025, que ascende a un total de 131.000,00 €.

Gastos. - A distribución dos gastos establécese nos seguintes grupos:

1. Gastos de persoal Fundación Liste: 104.327,00 € (79,64%)
2. Outros gastos (reparacións, conservación, servizos profesionais, seguros, servizos bancarios, subministro, comunicacións, outros): 20.592,00 € (15,72%)
3. Gastos financeiros e asimilados: 400,00 € (0,31%)
4. Gastos actividades difusión e didácticas: 5.681,00 € (4,34%)

Ingresos. - A previsión de ingresos provén de:

- Achega do Concello de Vigo: 125.000,00 € (95,42%)
- Resultado de explotación do Museo: 6.000,00 € (4,58%)

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN LISTE.

Ata 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á Fundación Liste víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, por un convenio no que se establecían as condicións e obrigas derivadas da subvención; no caso da Fundación Marco e da Fundación Laxeiro era o propio acordo de concesión o que establecía a regulación das condicións e obrigas. Nesta situación, de tramitación das achegas municipais como subvencións nominativas, a concellería-delegada da Área de Cultura dispoñía da información detallada sobre o funcionamento e actividade destes centros, a través da documentación xustificativa que se presentaban.

Como, actualmente, a achega municipal á Fundación Liste vai resultar unha transferencia de financiamento, que controlará posteriormente a Intervención Xeral, cumpriría establecer unhas normas de colaboración (antes recollidas nas obrigas do acordo de concesión das subvencións nominativas) que permitan á Concellería-delegada da Área de Cultura seguir coñecendo o funcionamento do centro, as súas actividades e proxección; desta forma, con independencia dos controles financeiros e de fiscalización que realice a Intervención Xeral, concretaríase o cumprimento da competencia-delegada de xestionar a colaboración coa Fundación Liste; que fora promovida e fundada polo Concello de Vigo e D. Olimpio Liste Regueira, financiada pola administración.

Á vista do exposto, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e do concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, previos os informes xurídico e da Intervención Municipal, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.-

1.- Transferir á Fundación Liste, CIF: G36855310, un importe de 125.000,00 € (cento vinte e cinco mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2025, para a Fundación Liste, de acordo co seguinte calendario:

- *Unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 31.250,00 € (25% do importe concedido).*
- *Unha segunda achega antes do 10 de abril de 2025, por importe de 31.250,00 € (25% do importe concedido).*
- *Unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2025, por importe de 31.250,00 € (25% do importe concedido).*
- *Unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2025, por importe de 31.250,00 € (25% do importe concedido).*

2.- A transferencia de financiamento pode financiarse con cargo á partida 3330.489.00.00 "Fundación Liste", que figura no orzamento de 2025 do Concello de Vigo.

3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente a través dos servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar.

SEGUNDO.-

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño de 2024 establece na concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, entre outras, a seguinte: "e) en materia de museos: (...) 4. Relacións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo Fundación".

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa Fundación Liste complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos da Fundación Liste:

PRIMEIRA.-

As liñas xerais do programa da Fundación Liste consistirán na conservación, promoción, estudo e defensa do patrimonio etnográfico galego e a súa utilización como instrumento de aprendizaxe, así como calquera outra actividade derivada da finalidade da Fundación Liste prevista nos seus estatutos; detalladas no programa aprobado polo Padroado da Fundación Liste na súa sesión do 20 de novembro de 2024.

SEGUNDA.-

O presuposto xeral da Fundación Liste, aprobado polo seu Padroado con data 20 de novembro de 2024 ascende a 131.000,00 €, que a Fundación Liste financiará do seguinte xeito:

- Achega do Concello de Vigo: 125.000,00 € (95,42%)
- Resultado de explotación do Museo: 5.800,00 € (4,43%)
- Resultado de explotación da actividade mercantil da tenda: 200,00 € (0,15%)

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN LISTE.

1. Cumprir e organizar o programa aprobado polo seu Padroado, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funciona-

mento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento, diferentes á transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio económico.

2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola Fundación Liste, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa ao financiamento municipal.
4. Colaborar co Concello de Vigo, coa participación da Fundación Liste, na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións dos programas aprobados ou en fase de realización, en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da Fundación Liste e colaborar na súa viabilidade.
2. Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento; de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da colaboración coa Fundación Liste é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a Fundación informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto de actividades.

SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A Fundación Liste adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería-delegada de Cultura.

A Fundación Liste asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao Museo, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada de Cultura a prelación e características para cada caso.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ao MUSEO LISTE (ou á Fundación), aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual financiado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada de Cultura.

A Fundación Liste comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, para que os elementos sexan subvencionables.

SÉTIMA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN LISTE.-

A Fundación Liste achegará á concellería-delegada de Cultura do Concello, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súa actividade e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FUNDACIÓN LISTE.-

- a) Informes trimestrais sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da Fundación Liste; que se achegarán nos dez primeiros días naturais do trimestre seguinte ao do período do informe.
- b) Relación de ingresos e gastos do período trimestral correspondente, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da Fundación Liste, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- c) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á Fundación Liste, o Museo achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.
- d) Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Liste
- e) Documentación sobre os asuntos a tratar nas sesións do Padroado dirixida ao Concelleiro-delegado de Cultura, con antelación á súa realización.

- f) Gastos de persoal, xustificados cos contratos de traballo (copias compulsadas e nas sucesivas memorias trimestrais, senón houbera cambios, unha declaración da dirección ou presidencia neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).
- g) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Liste de cada exercicio, nos dez primeiros días naturais despois do remate da anualidade, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
 - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
 - Memoria de prensa.
 - Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

A Fundación Liste deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das transferencias de financiamento.

A Fundación Liste deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza

OITAVA.-

Ao tratarse a Fundación Liste de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telematicamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP / 2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último a Fundación ten a obriga de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(31).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO Á FUNDACIÓN LAXEIRO PARA O PROGRAMA DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO DE 2025. EXPTE. 3855/341.

Visto o informe xurídico do 27/12/2024 e o informe de fiscalización do 14/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/12/2024, asinado polo xefe de Museos municipais e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 3 de decembro de 2024, a través do Rexistro Electrónico, a Fundación Laxeiro, CIF G36852358, presentou solicitude de transferencia de financiamento para programa de actividades e funcionamento no exercicio 2025, asinada polo Secretario Xeral da Fundación.

No pasado exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación Laxeiro xestionouse a través dunha transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondente a 2024 por importe de 95.000,00 €, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 12 de xaneiro de 2024 (expte 3528/341). Esta fórmula de financiamento substituíu á de subvención nominativa, que viña aplicándose ata o exercicio económico 2015, segundo os diversos informes do Servizo de Fiscalización conformados polo Interventor a partir de 2016.

Dos anteriores informes do Servizo de Fiscalización, fundamentados con amplitude en moi diversas normas legais de aplicación, extraense as seguintes referencias que serían aplicables ao exercicio económico de 2025:

- O obxecto do expediente correspóndese con materia de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2 m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2.n), actividades culturais, da Lei 5/1997, da administración local de Galicia.
- A Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.
- Forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria as fundacións definidas na Lei de Fundacións.
- Os axentes da Lei Xeral de Subvencións son os previstos para o ámbito estatal na Lei Xeral Orzamentaria, que deben servir de referencia respecto ao ámbito local.
- A Fundación Laxeiro é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.

- A Fundación Laxeiro reúne as circunstancias necesaria para ser considerada fundación do sector público, xa que en 2025 ten previsto financiarse nun 70,90 % polo Concello de Vigo, nun 11,19% pola Xunta de Galicia e nun 8,96% pola Deputación de Pontevedra; ademais que o Concello e as outras administracións posúen a práctica totalidade dos membros dos seus órganos de goberno e representación.

As conclusións principais sobre os informes da Intervención Xeral de 2016 a 2024, tamén aplicables a 2025, son:

- A achega que realiza o Concello de Vigo á Fundación Laxeiro é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos.
- A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal (excluída totalmente do réxime subvencional) e actividade da Fundación Laxeiro debe realizarse pola Intervención Xeral.
- Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello, de acordo coa Lei 19/2013.

O Secretario da Administración municipal, no seu informe do 29 de febreiro de 2016, sobre a transferencia de financiamento á Fundación Laxeiro daquel exercicio, realiza a seguinte formulación que se considera extrapolable a outros casos de financiamento incluídos no programa presupostario 3330 (Fundación Liste e Fundación Marco): “podería adecuarse en futuros orzamentos a súa consideración como transferencia de financiamento e completarse nas correspondentes bases de execución deses orzamentos coa normativa á que deberá suxeitarse a citada transferencia, con indicación de periodicidade das achegas, e especial consideración á necesidade de ser fiscalizada previamente ao ser outorgadas e a de ser sometidas a control posterior pola Intervención Xeral”.

As bases de execución do presuposto non establecen ningunha normativa á que deba suxeitarse as transferencias de financiamento, si ben a capacidade fiscalizadora, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral. Como a Fundación Laxeiro non formula na súa solicitude ningunha proposta de calendario de pagamentos das transferencias, considérase adecuado por analoxía o que establece instrución do 21 de xuño de 2019 do Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario xunto co Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda para as fundacións que forman parte do perímetro de consolidación do Grupo do Concello de Vigo (expediente 104/143): Unha primeira achega antes do 10 de xaneiro de 2025, neste caso tralo acordo Xunta de Goberno Local, unha segunda achega antes do 10 de abril de 2025, unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2025, e unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2025.

FUNDACIÓN LAXEIRO.-

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión realizada o 2 de marzo de 1998, acordou aprobar o convenio subscrito o 23 de febreiro daquel ano entre o Alcalde de Vigo e a familia Laxeiro (María Cruz Otero Villamarín, filla do pintor e a súa herdeira universal e os dous fillos desta). Nese convenio acórdase, entre outras cousas, o seguinte:

- *O Concello de Vigo e a familia Laxeiro* comprométense e obríganse a constituír a Fundación Laxeiro, que terá como obxecto o de promocionar, fomentar, divulgar,... a obra artística e cultural do pintor Laxeiro; os dereitos de calquera natureza rela-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

cionados con esa obra; a instalación en Vigo dun museo que reúna monograficamente a obra de Laxeiro.

- “As obras do pintor Laxeiro, propiedade do Concello de Vigo, cederanse en depósito á Fundación para o seu uso, difusión e exposición. Así mesmo o Concello de Vigo cederá á Fundación a xestión dos dereitos de autor para a súa mellor explotación por esta” (acordo SEXTO).
- *A Fundación obrígase ás súas expensas a coidar, manter e restaurar as obras depositadas, así como a xestionar e explotar e defender con toda dilixencia os dereitos de autor, cuxa xestión cede a este fin o Concello de Vigo.*
- O Pleno do Concello de Vigo, na sesión realizada o día 26 de xuño de 1998, acordou aprobar a constitución e estatutos da Fundación Laxeiro, que se pretende de “interese galego e natureza cultural”. “A Fundación Laxeiro terá personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica e de obrar” e no seu Padroado figuran 5 patróns representantes do Concello de Vigo (ademais de representantes da familia Laxeiro, do Concello de Lalín, da Deputación Provincial de Pontevedra, da Xunta de Galicia e outros).

Os Estatutos da Fundación Laxeiro establecen no seu artigo 6º a seguinte composición do Padroado:

- a) *“De tres a cinco membros representantes do Concello de Vigo e designados por esta Corporación;*
- b) *De tres a cinco membros designados por D^a María Cruz Otero Villamarín e no seu defecto polos seus fillos, don Heriberto e don Carlos García-Suárez Otero, e os seu descendentes directos;*
- c) *Un membro representante do Concello de Lalín, designado por esta Corporación;*
- d) *Un membro representante da Xunta de Galicia, designado por esta Institución;*
- e) *Un membro representante da Deputación Provincial de Pontevedra, designado por esta institución;*
- f) *Unha persoa designada conxuntamente polos dous grupos de membros a) e b) con presenza importante en Madrid relacionado co mundo da cultura e coas institucións do Estado Español.*
- g) *Unha persoa designada conxuntamente polos membros dos grupos a) e b) con presenza importante en Bruxelas e relacionada coas institucións europeas e o mundo da cultura; e*
- h) *Unha persoa designada conxuntamente polos membros dos grupos a) e b) con presenza importante en Bos Aires (Arxentina) e relacionada coas institucións galegas e españolas e o mundo da cultura”.*

Composición actual do Padroado da Fundación Laxeiro

Presidente.- O Alcalde de Vigo, Abel Caballero Álvarez (artigo 8º dos Estatutos).

Vicepresidenta.- D.^a Paula García-Suárez Fernández Vicepresidenta 2ª (Grupo B) en Nome de D.^a Mari Cruz Otero Villamarín VicePresidenta (Grupo B). Nomeamento acta constitución 18/02/2021.

Secretario.- Carlos García-Suárez Otero (grupo b). Nomeamento: acta constitución 23/02/1999

Vogais.-

Grupo a) (Concello de Vigo).- Segundo se indica no artigo 6.a) dos seu Estatutos, serán o Concelleiro-Delegado de Cultura, D. Gorka Gómez Díaz, D. Antón Castro Fernández, D. Antón Pulido Novoa e D. Cayetano Rodríguez Escudero, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de xullo de 2023 e como consecuencia da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio de 2023.

Grupo b) (Familia Laxeiro: 3).- Miguel Domenech Martínez, Heriberto García-Suárez Otero, Guillermo Martínez Castro. Nomeamentos 23/02/1999.

Representante do Concello de Lalín.- D. José Crespo Iglesias. Acordo do Pleno do Concello de Lalín do 28/06/19 ; Suplente: Dña. Begoña Blanco Blanco.

Representante da Xunta de Galicia.- D. Román Rodríguez González. Documento da Consellería de Cultura de data 17/02/2015. Vogal Suplente: Anxo Manuel Lorenzo Suárez (por compadecencia ante o Protectorado 19/09/18

Representante da Deputación Provincial de Pontevedra.- D^a Luisa Sánchez Méndez, según nomeamento acordado no pleno extraordinario do 2 de abril de 2024.

Vogal, presenza en Madrid.- Vacante. Na pasada reunión do 22 de xaneiro de 2019, aprobouse que D. Guillermo Martínez Castro, pasara do grupo b a vogal con presenza en Madrid e nomear vogal do grup B a D. Xosé María Barreiro Gómez

Vogal, presenza en Bruxelas.- D. David Regades en substitución de D. Francisco Xavier Vázquez Álvarez, como patrono con contactos en Bruxelas.

Vogal, presenza en Bos Aires.- D. Carlos A. González Príncipe. Acordo do Padroado do 21 de febreiro de 2003.

Declaración de interese cultural e interese galego.

O 23 de febreiro de 1999 quedou constituída a Fundación Laxeiro, en escritura pública, que está clasificada de INTERESE CULTURAL por Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 3 de agosto de 1999 (DOG nº 160, do 19 de agosto) e declarada de INTERESE GALEGO por Orde da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo do 18 de outubro de 1999 (DOG nº 217, do 10 de novembro, figurando inscrita co número 1999/22 no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego. O 23 de febreiro de 2000 realizouse a primeira xuntanza do Padroado da Fundación Laxeiro, na Casa das Artes.

SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO.-

A Fundación Laxeiro ten achegado a seguinte documentación para a transferencia de financiamento para funcionamento do exercicio 2025:

- Solicitud de transferencia de financiamento do Concello de Vigo por importe de 95.000,00 € presentada no Rexistro Xeral do 3 de decembro de 2024.
- Programa de actividades e Presupostos da Fundación Laxeiro para o ano 2025, aprobado na sesión do Padroado de 27 de novembro de 2024.

Certificacións e declaracións.- No expediente inclúense copias vixentes das seguintes, que aporta a Fundación Laxeiro:

- Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- Certificación da Axencia Tributaria de Galicia-Consellería de Facenda de non ter débedas pendentes en período executivo non aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.
- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social.
- A Certificación do Concello de Vigo de non ter débedas ou sanción de natureza tributaria co Concello na vía de constrinximento foi solicitada polo Servizo de Museos a Tesourería e xa figura no expediente.

ORZAMENTO 2025 DA FUNDACIÓN LAXEIRO.-

Na documentación achegada pola Fundación Laxeiro inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2025, aprobada en reunión do seu Padroado do 27 de novembro de 2024, que ascende a un total de 134.000,00 €.

Gastos. - A distribución dos gastos establécese nos seguintes grupos:

- | | |
|---|----------------------|
| • Persoal: | 99.000,00 € (73,88%) |
| • Gastos administración | 7.000,00 € (5,22%) |
| • Gastos programación exposicións: | 22.000,00 € (16,42%) |
| • Gastos investigación/outros:
(investigación, divulgación,) | 6.000,00 € (4,48%) |

Ingresos. - A previsión de ingresos provén de:

- Achega do Concello de Vigo: 95.000,00 € (70,90 %)
- Xunta de Galicia: 15.000,00 € (11,19%)
- Deputación P. Pontevedra: 12.000,00 € (8,96%)
- Autofinanciamento (doazóns, vendas, outros): 12.000,00 € (8,96%)

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN LAXEIRO.

Ata 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á Fundación Laxeiro víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia a través do propio acordo de concesión, que establecía a regulación das condicións e obrigas. Nesta situación, de tramitación das achegas municipais como subvencións nominativas, a concellería-delegada da Área de Cultura dispoñía da información detallada sobre o funcionamento e actividade destes centros, a través da documentación xustificativa que se presentaban.

Á vista do exposto, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e do concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, previos os informes xurídico e da Intervención Municipal, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.-

1.- Transferir á Fundación Laxeiro, CIF: G36852358, un importe de 95.000 € (noventa e cinco mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2025, de acordo co seguinte calendario:

- ◆ Unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 23.750,00 € (25% do importe concedido).
- ◆ *Unha segunda achega antes do 10 de abril de 2025*, por importe de 23.750,00 € (25% do importe concedido).
- ◆ *Unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2025*, por importe de 23.750,00 € (25% do importe concedido).
- ◆ *Unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2025, por importe de 23.750,00 € (25% do importe concedido).*

2.- A transferencia de financiamento pode financiarse con cargo á partida 3330.489.00.01 "Fundación Laxeiro", que figura no orzamento de 2025 do Concello de Vigo.

3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente a través dos servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar.

SEGUNDO.-

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño de 2024 establece na concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, entre outras, a seguinte: "e) en materia de museos: (...) 4. Relacións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo Fundación".

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa Fundación Laxeiro, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da utilización parcial da Casa das Artes, establécense as seguintes normas e compromisos da Fundación Laxeiro.

PRIMEIRA.-

As liñas xerais do programa da Fundación Laxeiro consistirán, basicamente, no desenvolvemento de exposicións temporais, xestión da exposición permanente, investigación, divulgación, conservación e restauración C. Permanente..., así como calquera outra actividade derivada da finalidade da Fundación Laxeiro prevista nos seus estatutos; detalladas no programa aprobado polo Padroado da Fundación Laxeiro na súa sesión do 27 de novembro de 2024.

SEGUNDA.-

O presuposto xeral da Fundación Laxeiro, aprobado polo seu Padroado con data 27 de novembro de 2024 ascende a 134.000,00 €, que a Fundación Laxeiro financiará do seguinte xeito:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

- Achega do Concello de Vigo: 95.000,00 € (70,90 %)
- Xunta de Galicia: 15.000,00 € (11,19%)
- Deputación P. Pontevedra: 12.000,00 € (8,96%)
- Autofinanciamento (doazóns, vendas, outros): 12.000,00 €(8,96%)

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN LAXEIRO.

1. Cumprir e organizar o programa aprobado polo seu Padroado, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento, diferentes á transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio económico.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola Fundación Laxeiro, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa ao financiamento municipal.
4. Colaborar co Concello de Vigo, coa participación da Fundación Laxeiro, na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións dos programas aprobados ou en fase de realización, en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da Fundación Laxeiro e colaborar na súa viabilidade.
2. Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento; de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da colaboración coa Fundación Laxeiro é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a Fundación Laxeiro informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto de actividades.

SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A Fundación Laxeiro adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería-delegada de Cultura.

A Fundación Laxeiro asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo á Fundación Laxeiro, como o das actividades programadas. O

anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada de Cultura a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias á Fundación Laxeiro, aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual financiado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada de Cultura.

A Fundación Laxeiro comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa financiado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, para que os elementos sexan financiables.

SÉTIMA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN LAXEIRO.

A Fundación Laxeiro achegará á concellería-delegada de Cultura do Concello, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súa actividade e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FUNDACIÓN LAXEIRO.-

- a) Informe trimestrais sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da Fundación Laxeiro, que se achegarán nos dez primeiros días naturais do trimestre seguinte ao do período do informe.
- b) Relación de ingresos e gastos do período trimestral correspondente, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da Fundación Laxeiro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- c) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indi-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

carse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á Fundación Laxeiro, achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.

- d) Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Laxeiro
- e) Documentación sobre os asuntos a tratar nas sesións do Padroado dirixida ao Concelleiro-delegado de Cultura, con antelación á súa realización.
- f) Gastos de persoal, xustificados cos contratos de traballo (copias compulsadas e nas sucesivas memorias trimestrais, senón houbera cambios, unha declaración da dirección ou presidencia neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).
- g) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Laxeiro de cada exercicio, a presentar no mes de decembro, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
 - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
 - Memoria de prensa.
 - Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

A Fundación Laxeiro deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concelleira-delegada de Cultura, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da transferencia.

A Fundación Laxeiro deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras transferencias, subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza

OITAVA.-

Ao tratarse a Fundación Laxeiro de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último a Fundación ten a obriga da de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(32).- PROPOSTA DE SUSPENSIÓN DE PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE REPOSICIÓN DUNHA SUPERESTRUTURA DE SALVAMENTO EN ALTURA SOBRE UN CHASIS IVECO DA FLOTA DE VEHÍCULOS DO SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 6963/213.

Vista a dilixencia de fiscalización de data 14/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/01/2025, asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios, o xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 22 de decembro de 2023, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a Iturri SA o contrato do subministro de reposición dunha superestrutura de salvamento en altura sobre un chasis Iveco para o parque central de Teis do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (expediente 6963-213) por procedemento aberto e por un prezo total de un millón trescentos corenta e nove mil cento vinte cinco euros con oitenta céntimos (1.349.125,80€) sendo a cota correspondente ao IVE de 234.145,80 €.

Segundo.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 5 de abril de 2024 e na súa Cláusula Cuarta figura o prazo do contrato, o cal é de dez meses sendo a data de inicio o día seguinte da formalización do contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A Lei 9/2017, do 8 de novembro. De contratos do Sector Público, polo que se traspón ao ordenamento Xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro 2014, contempla a posibilidade de suspender a execución do contrato público, así como a de extinguir o mesmo nos artigos 208 a 213, os que se encontran encardinados na subsección 5ª “ suspensión e extinción dos contratos” da sección segunda do capítulo primeiro “ das actuacións relativas á contratación das administracións públicas “ do título primeiro.

El artículo 208 LCSP establece "1. Si la Administración acordase la suspensión del contrato o aquella tuviere lugar por la aplicación de lo dispuesto en el artículo 198.5, se extenderá un acta, de oficio o a solicitud del contratista, en la que se consignarán las circunstancias que la han motivado y la situación de hecho en la ejecución de aquel".

Segundo.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local 22 de decembro de 2023 establece expresamente na Cláusula "CLÁUSULA 27.- EXECUCIÓN DO CONTRATO. 6.- O órgano de contratación poderá acordar a suspensión da execución nos seguintes supostos:

a) Cando circunstancias sobrevidas o aconsellen e así o decidan de mutuo acordo ambas partes".

Terceiro.- O técnico que subscribe é ben consciente dos problemas que están a xurdir no ámbito global da industria da automoción por mor da demora nos prazos de entrega dos compoñentes electrónicos (paneis, sensores e módulos de conexións) que forman parte e integran a superestrutura de salvamento en altura que se está elaborando para este Concello de Vigo, dos que da conta o D. Timo Kangasniemi, Xerente de Ventas de VEMA LIFT OY en informe de 02 de xaneiro de 2025 incorporado ao expediente.

En data de 2 de xaneiro de 2025 ITURRI S.A presenta unha solicitude para suspensión do contrato con número de expediente 6963-213. Segundo a documentación presentada en data de 2 de xaneiro de 2025 para ampliación do contrato ata o 20 de xuño de 2025 número de documento 250000987, por ITURRI S.A respecto as dificultades para entregar o vehículo relacionado co expediente 6963/213 vehículo de salvamento en altura (superestrutura de salvamento en altura sobre un chasis Iveco) na data e prazo recollido de dez meses dende a súa adxudicación 05 de abril de 2024.

A entrega desta superestrutura de 64 metros ten como obxectivo substituír a existente de 55 metros destinada a traballos de extinción de incendios e traballos en altura do Parque Central de Teis por amosar deficiencia nas características técnicas e de operatividade con máis de 15 anos.

Bombeiros, como loxística ten na súa flota de vehículos tres vehículos de salvamento en altura, dúas cunha capacidade de traballo de 39 metros e unha de 18 metros que no caso de ausencia do vehículo a substituír, prestaría dentro das súas posibilidades

o servizo perante tanto non puidese ser montada a nova superestrutura, non xerando problema algún no caso de intervención.

Cuarto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Quinto.- O período de suspensión do contrato comprenderá a partir de o 06/02/2025 ao 20/06/2025.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a suspensión do contrato polo período comprendido dende o 06/02/2025 ao 20/06/2025, do subministro de reposición dunha superestrutura de salvamento en altura sobre un chasis Iveco para o parque central de Teis do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (expediente 6963-213) por procedemento aberto e por un prezo total de un millón trescentos corenta e nove mil cento vinte cinco euros con oitenta céntimos (1.349.125,80€) sendo a cota correspondente ao IVE de 234.145,80 €.

Segundo.- Notificar á empresa adxudicataria Iturri SA indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Terceiro.- Remitir ao Consello de Contas a suspensión do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(33).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO CONTRA RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DE AUGAS DE GALICIA DE DATA 27 DE NOVEMBRO DE 2023 E 20 DE MARZO DE 2024, E RESOLUCIÓN DA XUNTA SUPERIOR DE FACENDA DE DATA 2 DE DECEMBRO DE 2024: RECADACIÓN TAXA 32.68.00 "OBRAS HIDRÁULICAS DE REGULACIÓN XESTIONADAS POLA



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

ADMINISTRACIÓN HIDRÁULICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA" PRIMEIRO E SEGUNDO SEMESTRE DOS ANOS 2019 E 2020. EXPTE. 1713/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/12/2024, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado pola letrada-titular de Asesoría Xurídica municipal, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Con data 28 de novembro de 2023 tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Vigo resolución desa Dirección de Augas de Galicia, de 27 de novembro de 2023, ditada no expediente de xestión recadatoria da taxa 32.68.00 —Obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade autónoma de Galicia (canon de regulación)— do primeiro e segundo semestre de 2019; expediente no que, desestimando as alegacións reiteradamente aducidas por esta Administración municipal en relación coa inexistencia do feito impositivo para a esixibilidade ao Concello de Vigo de tal taxa, se reclama deste o pago da cantidade de 565.098,77 euros polo dito concepto e ano.

2º.- Contra a dita resolución interpúxose por esta Administración municipal recurso de reposición, que foi desestimado por resolución da mesma Dirección de Augas de Galicia de data 20 de marzo de 2024.

3º.- Con data de 5 de agosto de 2024 tivo tamén entrada nesta Administración municipal resolución da Dirección de Augas de Galicia, de 2 de agosto de 2024, no que se acorda a desestimación das alegacións efectuadas polo Concello de Vigo ao acordo de iniciación do procedemento de xestión recadatoria e proposta de liquidación provisional ao Concello de Vigo, emitida pola Dirección de Augas de Galicia o 14 de xuño de 2024, da taxa 32.68.00 (canon de regulación) pendente de ingreso, correspondente ao primeiro e segundo semestre de 2020, por importe de 698.682,90 €, resultado de aplicar á base impositiva, que vén determinada por metro cúbico de auga captado, o importe da tarifa, que ascende a 0,021 €, de acordo cos datos de metros cúbicos captados que figuran na devandita resolución.

4º.- Contra as ditas resolucións o Concello de Vigo interpuxo senllas reclamacións económico administrativas ante a Xunta Superior de Facenda, que tramitadas cos números 3620-C-24/06 e acumulada 3703-C-24/06, foron desestimadas en única resolución do dito órgano, de data 2 de decembro de 2024, notificada a esta Administración municipal o 13 de decembro de 2024.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

Primeira.- Rexeitada definitivamente na vía xurisdiccional a alegación municipal de que era esta e non Augas de Galicia a que explotaba o encoro de Eiras, a alegación municipal nos ditos expedientes cinguense a inconstitucionalidade da contía da taxa, en relación coa definición do feito imponible do canon de regulación que se contén no artigo 26. 3 da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e da Lei e Regulamento de Augas do Estado: o Concello de Vigo é, obviamente, beneficiario da obra de regulación que é o encoro de Eiras, porén o canon a satisfacer por este, se o concello de Vigo non é considerado como explotador do encoro, será exclusivamente o necesario para **«compensar los costes de la inversión que soporte dicha administración y atender a los gastos de explotación y conservación de tales obras» e «tales obras» son, segundo o tenor literal do artigo 26.3 da Lei 6/2003, de 9 de decembro, as obras de regulación de que se beneficie o suxeito pasivo con captacións no embalse ou en augas abaixo do mesmo e non outras distintas:** o canon que deberá satisfacer o concello de Vigo será exclusivamente o que correspondería satisfacer polas inversións e custes de explotación do encoro de Eiras e das obras de regulación que no seu caso existan augas arriba da súa captación no río Oitavén.

A demarcación hidrográfica Galicia Costa non é unha bacía hidrográfica senón un conxunto de bacías hidrográficas intracomunitarias que por esta razón —por discorrer exclusivamente pola Comunidade Autónoma de Galicia— son xestionadas pola Comunidade Autónoma de Galicia. A demarcación hidrográfica Galicia-Costa comprende todas as bacías costeiras de A Coruña, Lugo e Pontevedra, cun total de dezanove bacías hidrográficas ou sistemas de explotación; bacías hidrográficas que son completamente alleas á do río Oitavén.

Segunda.- Augas de Galicia rexeita as alegacións do concello de Vigo, na resolución definitiva do segundo expediente de recadación, argumentando que:

«O Concello de Vigo, tal e como vén argumentando en todos os procedementos relativos á exacción desta taxa, critica o deseño legal do tributo que, ao seu parecer, debería terse configurado dun xeito individual para cada unha das presas xestionadas por Augas de Galicia, imputando a cada infraestrutura os custos de xestión de xeito individualizado.

Fronte ao anterior cabe sinalar o seguinte:

1º Como xa se puxo tamén de manifesto con anterioridade tanto pola Xunta Superior de Facenda como por esta entidade pública, as decisións de política tributaria no ámbito autonómico non corresponden ao Concello de Vigo e as críticas á construción xurídica do tributo, establecida nunha norma con rango de lei, e a súa adecuación á Constitución non teñen cabida nesta sede.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

O Concello de Vigo recoñece no seu escrito de alegacións que a contía da taxa que se reclama é a establecida legalmente e que a administración non pode proceder á súa anulación, sinalándose que o obxectivo último da entidade local é o de esgotar a vía administrativa e solicitar con posterioridade na xudicial a formulación polo órgano xurisdiccional dunha cuestión de inconstitucionalidade sobre a configuración legal da taxa.

Debe sinalarse que esta solicitude xa foi efectuada con motivo da interposición polo Concello de Vigo do recurso contencioso administrativo contra a liquidación da taxa correspondente ao exercicio 2014 (autos PO 15155/2022), sendo desestimada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na sentenza número 790/2023 ditada o 20 de decembro de 2023, a cuxos fundamentos segundo e sexto se remite esta parte.

A sentenza, como manifesta o Concello, non é firme pero resulta significativa en canto a que a configuración legal do tributo non xerou ningunha dúbida no órgano xurisdiccional en canto á súa posible inconstitucionalidade, rexeitando a sala a formulación da cuestión perante o Tribunal Constitucional.

2º Ademais do anterior, en relación coa creación da taxa discutida, ponse novamente de manifesto que a opción de política fiscal adoptada no seu día no que se refire á configuración deste concreto tributo non foi a de establecer unha tarifa ou un canon individualizado para cada infraestrutura de regulación xestionada pola Administración autonómica senón unha taxa deseñada para a totalidade do sistema de xestión autonómica (con independencia do número de infraestruturas que conformen ese sistema), que permita obter un prezo unitario por metro cúbico de auga captada, igualitario e uniforme en todo o territorio da Comunidade Autónoma, que se aplicará de xeito individualizado a cada suxeito pasivo segundo o beneficio, grao de utilización ou aproveitamento obtido.

Neste sentido, a taxa autonómica do canon de regulación configúrase como un dos instrumentos para a recuperación dos custos dos servizos da auga, principio establecido no artigo 9 da Directiva Marco da Auga, no artigo 111 bis do texto refundido da Lei de augas aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo (TRLA) e no artigo 3 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (LAG) e, en concreto, daqueles custos nos que se incorre polo investimento, explotación e conservación destas obras de regulación de ámbito autonómico.

A Comunidade Autónoma de Galicia exerce a través de Augas de Galicia as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas de conformidade, entre outros, co dito principio de recuperación de custos para conseguir a suficiencia financeira do sistema no marco dun prezo accesible, co principio de

solidariedade territorial nos investimentos en infraestruturas e o de equidade social nas políticas tarifarias na prestación dos servizos da auga (artigo 3 LAG), estando o deseño legal da taxa autonómica discutida informado polos ditos principios.

Así, a tarifa actualízase para cada exercicio orzamentario de acordo cos parámetros establecidos no artigo 32 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, a través das leis de orzamentos ou de medidas fiscais que se aproban polo Parlamento de Galicia no mes de decembro do ano anterior sobre as previsións do custo total do servizo no que vai incurrir a Comunidade Autónoma pola xestión da totalidade do sistema durante o exercicio e do volume total de auga captada polo sistema.

A tarifa, expresada en euros/m³ de auga captada, determínase polo tanto nunha lei aprobada no Parlamento de Galicia con tódalas garantías e de acordo aos procedementos aplicables na elaboración e aprobación de normas con rango de lei.

Para o ano 2020, e segundo se estableceu na Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a tarifa a aplicar foi 0,021 € por metro cúbico de auga captada.

O importe da liquidación discutida é, polo tanto, o resultado de aplicar a tarifa establecida legalmente (0,021 euros/m³) sobre o volume da auga captado e consumido polo Concello de Vigo no encoro de Eiras durante o ano 2020 (33.270.614 m³), consumo e aproveitamento que é considerablemente superior ao volume captado polo resto de Concellos nas outras presas xestionadas por Auga de Galicia, debido ás notables diferencias en termos de poboación a abastecer.

O deseño descrito, que respecta o principio de equivalencia, o de cobertura de custos e o de aproveitamento ou utilidade pública obtida, entre outros, permite obter un prezo unitario por metro cúbico de auga captada igualitario e uniforme en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Deste xeito, se o custo da taxa é finalmente repercutido polas entidades locais nos usuarios finais a través das tarifas municipais destinadas a financiar o servizo municipal de abastecemento, cada consumidor final, con independencia da parte do territorio na que resida e da obra de regulación da que proveña a captación da que se abastece, aboará por este servizo un mesmo prezo por metro cúbico de auga consumida, logrando así un prezo accesible, unitario e equitativo en toda a Comunidade Autónoma».

Terceira.- No mesmo sentido a Xunta Superior de Facenda rexeita as reclamacións económico administrativas interpostas polo Concello de Vigo, ao carecer o órgano



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

resolutor de atribucións para revisar disposicións de carácter xeral e para pronunciarse sobre a inconstitucionalidade da contía da taxa.

Cuarta.- A contía das taxas que se reclaman é, efectivamente, establecida por Lei e a Administración hidráulica non pode anulala, pero esta Administración municipal ten de esgotar a vía administrativa na impugnación do importe das taxas reclamadas, mediante a interposición das reclamacións económico administrativas rexeitadas pola Xunta Superior de Facenda da Xunta de Galicia na resolución arriba referida, para solicitar na xurisdiccion al a presentación de cuestión de inconstitucionalidade en relación á determinación da contía da taxa, amén de que a Comisión Superior de Facenda, á vista da argumentación municipal e de estimala correcta, podía expoñer ao goberno da Comunidade Autónoma de Galicia o seu parecer razoado respecto da inconstitucionalidade da contía da taxa e propiciar a corrección de tal extremo da regulación do canon de que tratamos; argumentación que é a que vai dita: o canon de regulación tanto na lei galega como no TRLA e o seu Regulamento ten por obxecto compensar os custos da inversión que soporte a Administración hidráulica e os gastos de explotación e conservación das obras de regulación de que se beneficia —directa ou indirectamente— o suxeito pasivo con captación de augas no propio encoro ou augas abaixo. O concello de Vigo non ten legalmente que soportar o custo de todas as inversión en obras de regulación, nin todos os custos de explotación e mantemento de todas as obras de regulación situadas nas bacias hidrográficas de Lugo, A Coruña, ou de Pontevedra, das que o concello de Vigo non se beneficia con captación de augas. O concello de Vigo —debemos insistir— ten que soportar exclusivamente o custo das inversión na obra de Regulación realizadas pola Comunidade Autónoma de Galicia no encoro de Eiras e o custo das obras de explotación conservación e mantemento e, debería facelo nos termos que resultan da regulación da lexislación básica do Estado.

Non se trata dunha cuestión de política tributaria de ámbito autonómico que o concello de Vigo non poda discutir, senón dunha determinación da contía do canon que non é conforme coa definición do feito imponible da taxa.

Quinta.- Advértase que, a este respecto, o artigo 302 do Regulamento do Texto refundido da Lei de Augas —Lei que constitúe a lexislación básica do Estado en materia de augas— establece para a determinación da contía do canon de regulación para as obras hidráulicas explotadas polo organismo de conca que:

«1. Para las obras hidráulicas explotadas por el organismo de cuenca, éste determinará los cánones de regulación correspondientes a cada ejercicio, efectuando la liquidación conforme a lo indicado en los artículos siguientes.

2. El organismo de cuenca fijará los cánones correspondientes a cada ejercicio, para las obras hidráulicas a su cargo. Su cálculo irá acompañado del correspondiente estudio económico efectuado con participación de los órganos

representativos de los usuarios o beneficiarios existentes en el organismo gestor correspondiente.

3. El valor propuesto se someterá a información pública en su portal de internet por un plazo de quince días y anunciada en el “Boletín Oficial del Estado”, a efecto de que puedan formularse las reclamaciones que procedan. Si no existieran reclamaciones durante el período de información pública, el canon de regulación se considerará automáticamente aprobado al finalizar la misma; en caso contrario, el Organismo de cuenca resolverá lo que proceda».

Sexta.- A falta de estudo económico financeiro do canon ou a falta de posta de manifesto do mesmo a esta Administración municipal de Vigo provoca, así mesmo, a indefensión desta ao impedírselle o coñecemento das magnitudes determinantes da contía do canon e a posibilidade de discutir esta sobre a base de tales magnitudes.

Sétima.- Polo demais, a sentenza núm. 790/2023, de data 20 de decembro de 2023, ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso contencioso-administrativo, procedemento ordinario, núm. 15155/2022, desestimatoria das pretensións municipais en relación ao canon que nos ocupa, correspondente ao ano 2014, foi recorrida en casación ante o Tribunal Supremo; recurso que se tivo por preparado por auto da Sección Cuarta do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 4 de marzo de 2024.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Interpoñer recurso contencioso administrativo contra as resolucións da Dirección de Augas de Galicia, de data 27 de novembro de 2023 e 20 de marzo de 2024, desestimatoria do recurso de reposición interposto contra a primeira citada e contra a resolución de 2 de agosto de 2024, ditadas nos procedementos de recadación taxa 32.68.00 "obras hidráulicas de regulación xestionadas pola administración hidráulica da comunidade autónoma de Galicia" do primeiro e segundo semestres dos anos 2019 e 2020 e contra a resolución da Xunta Superior de Facenda, de 2 de decembro de 2024, desestimatoria das reclamacións económico administrativas interpostas contra as resolucións citadas da Dirección de Augas de Galicia.

Segundo.- Solicitar a suspensión da execución da resolución impugnada, con dispensa de garantías (artigo 173.2 TRLRFL)

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

21(34).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DA ÁREA DE GOBERNO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O CALENDARIO DO CONTRIBUÍNTE PARA O ANO 2025. EXPTE. 16819/703.
Dáse conta da Resolución de data 30/12/2024, do concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

RESOLUCIÓN.

Visto o informe que antecede, en exercizo das atribucións exercidas por delegación do Sr. Alcalde de data 20 de xuño de 2023,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Fixar como datas de comenzo e final de cobranza, en período voluntario, dos padróns de tributos de cobro periódico e notificación colectiva correspondentes ó exercicio 2025 (calendario do contribuínte para o ano 2025), así como as datas para o cargo en conta dos recibos domiciliados nas entidades financeiras, as seguintes:

1.PRIMEIRO SEMESTRE:

Imposto vehículos de tracción mecánica (IVTM).

Data de comenzo do período voluntario: 31 de marzo de 2025.
Data de finalización do período voluntario: 2 de xuño de 2025.
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados: 2 de xuño de 2025.
Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no exercizo: 7 de marzo de 2025

SEGUNDO SEMESTRE:

•Taxa pola recollida do lixo nas vivendas.

Data de comenzo do período voluntario: 30 de xuño de 2025.
Data de finalización do período voluntario: 1 de setembro de 2025.
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados: 1 de setembro de 2025.
Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no exercizo: 6 de xuño de 2025

•Exaccións unificadas industriais (Lixo industrial).

Data de comenzo do período voluntario: 1 de agosto de 2025.
Data de finalización do período voluntario: 30 de setembro de 2025.
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados: 30 de setembro de 2025.
Data fin de ordes de domiciliación para que sexan efectivas no exercizo: 27 de xuño de 2025

•Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana (IBI URBANA).

Data de comenzo do período voluntario: 1 de setembro de 2025.
Data de finalización do período voluntario: 31 de outubro de 2025.
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados: 31 de outubro de 2025.
Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no exercizo: 7 de agosto de 2025

•Imposto sobre bens inmobles de natureza rústica (IBI RÚSTICA).

Data de comenzo do período voluntario: 1 de setembro de 2025.
Data de finalización do período voluntario: 31 de outubro de 2025.
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados: 31 de outubro de 2025.
Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no exercizo: 7 de agosto de 2025

•Imposto sobre bens inmobles de natureza rústica de características especiais (BICES).

Data de comenzo do período voluntario: 1 de setembro de 2025.
Data de finalización do período voluntario: 31 de outubro de 2025.
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados: 31 de outubro de 2025.
Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no exercizo: 7 de agosto de 2025

•Imposto sobre actividades económicas (IAE).

Data de comenzo do período voluntario: 1 de setembro de 2025.
Data de finalización do período voluntario: 31 de outubro de 2025.
Data de cargo en conta dos recibos domiciliados: 31 de outubro de 2025.
Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no exercizo: 7 de agosto de 2025

•**SISTEMA ESPECIAL DE PAGAMENTO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES:**

Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no primeiro prazo: 9 de maio de 2025.

Data fin das ordes de domiciliación para que sexan efectivas no segundo prazo: 7 de agosto de 2025.

SEGUNDO. Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local.

TERCEIRO. Publicar o calendario do contribuínte no BOP de Pontevedra e no Taboleiro de anuncios do Concello, así como na páxina web municipal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

22(35).- EXECUCIÓN DE SENTENCIA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA EN RELACIÓN CO LOTE 1 DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PUBLICO DE APARCAMENTOS SUBTERRÁNEOS DE USO PUBLICO. EXPTE. 4918/449.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/01/2025, asinado pola xefa do Servizo de Transportes, conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- Por Acordo Plenario de data 21 de maio de 2007 adxudicouse a UTE formada polas empresas Eloymar S.A. y Tranvias Electricos de Vigo S.A. o lote 1 do concurso para a xestión de servizo publico mediante concesión para a construción e posterior explotación de tres aparcadoiros subterráneos para vehículos (uno situado na rúa Areal , outro en Pintor Colmeiro e outro en Policarpo Sanz)

Dito acordo foi recorrido en reposición que foi expresamente desestimado na data 10 de setembro de 2007.

2.- Presentado recurso contencioso administrativo polas mercantís Mopavi, SL", "Vitalvigo Aparcamientos, SL", "Abside Construcciones de la Sierra, SL" e "Inversiones Vigogómez, SA", o mesmo foi desestimado por sentenza recaída no procedemento ordinario nº 328/2017 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo de data 2 de setembro de 2021 co seguinte contido:

" que debo desestimar e desestimo a demanda interposta por " Mopavi S.L. "Inversiones Vigogómez, SA", "Vitalvigo Aparcamientos, SL", y " Construcciones Abside de la Sierra, SL" frente al Concello de Vigo con intervención , como codemandadas de las empresas Eloymar S.A. y Tranvias Electricos de Vigo S.A. y Puentes y Calzadas grupo de empresa S.A. seguido como proceso ordinario nº 115/2007 ante este Juzgado contra la resolución citada en el encabezamiento"

Contra dita sentenza foi presentado recurso de apelación co nº 7152/2021 que foi resolto pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 20 de marzo de 2023 co seguinte contido:

"Estimar en parte el recurso de apelación interpuesto por la representante procesal de las sociedades mercantiles "Mopavi, SL", "Vitalvigo Aparcamientos, SL", "Abside Construcciones de la Sierra, SL" e "Inversiones Vigogómez, SA", contra la sentencia del titular del Juzgado de lo Contencioso- administrativo número Uno de Vigo de 02.09.21, que desestimó el recurso que interpuso frente al acuerdo de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Vigo de 10.09.07, que confirmó el de 21.05.07, que adjudicó el lote 1 del contrato de gestión del servicio público de aparcamientos subterráneos de uso mixto a la "UTE Eloymar-Tranvías Eléctricos" y el lote 2 a la sociedad mercantil "Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, SA"; en consecuencia, revocamos la sentencia apelada, anulamos los acuerdos municipales impugnados y declaramos que la oferta que para el lote 1 presentaron las

empresas que formaron parte de la “UTE Eloymar-Tranvías Eléctricos” tenía que haber sido rechazada, con las consecuencias a que se ha hecho mención en el fundamento de derecho cuarto. Se le imponen al Ayuntamiento de Vigo y a esa unión temporal las costas causadas a la apelante, hasta un máximo de 2.500,00 euros a cargo de cada una de esas partes.”

Dita sentenza foi recorrida en casación polas sociedades recorrentes, así como pola UTE Eloymar Tranvías, recursos que foron inadmitidos a trámite pola Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Supremo, por providencia de data 22 de maio de 2024.

Por providencia de data 9 de xullo de 2024 pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo acordouse non admitir a trámite o incidente de nulidade de actuacións promovido pola representación procesal da mercantil Eloymar Tranvías UTE en relación a providencia de 22 de maio de 2024 que inadmite o recurso de casación preparado contra a sentenza de 20 de marzo de 2023 ditada pola Sección 3ª da sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Justicia Galicia, no recurso de apelación núm. 7152/2021

Con data 2 de outubro de 2024, foi remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo mediante oficio, certificación da sentenza de data 2 de setembro de 2021, copia da ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que de data 20 de marzo de 2023 que ten carácter de firme e o expediente administrativo a fin de que se leve a efecto adoptándose as resolucións procedentes para o seu cumprimento.

PROPOSTA DE EXECUCIÓN DA SENTENCIA:

A vista do anterior procede a execución da sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 20 de marzo de 2023.

Examinado o contido da mesma, pola que se anulan os acordos municipais impugnados, non se establece na parte dispositiva como debe executarse a sentenza, e no fundamento de dereito cuarto di:

*“se limitará esta sala a anular los acuerdos impugnados y a declarar la exclusión de la licitadora que resultó adjudicataria, sin que se ordene retrotraer actuación alguna, **de modo que será la corporación local la que decida la mejor manera de prestar el servicio público que declaró en el año 2005**”*

1.- O contrato anulado é un contrato de xestión de servizo público mediante concesión de servizo con obra de 3 aparcamentos. Ditos aparcadoiros dispoñen dun total de 1245 prazas, repartidas entre os tres aparcamentos: 390 prazas no da rúa Pintor Colmeiro; 590 no da rúa Policarpo Sanz e 265 no da rúa Arenal, que durante os anos 2023 e 2024 foron utilizados por máis de 700.000 vehículos en rotación, cunha media diaria entre os tres aparcadoiros de aproximadamente 1950 vehículos en rotación; con unha media de 600 abonados e 70 prazas de residentes en cesión de uso permanente

Os aparcamentos forman parte da competencia local recollida no art.25.2 g) tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Neste suposto os 3 aparcamentos foron asumidos como servizo público polo Concello de Vigo ("publicatio") e acordouse prestalos en réxime de xestión indirecta mediante concesión.

O Concello non dispón dos medios necesarios e idóneos para abordar a xestión directa do servizo público dos 3 aparcamentos, esencial e necesario para a cidade.

Dos 18 aparcamentos dos que é titular o Concello de Vigo, ningún deles presta os seus servizos en xestión directa, debido a falta dos medios persoais e técnicos necesarios especializados para realizar a explotación adecuada dos mesmos .

En consecuencia, considérase que a maneira de garantir a prestación do servizo público dos 3 aparcamentos continúa sendo a xestión indirecta.

2.- Así mesmo debe terse en conta o disposto no artigo 42 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público (en idénticos termos o anterior art. 65 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Ley de Contratos do Sector Público, vixente cando se adxudicou o contrato anulado):

1. La declaración de nulidad de los actos preparatorios del contrato o de la adjudicación, cuando sea firme, llevará en todo caso consigo la del mismo contrato, que entrará en fase de liquidación, debiendo restituirse las partes recíprocamente las cosas que hubiesen recibido en virtud del mismo y si esto no fuese posible se devolverá su valor. La parte que resulte culpable deberá indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios que haya sufrido.

2. La nulidad de los actos que no sean preparatorios solo afectará a estos y sus consecuencias.

3. Si la declaración administrativa de nulidad de un contrato produjese un grave trastorno al servicio público, podrá disponerse en el mismo acuerdo la continuación de los efectos de aquel y bajo sus mismas cláusulas, hasta que se adopten las medidas urgentes para evitar el perjuicio. "

Neste caso o contrato anulado era de concesión de servizo con obra e o custe de construción dos citados aparcadoiros supuxo unha inversión de aproximadamente 37.300.000 € e o prazo da concesión esta fixado en 50 anos contados a partir da acta de comprobación que se produzo no ano 2009 no primeiro dos aparcadoiros e no ano 2011 nos outros dos.

Tendo en conta as indicadas características da concesión, as actuacións dirixidas a liquidación do contrato implicaran a contratación dun estudo pormenorizado do estado actual da concesión xa que o servizo de transportes non dispón dos medios necesarios nin adecuados para a elaboración do mesmo. Dito estudo debería incluír o estado económico financeiro da concesión, estado das amortizacións, nº, situación e custe do persoal, empresas auxiliares subcontratadas, estado das instalacións, e en resumen tódolos elementos afectos a concesión, que permitan ao Concello coñecer o estado real da concesión.

Actuacións necesarias así mesmo, ademais de para a liquidación do contrato, para a tramitación dun novo procedemento de contratación para a adxudicar o contrato para continuar coa explotación dos aparcamentos

Dende a perspectiva do servizo, e dada a relevancia do mesmo non procede adoptar una medida que poida afectar a estabilidade e prestación dun servizo publico necesario de aparcamento, como e a concesión obxecto de litixio e que afecta a tres aparcadoiros subterráneos situados en puntos estratéxicos da cidade, polo que debe evitarse calquera medida que afecte ao funcionamento actual dos aparcadoiros, considerando as actuacións que sería necesario realizar, e como xa se indicou o Concello non dispón dos medios necesarios para abordar a xestión directa do servizo público esencial e necesario para a cidade.

Os servizos prestados polos aparcamentos obxecto da sentenza, situados en rúas centrais da cidade, en zoas de alta densidade de poboación e con unha importante actividade comercial, consideranse imprescindibles para a xestión da mobilidade da cidade e para facilitar aos cidadáns o servizo publico de aparcamento.

Manter o funcionamento dos citados aparcadoiros é imprescindible a fin de manter un servizo publico necesario para dar servizo aos cidadáns e evitar as conxestión de tráfico nas zoas onde están ubicados, por tratarse de zonas con alta densidade de poboación e tráfico, que carecen practicamente de prazas de aparcamento en superficie. Tamén se considera fundamental para garantir a accesibilidade, planificación urbana, mobilidade e seguridade, por formar parte a construción e posta en funcionamento dos citados aparcamentos dunha das medidas adoptadas no seu día dirixidas a “calmar o tráfico”. Calquera outra medida pode provocar un prexuízo moi grave e unha situación prexudicial para o interese público. Polo que se considera que debe continuar prestándose o servizo nas mesmas condicións que as establecidas no contrato anulado.

Polo exposto, en execución da sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 20 de marzo de 2023, sometese a aprobación da Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1. Comunicar ao Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Vigo que a forma efectiva de prestar o servizo público dos 3 aparcamentos é a xestión indirecta.
2. Comunicar ao Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Vigo que é preciso realizar as actuacións necesarias para proceder a liquidación do contrato anulado e para a tramitación do procedemento de contratación para a adxudicación do novo contrato para a prestación do servizo publico dos 3 aparcamentos.
3. Comunicar ao Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Vigo a necesidade de continuar a prestación do servizo público dos 3 aparcamentos pola mercantil adxudicataria, conforme ás súas propias estipulacións establecidas na adxudicación anulada, entre tanto non se formalice o novo contrato para a xestión do servizo.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

23(36).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE APOIO TÉCNICO Á OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO E FORMACIÓN ÁS PERSOAS VOLUNTARIAS E ENTIDADES DE VOLUNTARIADO. EXPTE. 1833/322.

Visto o informe xurídico do 27/12/2024 e o informe de fiscalización do 09/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/12/2024, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 12 de xaneiro de 2023, acordou adxudicar a ATELIER SOCIAL, S.L. (B-32.437.360) o Lote I “*Apoio técnico*” do procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1280-322) e o Lote II “*Formación a persoas voluntarias e entidades*” do procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1280-322).

II. Con data 08/02/2023, a Concelleira delegada de Contratación asinou os contratos de ambos lotes coa representante da entidade mercantil ATELIER SOCIAL, S.L., iniciándose a súa execución o día seguinte (09/02/2023), polo que, o seu prazo finalizará o 08/02/2025.

III. Con data 21/11/2024, a quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, autorizou o inicio da tramitación do expediente de 1ª PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A PRESTACIÓN DE APOIO TÉCNICO Á OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO E FORMACIÓN ÁS PERSOAS VOLUNTARIAS E ENTIDADES DE VOLUNTARIADO, a cal, de acordo co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e conforme á previsión contida nos pregos e demais documentación do contrato, tería unha duración de un (1) ano, durante o período comprendido entre o 09/02/2025 – 08/02/2026.

IV. A través da notificación co número de saída 175490-2024-1 se comunicou ao adxudicatario o preaviso da prórroga do contrato.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), dispón que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas

características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Segundo o disposto no dito precepto, a prórroga acordarase polo órgano de contratación sendo obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

A través da notificación de data 15/11/2024 e nº de saída 175490-2024-1, recibida o 21/11/2024, se comunicou ao adxudicatario o preaviso da prórroga do contrato coa antelación mínima exixida no citado artigo 29.2 da Lei 9/2017.

II. Segundo o disposto no apartado 7.3 do PCAP este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

III. No apartado 4.C das FEC e no apartado 4 da memoria xustificativa se prevén dúas (2) prórrogas de un (1) ano de duración e a cláusula catro do contrato dispón que o prazo de duración do contrato é de 2 anos, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo pola Concelleira delegada de Contratación, prevéndose 2 prórrogas de un ano de duración.

IV. Na actualidade os servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (expte. 1280-322), se desenvolven conforme o disposto no prego de condicións técnicas.

V. Durante o período de duración da prórroga, atendendo ao disposto no artigo 29.2 da LCSP, as características do contrato permanecerán inalterables manténdose as melloras ofertadas no contrato consistentes en:

- Lote I “Apoio técnico”:

- Propón 10 xornadas informativas organizadas de xeito presencial, dirixidas ao fomento do voluntariado nos referidos colectivos e/ou ámbitos da Cidade, especialmente en centros educativos e sanitarios, entidades deportivas, culturais, asistenciais, veciñais, centros cívicos.
- Propón un incremento de horas de apoio técnico de 180 horas (a maiores do mínimo de 1.800 horas fixado na cláusula 2 do PPTP).

- Lote II “Formación a persoas voluntarias e entidades”:

- Propón un incremento de horas de formación presencial de 40 horas (a maiores do mínimo de 65 horas fixado na cláusula 5 do PPTP).
- Propón un incremento das horas de formación “online” de 10 horas (a maiores do mínimo de 15 horas fixado na cláusula 5 do PPTP).
- Propón 2 campañas de fomento da formación do voluntariado dirixidas á poboación en xeral por medios offline ou a mozos e mozas por redes sociais
- Propón 2 campañas de fomento da formación do voluntariado dirixidas a entidades de voluntariado por medios offline ou entidades de voluntariado por redes sociais.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

VI. Debido á necesidade de garantir a prestación do servizo faise necesario tramitar a prórroga do contrato maior de servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (expte. 1280-322)

VII. A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- *“En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”

VIII. O órgano competente para acordar a prórroga dos contratos é a Xunta de Goberno Local.

No uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, resolución de atribucións de competencias de 20 de xuño de 2023, e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024) e conforme ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na cláusula 7ª do PCAP, nos apartados 4.A e 4.C das FEC do contrato e no apartado 4 da memoria xustificativa, atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe da xefatura do servizo e previo informe de Intervención, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a aprobación do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Autoriza-la prórroga de UN ANO, para o período comprendido entre o 09/02/2025 ó 08/02/2026, do contrato para a prestación dos servizos apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (expte. núm. 1280-322), do que é actual adxudicataria ATELIER SOCIAL, S.L. (B32437360) por acordo da Xunta de Goberno Local de 12/01/2023.

A prórroga do contrato, para o Lote I *“Apoio técnico”*, terá un importe de 37.083,26 euros, dos que 33.110,05 € corresponden ao orzamento do 2025 e 3.973,21 € corresponden ao orzamento do ano 2026, e se imputará á aplicación orzamentaria 9251 2279900 ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS, manténdose, no período de prórroga, as condicións ofertadas no contrato consistentes en:

- Propón 10 xornadas informativas organizadas de xeito presencial, dirixidas ao fomento do voluntariado nos referidos colectivos e/ou ámbitos da Cidade, especialmente en centros educativos e sanitarios, entidades deportivas, culturais, asistenciais, veciñais, centros cívicos.
- Propón un incremento de horas de apoio técnico de 180 horas (a maiores do mínimo de 1.800 horas fixado na cláusula 2 do PPTP).

A prórroga do contrato, para o Lote II “*Formación voluntarios e entidades*”, terá un importe de 13.220,46 euros, dos que, 11.803,98 € corresponden ao orzamento do 2025 e 1.416,48 € corresponden ao orzamento do ano 2026, e se imputará á aplicación orzamentaria 9251 2279902 FORMACIÓN VOLUNTARIADO, manténdose, no período de prórroga, as condicións ofertadas no contrato consistentes en:

- Propón un incremento de horas de formación presencial de 40 horas (a maiores do mínimo de 65 horas fixado na cláusula 5 do PPTP).
- Propón un incremento das horas de formación “online” de 10 horas (a maiores do mínimo de 15 horas fixado na cláusula 5 do PPTP).
- Propón 2 campañas de fomento da formación do voluntariado dirixidas á poboación en xeral por medios offline ou a mozos e mozas por redes sociais
- Propón 2 campañas de fomento da formación do voluntariado dirixidas a entidades de voluntariado por medios offline ou entidades de voluntariado por redes sociais.

SEGUNDO.- Autorizar e comprometer o gasto da prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:

- Lote I “*Apoio técnico*” polo importe de 37.083,26 euros, dos que 33.110,05 € corresponden ao orzamento do 2025 e 3.973,21 € corresponden ao orzamento do ano 2026, que se imputará á aplicación orzamentaria 9251 2279900 ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS.

- Lote II “*Formación voluntarios e entidades*”, polo importe de 13.220,46 euros, dos que, 11.803,98 € corresponden ao orzamento do 2025 e 1.416,48 € corresponden ao orzamento do ano 2026, que se imputarán á aplicación orzamentaria 9251 2279902 FORMACIÓN VOLUNTARIADO.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Prórroga do convenio de colaboración co Consorcio da Zona Franca de Vigo para a conexión mediante fibra óptica entre edificios do consorcio e a colocación de paneis informativos. Expte. 142182/210.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

24(37).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA A CONEXIÓN MEDIANTE FIBRA ÓPTICA ENTRE EDIFICIOS DO CONSORCIO E A COLOCACIÓN DE PANEIS INFORMATIVOS. Expte. 142182/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 16/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 14/01/2025, asinado polo enxeñeiro industrial, o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I

O 18 de decembro de 2020 o Alcalde de Vigo asinou co Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo (en adiante, CZFV) o Convenio entre ambas institucións para a conexión mediante fibra óptica entre edificios do Consorcio e a colocación de paneis informativos de instalacións de tráfico na cidade de Vigo -en adiante, o Convenio- (Expte: 115.576/210)

II

O seu obxecto foi segundo se deduce da Cláusula Primeira do Convenio

“... posibilitar y establecer el marco mediante el cual el Ayuntamiento de Vigo autoriza al Consorcio de la Zona Franca de Vigo a hacer uso de las canalizaciones y acometidas de la fibra óptica de la red semafórica municipal, a lo largo de unos 14 kilómetros aproximadamente, para hacer posible la conexión con fibra óptica monomodo entre diferentes recintos y edificaciones propiedad del segundo, así como a la instalación de 3 postes con paneles informativos de señalización variable en vías públicas, y este último cede al Ayuntamiento de Vigo 12 fibras ópticas monomodo a lo largo de la distancia antes indicada”.

III

En canto á súa vixencia, di a Cláusula Segunda do Convenio proposto que

“La duración del convenio será de cuatro años, con posibilidad de prorrogarlo otros cuatro años más.

Resultará eficaz una vez se haya inscrito en el Registro Electrónico estatal de órganos e Instrumentos de Cooperación del sector público estatal y se haya publicado en el Boletín Oficial del Estado, asumiendo el Consorcio de la Zona Franca de Vigo el cumplimiento de estos extremos”.

IV

Publicado no BOE de 21 de xaneiro de 2021, a punto de vencer o período da súa vixencia (21/01/2025,) están íntegramente executados, oportunamente e de plena conformidade as obrigacións a cargo do CZFV (Cláusula Cuarta) e as do Concello de Vigo (Cláusula Quinta).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I

Nos antecedentes do Acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de outubro de 2020 relativo ao proxecto de Convenio deixouse dito que

“O contido prestacional derivado do texto do Convenio proposto resulta esencialmente equilibrado, e potenciador dos fins propios do instituto convencional.

Para o Consorcio da Zona Franca implica unha millora de eficiencia e eficacia no funcionamento ordinario das súas infraestruturas e instalacións físicas na cidade.

Para o Concello de Vigo supón incrementar exponencialmente a capacidade de conectividade de todas as infraestruturas actuais e futuras vinculadas á nova xestión da mobilidade intelixente e sostible, en fase de concepto (prueba piloto) ou de produción, e por tanto disposta aquela tanto para desarrolladores da industria como para uso e disfrute dos correspondentes servizos resultantes para o conxunto da cidadanía.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

Perspectivas meramente singulares que, con tal de reparar na parcial converxencia dos fins institucionais propios das partes, non agotan necesariamente todos os efectos favorables derivados da sinatura do Convenio proposto.”

II

A execución do Convenio confirmouno enteiramente: O cable de 12 fibras ópticas monomodo cedidos ao Concello empregouse en 9 instalacións de millora da rede semafórica nas rúas Gregorio Espino, Avenida de Samil, Ramón Nieto (2), Torrecedeira (2), Avda. de la Hispanidad (2) e Areal.

III

A integración no sistema de información de gestión pública (GIP) do Concello da información proporcionada nos tres paneis instalados nas rúas Cánovas del Castillo, República Argentina e Areal da ocupación actual dos aparcamentos da titularidade do CZFV existentes nas rúas Cánovas del Castillo e Areal, ten aportado valor engadido neto á xestión do tráfico da competencia do Concello.

IV

A continuidade do Convenio mediante a aplicación da Cláusula Segunda implica recoñecer a plena vixencia das razóns que no seu día motivaron a súa celebración, eventualmente potenciadas pola vía da Cláusula Oitava relativa á modificación do contido prestacional do propio Convenio.

V

A prórroga proposta do Convenio implica economicamente para o Concello unicamente continuar no actual mantemento da rede de fibra óptica, por un importe correctamente estimado para os catro anos de 16.150,80 euros (0,00086 ml/día; 12.863 ml, alta en inventario de mantemento de 01/01/2023), segundo cadro de prezos do vixente contrato de servizos de ampliación, substitución, mantemento, conservación, reparación, subministración, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria do Concello de Vigo, (Expte.: 105.916-210).

VI

En compendio: a prórroga proposta repútase valiosa para o interese xeral, sen tacha.

VII

O concello de Vigo ostenta plena capacidade xurídica para obrigarse segundo o obxecto do Convenio, en canto vinculado este ao exercicio de competencias propias (arts. 5 e 25.2 letra g da Lei de bases do réxime local; art. 7 da Ley de Tráfico aprobada polo RDL 6/2015).

Asimesmo, se reconece e respecta a capacidade xurídica do Consorcio da Zona Franca de Vigo, coa proposta dun Convenio autorizada polo Ministerio de Facenda do que aquel depende.

VIII

O Convenio continúa rexéndose polo Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, cuxos preceptos resultan rigorosamente respectados.

IX

No expediente consta a inexistencia de débedas esixibles entre as partes.

X

A competencia para aprobar a celebración do Convenio corresponde á Xunta de Goberno Local.

XI

A proposta non está suxeita á fiscalización previa da Intervención Xeral, conforme ao informe do Interventor Xeral de 01/10/2020 que consta no expediente.

PROPOSTA

Por cantas consideracións de feito e de dereito se teñen dito,

En uso das funcións que legalmente me corresponden,

Previos os informes da Asesoría Xurídica ,

Veño en propoñer á Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal

Elevar á Xunta do Goberno Local proposta de acordo de aprobación e sinatura da prórroga do Convenio coa Zona Franca de Vigo para a despregadura dunha nova infraestrutura de fibra óptica, asinado o 18 de decembro de 2020 polo Alcalde de Vigo e o Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1826 /1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(38).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez